

LUSOFONÍA, INTERACTIVIDADE E INTERCULTURALIDADE

# LUSOFONÍA,

INTERACTIVIDADE E INTERCULTURALIDADE



**LUSOFONÍA, INTERACTIVIDADE E  
INTERCULTURALIDADE**

Grupo de Estudos Audiovisuais (GI\_1786)

Entidade financiadora: Consellería de Innovación e Industria da Xunta de Galicia a través do programa Innovación, Ciencia e Tecnoloxía (IN.CI.TE.).

Directora do proxecto: Dra. Margarita Ledo.

Enquipa de investigación integrada polo dr. Francisco Campos, dr. Enrique Castelló, dra. Marta Pérez, dra. Ana Isabel Rodríguez, dr. Xosé Pereira (colaborador), lic. Xan Gómez, lic. Amanda Paz, lic. Silvia Roca e lic. María Salgueiro.

INTRODUCCIÓN .....	7
O(S) SENTIDO(S) DA RELACIÓN GALIZA-PAÍSES LUSÓFONOS .....	9
1.- A MEMORIA DO CONCEPTO LUSOFONÍA .....	21
1.1.- LUSOFONÍA NA REDE .....	23
1.1.1.- ORIXES E EVOLUCIÓNS DO CONCEPTO .....	24
1.2.- APROXIMACIÓN AOS INDICADORES MEDIÁTICOS DA LUSOFONÍA .....	25
1.3.- ESTRUCTURA MEDIÁTICA DA LUSOFONÍA .....	29
1.3.1.- POBOACIÓN .....	29
1.3.2.- EVOLUCIÓN DA CINEMATOGRAFÍA EN PORTUGAL .....	30
1.3.3.- EVOLUCION DA PRODUCCIÓN E EXHIBICIÓN CINEMATOGRAFICA EN ESPAÑA .....	30
1.3.4.- A PENETRACIÓN DA TELEFONÍA NOS PAÍSES LUSÓFONOS .....	31
1.3.5.- USO E PENETRACIÓN DE INTERNET NA LUSOFONÍA .....	32
1.3.6.- A BANDA ANCHA COMO REFERENTE DA FENDA DIXITAL.....	33
1.3.7.- REDES SOCIAIS, COMUNIDADES, BLOGS E CLASIFICACIÓN DE ALEXA.....	34
2.- METODOLOXÍA DO PROXECTO .....	39
2.1.- ANTECEDENTES E ESTADO ACTUAL DA CUESTIÓN. DESEÑO DO MARCO TEÓRICO .....	39
2.2.- DEFINICIÓN DA POBOACIÓN DE ANÁLISE .....	39
2.3.- ACOTACIÓN DA MOSTRA DE ANÁLISE DE CONTIDO .....	40
2.4.- DEFINICIÓN DA UNIDADE DE ANÁLISE DE CONTIDO .....	40
2.5.- SISTEMÁTICA PARA A OBTENCIÓN DE DATOS .....	40
2.6.- PRIMEIRA FASE DA ANÁLISE: EXTRACCIÓN DAS CATEGORÍAS DE CONTIDO A CONTRASTAR.....	41
2.7.- CAPACITACIÓN DE CODIFICADORES E REALIZACIÓN DA PROBA PILOTO .....	42
2.8.- SEGUNDA FASE DO ANÁLISE: APLICACIÓN EXHAUSTIVA DA SISTEMÁTICA DE ANÁLISE Á MOSTRA.....	42
2.9.- ANÁLISE E INTERPRETACIÓN DOS DATOS OBTIDOS .....	42
3.- ENCONTRO COS COODINADORES.....	45
3.1.- DEBATE ARREDOR DO CONCEPTO 'LUSOFONÍA' .....	46
3.2.- AVALIACIÓN DO PRETEST .....	47
3.3.- TRATAMENTO DOS OBXECTIVOS BASE DA INVESTIGACIÓN .....	49
3.4.- DIFUSIÓN DOS RESULTADOS DO PROXECTO .....	50
3.5.- INSTRUCIÓNS DE FUNCIONAMENTO DA FERRAMENTA ONLINE ....	52
3.6.- VISITA CENTRO DE ESTUDOS BRASILEIROS.....	53
3.7.- ENCONTRO INFORMATIVO COAS EMPRESAS VENCELLADAS AO PROXECTO .....	54
3.8.- ELABORACIÓN DO CRONOGRAMA DA INVESTIGACIÓN.....	55
4.- INSTRUCIÓNS PARA OS COORDINADORES DOS GRUPOS DE RECEPCIÓN .....	57
4.1.- CRONOGRAMA .....	58
4.2.- ATRIBUCIÓN DE COMPETENCIAS AOS COORDINADORES SEGUNDO CRONOGRAMA .....	59
5.- SISTEMÁTICA PARA A OBTENCIÓN DE DATOS. O CUESTIONARIO.....	63
6.- INFORME DE ACOTACIÓN DA MOSTRA DE ANÁLISE .....	67

6.1.- AVALIACIÓN DO CUESTIONARIO E DO MÉTODO DE INVESTIGACIÓN .....	68
6.2.- AVALIACIÓN DA FERRAMENTE WEB .....	69
6.3.- INICIO FASE ANALÍTICA .....	70
6.4.- MOSTRA DEFINITIVA .....	73
7.- A FERRAMENTA DA PESQUISA NO ESPAZO LUSÓFONO.....	81
7.1.- PRIMEIRO NIVEL: PRESENTACIÓN, ACCESO E SERVIZOS .....	81
7.2.- SEGUNDO NIVEL: IDENTIFICACIÓN DOS HÁBITOS DE CONSUMO DOS RECEPTORES .....	84
7.3.- TERCEIRO NIVEL: ANÁLISE DAS MOSTRAS .....	85
8.- ORGANIZACIÓN DAS RUTINAS DE PESQUISA: CRONOGRAMA E DISTRIBUCIÓN DE TAREFAS .....	87
8.1.- O UNIVERSO DE RECEPCIÓN .....	87
8.1.1.- CONFIGURACIÓN DOS GRUPOS DE RECEPCIÓN .....	87
8.1.2.- GRUPO DE COORDINACIÓN .....	90
8.2.- CRONOGRAMA DA INVESTIGACIÓN .....	92
8.2.1.- FASE 1. Preparación da investigación: Duración: 23 semanas. ....	92
8.2.2.- FASE 2. Investigación.....	93
9.- INFORME DOS CHATS.....	97
9.1.- SOBRE O CONCEPTO DE LUSOFONÍA, GALIZA E O GALEGO .....	98
9.1.1.- PONTIFICIA UNIVERSIDADE CATÓLICA DE RIO GRANDE DO SUL (PUCRS).....	98
9.1.2.- UNIVERIDADE FEDERAL DE BAHIA (UFBA) .....	100
9.1.3.- UNIVERSIDADE DE BEIRA INTERIOR (UBI).....	101
9.2.- EXPERIENCIA DA PESQUISA .....	102
9.2.1.- PUCRS .....	103
9.2.2.- UFBA .....	104
9.2.3.- UBI.....	104
9.3.- PLATAFORMA E CUESTIONARIO.....	106
9.3.1.- PUCRS .....	106
9.3.2.- UFBA .....	107
9.3.3.- UBI.....	107
9.4.- EXPERIENCIA AUDIOVISUAL E CINEMATOGRÁFICA .....	108
9.4.1.- PUCRS .....	108
9.4.2.- UFBA .....	108
9.4.3.- UBI.....	109
10.- ANÁLISE E INTERPRETACIÓN DOS DATOS OBTIDOS. PERFIL DE USUARIO E HÁBITOS DE CONSUMO .....	111
10.1.- OS PERFÍS DA POBOACIÓN DE ANÁLISE .....	111
10.1.1.- CONFIGURACIÓN DA IDENTIDADE.....	113
10.1.2.- GRADACIÓN DA IMPORTANCIA DOS PROBLEMAS SOCIAIS... ..	115
10.1.3.- GRADACIÓN DA IMPORTANCIA DOS VALORES SOCIAIS .....	116
10.1.4.- GRADACIÓN DA INVIDENCIA DOS VALORES NA IDEA DE FELICIDADE.....	118
10.2.- PERFÍS DE CONSUMO DA POBOACIÓN ENQUISADA .....	120
10.2.1.- GRADACIÓN DA PREFERENCIA DE SOPORTES .....	120
10.2.2.- ESTRATIFICACIÓN DO CONSUMO CINEMATOGRÁFICO DA POBOACIÓN ENQUISADA .....	121
10.2.3.- ESTRATIFICACIÓN DO CONSUMO TELEVISIVO DA POBOACIÓN ENQUISADA .....	124

10.2.4.- ESTRATIFICACIÓN DO CONSUMO RADIOFÓNICO DA POBOACIÓN ENQUISADA .....	125
10.2.5.- ESTRATIFICACIÓN DO CONSUMO AUDIOVISUAL EN REDE DA POBOACIÓN ENQUISADA .....	126
10.2.6.- ESTRATIFICACIÓN DAS LECTURAS DA POBOACIÓN ENQUISADA .....	127
10.3.- PERCEPCIÓN DA CULTURA AUDIOVISUAL ACTUAL E DOS SEUS ACTORES .....	129
11.- ANÁLISE E INTERPRETACIÓN DOS DATOS OBTIDOS. MOSTRAS. ....	135
11.1.- COMPRESIÓN LINGÜÍSTICA .....	135
11.1.1.- COMPRESIÓN LINGÜÍSTICA POR MOSTRA .....	136
11.2.- COMPRESIÓN XERAL .....	137
11.3.- FAMILIARIDADE CULTURAL .....	137
11.3.1.- FAMILIARIDADE CULTURAL POR MOSTRA .....	138
11.4.- VALORACIÓN DA MOSTRA .....	139
11.4.1.- VALORACIÓN DA MOSTRA POR ELEMENTOS DA POSTA EN ESCENA .....	139
11.4.2.- VALORACIÓN ESPECÍFICA DE CADA MOSTRA .....	140
12.- RESULTADOS DO PROXECTO .....	141
12.1.- CONCLUSIÓNS .....	141
12.2.- PRODUCCIÓN CIENTÍFICA XERADA .....	144
12.2.1.- ARTIGOS CIENTÍFICOS EN REVISTAS INTERNACIONAIS .....	144
12.2.2.- ARTIGOS CIENTÍFICOS EN REVISTAS NACIONAIS .....	144
12.2.3.- ARTIGOS EN REVISTAS DE DIVULGACIÓN .....	145
12.2.4.- LIBROS, CAPÍTULOS DE LIBROS E MONOGRAFÍAS .....	145
13.- ANEXOS .....	147
14.- BIBLIOGRAFÍA DA INVESTIGACIÓN .....	149



## INTRODUCCIÓN

Algunhas persoas, cando ven unha palabra, pensan que o primeiro que hai que facer é definila. Elabóranse dicionarios e, cunha autoridade non menos firme a pesar de ser limitada no espazo e no tempo, engádesse o que se coñece coma o significado apropiado. Pero mestres é posible facer isto, dun xeito máis ou menos satisfactorio., con algúns nomes simples de cousas e impresións, isto non é só imposible senón tamén irrelevante no caso de ideas máis complicadas. O que importa nestas últimas non é o significado apropiado, senón a historia e a complexidade de significados: os cambios conscientes ou os usos conscientemente diferentes

Raymond Williams, “Ideas de natureza” in *A Trabe de Ouro*, núm.80, TomoIV, Ano XX, outubro.novembro.décembro 2009

Os cambios conscientes ou os usos conscientemente diferentes do termo lusofonía: éis o que nos leva preocupado á hora de comezar *Lusofonía, interactividade e interculturalidade*<sup>1</sup> unha pesquisa en tempo presente e con obxectivos ben concretos, que non debía contornar as definicións de referencia, mesmo de demostrarse irrelevantes e esencialistas, nin ficar adherida da simple razón instrumental que utiliza a palabra como hipotético reclamo de mercado.

Botar man das apreciacións dun mestre a redor dun termo tan construído como Natureza para observar nel, nas variacións da súa definición, unha calidade que se transforma nunha descrición do mundo serviunos, ao mesmo tempo, para ir cara annovas entradas que non teñan necesariamente a súa orixe nos ecos dunha frustración: a de non podermos abranguer o todo na súa realidade [a lusononía] e deixarnos abanar sen fin na análise particular das partes que o compoñen.

Na procura dunha definición funcional, e despois do estudo comparado de textos que teñen a súa orixe en distintas áreas de coñecemento, nomeadamente as lingüísticas, optamos por avanzar nun termo-proxecto, Lusofonía, onde converxen a práctica do intercambio entre realidades diferentes, tanto na pesquisa básica como na aplicada, coa reflexión e o desenvolvemento de certas modalidades de pensamento no seo da comunicación contemporánea, modalidades de pensamento que se recoñezan en torno de algúns elementos tanxíbeis, o elo lingüístico, pero sobre todo que sirvan para construírmos un espazo a prol das raizames como unha variante máis dentro dun escenario que non ten a súa causa no pasado histórico senón no devalo da mundialización e no lugar que se veña ocupar.

---

<sup>1</sup> Equipa de investigación integrada pola dra. Margarita Ledo (investigadora principal), dr. Francisco Campos, dr.Enrique Castelló, dra. Marta Pérez, dra. Ana Isabel Rodríguez, dr. Xosé Pereira (colaborador), lic. Xan Gómez, lic. Amanda Paz, lic. Sílvia Roca e lic. María Salgueiro.

Falamos dun concepto emerxente a propósito dun novo escenario, a area xeo-lingüística lusófona, definida por varios países e comunidades en todo o mundo –de Galiza ate Timor-Leste- que aínda partillan o mesmo sistema lingüístico. Un escenario no que a comunicación non é un resultado senón un axente a prol do desenvolvemento dun ámbito de interacción cultural, científica e comercial ou, segundo o profesor Eduardo Lourenço, dun “imaxinario de pluralidade e diferenza”. A nosa achega, dende e para alén da lusofonía, reside, tamén, na coñecida análise de Anderson *Imagined Communities* como resultado da partilla de mensaxes e rituais. Neste senso, un dos primeiros alicerces para o desenvolvemento de signos identitarios constituíntes deste lugar, mesmo de valor teóricos, será o intercambio de bens culturais e de coñecemento.

Canto ás fontes terminolóxicas e conceptuais do que presentamos como espazo-proxecto para aproximalo ao debate que nos convoca, sobrancean achegas na estela dun Stuart Hall e da súa preocupación encol das identidades en formación pero, sobre todo e dende o Manuel Castells, as que vén elaborando de quince anos par acó o investigador catalán Rodrigo Alsina arredor da cuestión identitaria para alén da importantísima e produtiva crítica que no 1999 realiza o profesor Joan Manuel Tresserras da obra de Castell. E trátase da reformulación que dende o interior dos *Cultural Studies*, como escola seminal, se desenvolve a propósito das identidades en formación (e como resposta ás estratexias de exclusión) e do papel que as migracións e as diásporas contemporáneas xogan na construción de novos paradigmas recollidas nas propostas dun Kevin Robins ou, por acollérmonos á derradeira xeración, dun comunicólogo como Tristan Mattelart.

## O(S) SENTIDO(S) DA RELACIÓN GALIZA-PAÍSES LUSÓFONOS<sup>2</sup>

Boto man de Nicolaus Notabene e advírtolles que enfoco esta intervención coma un prólogo, e o prólogo coma un ‘estado de ánimo’, no dicir do autor de *O concepto da Angustia*, outra volta de moda entre nós.

Cal é, arestora, o poder discursivo dun termo como *lusofonía* para que realidades tan diferentes que abranguen dende unha nación sen estado, Galiza, a unha nación de estados, Brasil, lle outorguen sentido? Galiza e os países lusófonos, que en diante abreviamos como *lusofonía*, constitúen ou non un lugar de encontro que en si mesmo determina a calidade do debate, do intercambio, do desenvolvemento das ciencias da comunicación? Ollamos ou non para nós propios como un espazo xeo-lingüístico que podería devir, tanto a nivel económico coma cultural, un activo que se xustifique neste ollar conxunto?

Son interrogantes que sen dúbida terman dun desexo, de moitas incertezas e dunha cousa certa verbo dese escenario plural e asimétrico cuxo fío funambular común é a partilla de linguas que constitúen un mesmo sistema lingüístico, facto que debiera ser, por si mesmo, unha peza de inestimábel valor de uso -e de cambio- para a circulación de obxectos e suxeitos de comunicación. A lingua como o noso case que único material, como a nosa certeza, é tamén aquilo que nos representa e que nos expresa.

Chegado a este punto lembro sempre unha escena do filme *Viagem ao princípio do mundo* no que Manuel de Oliveira percorre, reencarnado en Mastroiani, na compañía de outras personaxes os lugares de seu, lugares nos que se inclúe o colexio dos xesuítas da cidade de Tui. Por entre a súas *troupe* anda un actor, Afonso, fillo de emigrantes portugueses que ao longo de todo o filme tenta ser aceptado pola súa xénea orixinaria. E a irmán do seu pai, a tía María, erixida en icona familiar, en símbolo e en signo da verdade do real, mantén sempre nunha frase única a tensión: se é do noso sangue, porqué ele non fala a nosa fala?

Tamén o segundo número do *Anuário Internacional de Comunicação Lusófona* confrontounos co valor da fala, co sentido da fala, máis aló da súa función instrumental, a través dos traballos cruzados de investigadores e investigadoras, de aquí e alén da fronteira que delimita

---

<sup>2</sup> Conferencia inaugural a cargo da doutora Margarita Ledo Andiñón, no VIII Congreso Internacional de Comunicación Lusófona, Universidade Lusófona de Lisboa, Lisboa, 14.04.2009.

Galiza e Portugal. Pires de Brito e Moisés Martíns se preocuparon polas relacións entre lingua e identidade mentres que o filólogo Henrique Monteagudo<sup>4</sup>, achegounos o significado político da regra, da norma aprobada en 2003 para o galego, con solucións máis perto do portugués escrito ca do español despois de que a UNESCO a situara entre as linguas en perigo.

Xa agora, para entrar nos aspectos que quero presentarlles, cecais conveña parármonos a esculcar na diferenza entre a *lusofonía* discurso institucional e o discurso da comunicación e da cultura. Como reclamo e como mercado, as posicións institucionais a prol da *lusofonía* – que poderíamos ampliar, con algunhas variacións, ás que adoito se manifestan en torno á Euro-rexión Galiza-Norte de Portugal e deduzo que a outras relacións bilaterais- deixan saír á tona os desequilibrios e a incidencia desigual dunha idea que segundo Ivo Castro viviu unha alta vida en Portugal nas últimas décadas en dous ámbitos ben específicos: o das artes performativas, na procura de públicos, e no discurso económico industrial, á caza de consumidores.

O problema comezaría a partires de que este ideoloxema difuso, tanto na súa fasquía propagandística como de perspectiva de negocio, inscríbese nunha lóxica unidireccional, que irradia de Portugal cara os países onde se fala o portugués, orientada de antigo pola ‘pulsao unificadora’ da gramática como chave para un pensamento común.

Para entender o sucedido do termo *lusofonía* en Portugal resulta revelador, na análise que realiza este catedrático da Universidade de Lisboa e membro correspondente da Real Academia Galega, a súa consideración como ‘palavra-passe’ cara os mercados de xeito que o seu uso en Europa referirase a estatísticas “emprestadas maioritariamente polo Brasil” e, no plano mundial, o significado abeira no reconforto dunha comunidade de estados que se emparella con outras asociacións tipo francofonía ou Commonwealth. Endebén, a partires desta constatación agroma un panorama complexo onde chama a atención a impresión de que os sentimentos e as manifestacións pro-lusófonas son menos entusiásticas no Brasil, a non ser en ambientes luso-portugueses. E a pé feito de África, dinos o profesor Ivo Castro, “máis do que laços lusófonos, o que importa ás antigas colonias é um país europeu que acolhe a sua emigração e que se sente con deveres para con elas”.

Tocante ao caso galego, que chega ate visións como as de Rocha Trindade en que define a lusofonía nun senso alargado que luiría “unha ancestralidade, conhecida ou simplemente provável, que con Portugal esteja relacionada”, o noso autor de cabeceira pregúntase se a *lusofonía* terá ou non “algun tipo de interese para a Galiza, além do evocativo e do

simbólico” ao entender, o profesor Castro, que a común orixe histórica, a fronteira común, o mesmo habitat e cultura, farían talvez máis acaída para a Euro-rexión unha estrutura bilateral.

Porén dende Galiza, agás na contorna dos negocios en curto, a meirande parte dos indicios que nos falan da vontade de asociacións académicas, culturais, cidadáns, artísticas, ou de comunidades, achégannos aos camiños do mundo lusófono. Dende manifestacións musicais como *Cantos na Maré* ou ate a serie documental *Terras de Acolá*, 2007, escrita e dirixida por Luís Menéndez, que segue a outras series deste mesmo autor como *Terras de Merlín* e *Terras de Leste*. *Terras de Acolá*, con 13 capítulos de 26 minutos, que se configuraron dende travesías por Portugal, Brasil, países africanos, Timor Leste ou pola raia Galiza-Portugal .é, asemade, a primeira produción da Televisión de Galicia/Faro Producións vendida á Radio Televisión Portuguesa. Interesante, tamén, dar noticia da iniciativa de 2006, Fundación “Vía Galego”, parella á Mesa pola Normalización Lingüística [do galego], co seu ollar posto na circulación e no intercambio cultural nos territorios que pertencen ao sistema lingüístico do galego-portugués.

Pero si existe algo que sobrancea neste contexto é o programa educativo *Ponte... nas ondas* que levou ate UNESCO a proposta de que o patrimonio inmaterial galego-portugués, asociado a actividades da auga e da terra, a oficios en vencello coas necesidades da vida, da crenza e da festa e á literatura de tradición oral (regueifas e desafíos), tan en vencello coas cantigas de *escarnio* e *maldizer*, fora recoñecido como patrimonio humano.

Segundo argumenta un dos voceiros da iniciativa, Santiago Veloso, “o plan de salvagardar este patrimonio debe realizarse por riba das fronteiras administrativas e coa coordinación de institucións transfronteirizas (...) aproveitando os recursos tecnolóxicos da ‘sociedade da información’ para achegar ao mundo as expresións desta cultura milenaria”. A seguido Veloso remarca que para alén da preservación e transmisións de bens culturais que o actual proceso de desagrarización pon en risco de desaparición, o reforzo das relacións cos países lusófonos que comparten este patrimonio é unha posibilidade que, dende o noso obxecto de debate, consideramos digna de atención e que cara a fin levaremos do particular ao xeneral canda unha outra achega que tamén se insinúa no argumentario deste animador socio-cultural que advirte o seguinte: Ademais (este recoñecemento internacional) sitúa á cultura galego-portuguesa como unha identidade transnacional recomposta, compartida, fronte á tendencia á homoxeneización cultural que vivimos no actual proceso globalizador.

Non é preciso insistir na distancia cada vez máis marcada entre a insistencia institucional en programas para un espazo de negocio, o mundo das cifras, e emprendementos que, coma os devanditos, móvense a prol dunha idea en construción. Se botamos man dun pensador que recentemente nos visitou, de Rafael Argullol, Director del Instituto Universitario de Cultura de la Universitat Pompeu Fabra, UPF, e da conferencia “Imagen, palabra, saber. El educador contra el comunicador” impartida o 18 de xuño de 2009 na sé do Consello da Cultura Galega, observamos que o analista dirixe o seu ollar crítico cara as ciencias sociais como ciencias en situación de desconcerto, ateigadas de expertos que levan unha enquisa permanente na carteira e que chegan predicións cada vez máis afastadas da realidade, mentres fai unha chamada cara a tradición, cara o que escolleron os devanceiros de nós para que nos sirva de guieiro nas nosas opcións e tamén para sermos conscientes de que [eles e elas] soamente existen “como proxección ideal do que nós, dende o noso presente lle concedemos”. É, pois, dende o presente onde a *lusofonía* pasará a existir como idea que entronca cun universo borroso de relacións.

E Argullol lévanos cara o concepto de cosmos –e de cosmopolita-, cara a persoa como polis, cara a notación de orde fronte do caos, e cara Heráclito en que di que a moita erudición non conduce á comprensión. Aproveito para recomendarlles a lectura comentada que Donaldo Schüller fai dos aforismos do grego porque a min me achegou, páxina tras páxina, as “palabras aladas” que flúen entre nos, o mundo da lusofonía e me situou no rolar das augas para poder participar de Heráclito. A unidade de acción e reflexión, entre vida e pensamento, o coñecérmolos a traveso do coñecemento do que nos rodea e de quen nos rodea, do(s) outro(s) é, en resumo, para Rafa Argullol, o trunfo do diálogo sobre o monólogo, do desexo de saber por riba da fría posesión do saber, un trunfo ideal que nós lle apomos a ese lugar-mundo que nomeamos *lusofonía*.

A primeira nota que agora lles quero suxerir ten a ver co Estado nación/nación sen Estado como un novo discurso a contemplar no espazo-mundo. Unha segunda terá que ver coa posición transcultural fronte da intercultural e viceversa. E na fin, como experiencia, a posta en marcha dun proxecto piloto, “Lusofonía, interactividade e interculturalidade”, que devén dun compromiso labrado no VII Congreso Lusocom onde, para alén de atravesar múltiples eidos nos que a comunicación contemporánea opera, achegámonos á necesidade de establecer relacións entre idea e realización da idea, entre formación, investigación e aplicacións, e fixémoslo co albo de avanzar na construción dun lugar que, so o signo da igualdade, o respecto polo outro, e a diversidade, talvez poidamos partillar un proceso en curso que non é se non que a nosa incardinación na *altermundialización*.

É do común escoitar que o Estado-nación moderno non é o escenario onde as cousas están a ter lugar e un autor tan da nosa estima como Kevin Robins, quen participara connosco no congreso internacional “Comunicación na Periferia Atlántica”, 1995, un estudoso moi en vencello, asemade, con programas do Consello de Europa, xa deixou atrás ese paradigma para traballar dende un modelo tras-cultural. O que me interesa remarcar é que no caso español, cun Estado plurinacional aínda en construción, sen o acáido recoñecemento e articulación no nivel institucional –agás cando a razón pragmática e as contas electorais así o reclaman para unha efémera política de alianzas<sup>3</sup>, as nacións sen Estado, nominadas na Constitución como “nacionalidades históricas”, non están en condicións de segregarse dos seus sinais identitarios cultura e política, ou ambas as dúas da economía e, singularmente no caso de Galiza, da sustentabilidade medioambiental. Pense, por exemplo, na reacción popular á así chamada “crise do Prestige” ou mesmo na desmesura da oposición dun sector da oligarquía a unha medida do goberno Bloque-PSOE para regular a enerxía eólica. Porén, talvez estas nacións estean en condicións inmejorables para un xiro de senso e poidan pensarse as propias como espazo-mundo xusto na súa relación con outros espazos-mundo, en acto, rematando por lle colocar unha que outra trancadela ao andamio economicista e de *management* que nos invade e que espalla o seu ideario tanto ao campo académico-científico como ao mediático.

Ao non poder ficar só no valor de cambio para os bens culturais que lle outorgan sentido ao discurso simbólico-político e cidadán, ao discurso colectivo, as nacións sen estado, ao igual que outros espazos comunitarios menos regrados ca nación-estado convencional [penso, entre outras, nas comunidades indíxenas], ben puidera ser un lugar onde a gobernanza puidera ter lugar e onde, sen entrar en contradición coa creatividade, a innovación/experimentación e mesmo a propiedade intelectual non tanto como copyright se non, dende a tradición europea, como dereito a autoría, é dicir, moral, os bens das industrias culturais non se avalien só polo seu impacto económico nin se defina a súa viabilidade en termos de rápido retorno monetario só.

Partillar diferentes sistemas, iso que se activa no campo sen lindes do coñecemento, localizar os fíos invisíbeis da creación artesanal coa dixital, por exemplo; observar modos de organización fluídos e harmónicos con cadanseu hábitat; analizar a necesidade dunha certa ecoloxía na produción e circulación de contidos; saber, en definitiva cal lugar nos concede a palabra e cal nola retira, implica ir ao encontro dos mais, dos outros, para

---

<sup>3</sup> Feito que explicaría que o PSOE goberne en Euskadi co PP meentres en Madrid faíno co apoio de PNV-Bloque-ERC-CIU e que en Galiza formara goberno co BNG.

partillar. Mesmo cando falamos en bens mediados polo dixital, ou sobremaneira cando falamos nestes bens nos que a cooperación creativa, o uso aberto, a adaptación de programas para necesidades específicas de cadanseu contexto, estamos na cerna da palabra relación e da nova idea da nación. E cito a un noso colega o profesor Vitor Freixanes nunha recente intervención no Congreso “Lugares de Cultura: creatividade para o desenvolvemento” que tivo lugar en Santiago de Compostela do 21 ao 24 de xaneiro de 2009, e que se referiu a nación como un espazo de comunicación onde estar á crear contidos, é participar do propio e da cultura do outro.

Porque tamén nós, galegos e galegas, fomos mundo antes de ser nación, tal e como lle escoitei dicir a unha colega da Universidade da Amazonia no Intercom 2000, tamén a nosa diáspora de 400.000 cidadáns en activo, que hoxe mesmo poden decidir o resultado dunhas eleccións, dende mundos diversos ao noso queren ser desta nación, Galiza.

É este *souci de l'autre* en suma, no sentido que lle apón Maurice Blanchot cando fala dos/das intelectuais como esa persoa que é quen de sentir (ou notar) a dor do que lle falta, o que reclamamos como alicerce da *lusofonía*. O intelectual, para poder materializar esa súa angueira, colle e vai para a praza e en que vai para a praza retornarlle ao mundo o que ela e ele propio perdera. Vai para a praza coa intención de salvarse, ela e ele, de todo o irreal cara onde, talvez, a súa obra os levara. É esta necesidade do outro como modo de se liberar dun “eu” irreal, este ir para a praza-para a agora pública, o que lle dá corpo ao proceso polo medio do cal a súa obra pase a formar parte da madeixa infinda coa que tecer todas as relacións que conforman un espazo-mundo, un e plural, que é o que nos axunta hoxe aquí.

Fixándonos outra volta na posición de Kevin Robins, agora encol do xeito de pensar as políticas sociais e culturais, sobrancea o que denomina novo tipo de movementos, fluxos e conexións transnacionais cara Europa, un feito que o conduce a repensar a identidade e a diversidade cultural, a procurar certos sinais no que presenta como espazos vitais innovadores, operativamente transnacionais, espazos que o levan a falar de “diversidade transcultural” tal unha realidade onde ou para a que un discurso único, panorámico ou abranxente non serve. Así, no enfoque de Robins, a situación referida chama por un novo modo de entender a política cultural [unha nova ideación da política cultural, en suma] como un asunto de pertenzas múltiples.

E teño para min que esta pertenza múltipla é a que trae canda si, dende o noso universo, o discurso da lusofonía. Vou poñer un exemplo coa miña propia práctica cando ao me identificar en calidade de autora dun texto publicado no número 5 do *Anuário Internacional*

de *Comunicação Lusófona*, faciao como presidenta da Lusocom, presidenta da Agacom, Vicepresidenta primeira da Asociación Española de Investigación en Comunicación, AEIC, Vicepresidenta da Assibercom... e comecei a miña contribución coa frase: que teñen a ver entre si estes diferentes acrónimos? Como pegada deste incidente, no texto ficou só esta última frase privada do seu referente nas diversas asociacións científicas que a xustifican, pois que a editora, con bo xuízo, debeu pensar que esa teima por me connotar era un acto de distinción que non viña a conto, e anulou a proba da miña múltipla e decidida pertenza.

Retornemos ao Kevin e a aquilo que me atira da reflexión que desenvolve a prol, obviamente das nacións sen estado ou doutros espazos non regrados que non deberían concibirse coma *ghettos*, coma fortalezas defensivas, ou como monumentos inalterábeis, se non como diálogo (mesmo se aínda non ten sido expresado, non ten sido falado), como acordo (mesmo se aínda non pasa pola escrita), como práctica de gobernanza, como punto de partida cara un obxectivo cuxa lóxica, cuxa razón fica á marxe do confronto das perspectivas nacional/transnacional, e se define, en troques, pola participación.

Unha humilde campaña, da que fun unha das asinantes, que saíu xusto perante as derradeiras eleccións na Galiza, “Se resides, decides”, a prol do voto da inmigración, entre o de outros colectivos, é un reflexo de posicións coma a devandita, posicións que poderían por en cuestión, pola contra, o dereito mecánico de voto para as *imagined communities*, ou mesmo a existencia real das mesmas a non ser por necesidades continxentes como sería a volta da diáspora galega en países como, arestora, a Arxentina.

Un aspecto paradoxal no devalo de Robins chéganos no apartado “Defender a diversidade cultural nun contexto transcultural” onde o autor, na base de traballos desenvolvidos no Consello de Europa tal *In Front the Margins* (1997) e, de modo sobranceiro, na *Declaración sobre a Diversidade Cultural* (2001), que se artellan dende a mestizaxe cultural como dinámica para novos produtos, ao deixarse ire cara a razón instrumental ao abeiro do suposto papel central que aquela desempeña na economía creativa, panacea da competitividade e do emprego, dise, sen reparar no seu ascenso como parte do discurso ideolóxico neoliberal. Na era da globalización o Robins decántase por un novo tópic, o da ‘cidadanía cultural’, e fai do mesmo a cerna do proxecto do Consello de Europa *Creating Cultural Capital for Democratic Diversity*. Para este autor o desafío da política cultural europea pasa por considerar a diversidade transcultural como un recurso estrutural que, pola súa banda, debера ser alimentado coa finalidade de pular tanto pola cidadanía cultural como pola economía creativa.

Na práctica, e enunciándoo como un cambio de paradigma, a existencia de condicións para a diversidade transcultural virá depender da existencia ou non dun marco político intervencionista, cooperativo e imaxinativo, insiste Robins, no que o Estado-nación perderá pé a prol de novos marcos onde moitas identidades e comunidades culturais se están, arestora, a construír. Deste xeito unha aproximación máis cosmopolita aos novos dereitos culturais está no horizonte desta Europa que se presenta so o signo ‘transcultural’ e que, para nós, no real estaría máis preto da dinámica ‘intercultural’.

De fixármonos nos exemplos concretos referidos algures neste texto-proemio, axiña nos decatamos que non son máis ca unha doa na angueira que expresa o Rafael Argullol a prol da cultura como modo de existencia, unha angueira que esixe de nós a consciencia de confrontarnos coa vertixe do actual. Son exemplos que engarzan, adrede, con posicións anti-idealistas como as de Notabene<sup>4</sup> (Soren Kierkegard) e que me animaron a escribir un prólogo sen que teña, aínda, unha obra –a da *lusofonia*- entre as mans. Un proemio en si mesmo.

A modo de inventario cito outra volta de maneira máis descritiva algunhas das realizacións consontes con este modelo:

1. Pontenasondas.org: asociación cultural e pedagóxica que participou na VII Lusocom e que mantén relacións continuadas coa Facultade de Ciencias da Comunicación da USC, é a organización responsábel, asemade, da candidatura diante da UNESCO, en 2005 e grazas á mediación do goberno portugués, de novo en 2008, do patrimonio inmaterial galego-portugués. Pontenasondas desenvolve certames de compilación da tradición oral (co apoio da Consellería de Cultura da Xunta de Galicia, da Dirección Xeral de Política Lingüística, Dirección Geral de Cultura do Norte de Portugal, e da Dirección Geral de Educação do Norte de Portugal), para alén de celebrar, xuño de 2009, a “XV Xornada Multimedia Interescolar”<sup>5</sup> e de por a andar o “Sistema dos Tesouros Vivos” que acolle como modelo o rexistro de bens inmateriais que existe en Brasil e singularmente no Estado de Ceará.
2. Cantosnamare.org: no 2008 tivo lugar a 6ª edición deste festival internacional da Lusofonía, so a dirección artística da cantante Uxía Senlle quen actuou, lembren, para nós

---

<sup>4</sup> Notabene, Nicolaus, *Prólogos*, Galaxia, Vigo, 2008

<sup>5</sup> Celebrada o día 5 de xuño de 2009, contou coa participación activa dos alumnos e alumnas de 2º curso da Licenciatura de Comunicación Audiovisual da Facultade de Ciencias da Comunicación da USC, quen realizaron un magazin de televisión en directo, vía Internet, de dúas horas de duración con diferentes personaxes e prácticas representativas do patrimonio inmaterial.

todas, no Congreso de Santiago de Compostela. Cantosnamaré, CNM, conta co soporte do Concello de Pontevedra e reúne músicas de todos os países. A maior abundamento activa CNMRede coa fin de intercambiar, concretar, traballar conxuntamente. Co apoio da Consellería de Cultura e tamén da Consellería de Industria e Innovación do Goberno Bipartito que formaron o PSOE e mais o Bloque Nacionalista Galego entre 2005 e 2009, para alén do soporte do Instituto Camoes, en 2007 CNMRede reuniu máis de 100 axentes culturais internacionais de Galiza, Portugal, Angola, Cabo Verde e tamén da Bélxica ou de UK, para comezar a construír, en liña coas áreas creativas, o que anomeou MAC, Mercado Atlántico da Creación Contemporánea.

3. Tamén no mundo da academia en 2006 artéllase a rede de universidades co nome de Centro de Estudos Euro Rexionais, CEER, dinamizada singularmente pola Universidade da Coruña e a de Tras-Os-Montes/Alto Douro, co obxectivo de articular un espazo para a difusión da información “relacionada coa ciencia, a innovación, o coñecemento e a excelencia”. No seu Consello Científico, para alén de membros das tres universidades públicas galegas, están profesores da de Tras-Os- Montes e Alto Douro, Minho, Porto, Lisboa, Coimbra ou Castilla-La Mancha.

Mais e se a pesares de reiteradas declaracións institucionais e do ensaio dalgúns programas de políticas públicas, a posibilidade dun mapa da lusofonía non remata de se concretar, talvez unha das fasquías determinantes para avanzar na solución desta ruela sen saída estea en sermos capaces de localizar as barreiras, con e para alén da cuestión lingüística, que obstaculizan esta realidade potencial, realidade da que atopamos innúmeros síntomas, nuns casos como doenza pero tamén, noutros, como goce existencial, por retomar dende Zizek esa dobre acepción lacaniana que marca a diferenza entre síntoma/ synthom, neste caso para referir o que che dá lecer).

E foi nesta paisaxe sintomática onde agromou un proxecto que concorreu e gañou unha das axudas do programa de Innovación INCITE da Consellería de Industria da Xunta de Galicia, un proxecto que resposta ao nome de “Lusofonía. Interactividade e interculturalidade”, un proxecto en rede, que parte dun lugar preciso, da Universidade de Santiago de Compostela que o abandeira, e que ten como parceiros a Universidade Católica de Rio Grande do Sul, PUCRS, en Porto Alegre, Brasil, e a Universidade de Beira Interior de Covilha, Portugal, para alén de contar con grupos de colaboradores en Guinea Bissau e Mozambique ou na Universidade de Bahia, destino migratorio de galegos.

O obxectivo que lle dá azos ao proxecto é o de determinar cales son as razóns prácticas que impiden a circulación de produtos audiovisuais, neste caso en lingua galega, no espazo lusófono. Que produtos e para que públicos, son as interrogantes que organizaron a devandita proposta de investigación nos parámetros dun complexo estudo de recepción que vai reclamar, tanto a nivel metodolóxico como tecnolóxico, desenvolver unha mecánica de traballo moi próxima ao obxecto e aos obxectivos que lle dan corpo a este proxecto.

Unha mostra representativa de producións audiovisuais en lingua galega van entrar en relación cunha serie de grupos de recepción en 3 puntos cualitativamente diferentes do espazo lusófono: Guiné Bissau, Brasil e Portugal. Como paso previo desenvolveuse unha ferramenta específica on line que a fins de 2009 estará pronta para a fase central desta pesquisa que, en que localiza e analiza, quere servir para derrubar barreiras.

No VII Congreso Lusocom<sup>6</sup> as relacións científicas entre as diferentes asociacións se estabilizaron e agromaron algúns aspectos de interese para os diferentes países da macro-área; en todos e cada un dos nosos encontros definíronse cometidos, entre os cales facer accesíbeis os produtos da comunicación e da cultura a través do ciberespazo e, a nivel conceptual, foise configurando un novo modo de pensar o sentido da lusofonía como parte de outros espazos e expresouse o desexo de artellar grupos de traballo en rede. Este primeiro proxecto conxunto de pesquisa resposta a ese desexo e os seus obxectivos específicos son os seguintes:

1. Localizar, a partir do estudo da recepción de produtos-modelo, as barreiras de tipo lingüístico, cultural (na súa acepción antropolóxico-simbólica e histórica) e de tipo político, de modo sobranceiro as barreiras que se derivan das políticas actuais de comunicación, que frean a circulación de produtos audiovisuais en lingua galega na área da lusofonía. Organización das mesmas por categorías.
2. Elaboración dunha mostra tipolóxica, que inclúe ficción cinematográfica e televisiva, documentais e máis animación, a partires dos catálogos de produción que as empresas ofertan na web. Análise de contido.
3. Sistematización de certos motivos e modos na dramaturxia, que poidan funcionar como indicadores da “posta en escena” e dos estilos dominantes na creación audiovisual en Galiza.

---

<sup>6</sup> “Comunicación Local: da pesquisa á produción”, Santiago de Compostela los días 21 y 22 de abril de 2006.

4. Análise comparativa da recepción dos diferentes produtos e clasificación temática, formal e tipolóxica dos produtos que circulan mellor .
5. Creación dun sistema de xestión de contidos para avaliar e probar as barreiras da comunicación no espazo da Lusofonía.
6. Resultados e recomendacións para a súa aplicación neste ámbito, configurado por un elo lingüístico que adoito non se incorporou aos debates do intercambio de persoas, ideas e produtos na mundialización.

Como marco xeral, o proxecto trata de aprofundar no coñecemento estrutural da industria audiovisual dende a súa consideración –de acordo coas posicións do Consello de Europa ou da propia UNESCO- como construtora da identidade/diversidad, ao tempo que esta diversidade non se reduce a un simple valor no de mercado. Velai a nosa preocupación por entender o espazo Galiza-Países Lusófonos como unha posibilidade que nos permita intervir activamente na definición do proceso de mundialización dende unha área xeolingüística e pluricultural específica, unha área que nos identifica e que, repetímolo como motivo, podería funcionar como un valor engadido para alén de demostrar a viabilidade da *lusofonía* como escenario real. Xermolo dunha experiencia de futuro no campo intercultural na base de diferentes linguas e variantes fonolóxicas dun mesmo sistema, a *lusofonía* é ese lugar que xera expectativas e que, seguindo as posicións de Armand Mattelart, non debe ficar no empirismo instrumental e, pola contra, ten que coller certa distancia dun concepto tradicional de ‘comunidade imaxinada’ que pode non dar atravesado o determinismo a que nos someten as estratexias do *marketing* e do *management* que, ao dicir do profesor de Paris-Saint Denis:

Fixeron da diversidade cultural unha noción operativa en que a erixiron no principio de segmentación trasnacional dos obxectivos en “comunidades de consumidores”. Anticiparon, deste xeito, o feito de que as novas tecnoloxías de almacenamento de información e de establecemento de perfís permiten producir diversidade de maneira estandarizada

Cando en Compostela aceptamos a candidatura de Luanda, esta Lusocom viría tratar de “Comunicación e Educación”. Pero non foi posíbel que tivera lugar nese lugar. E porque cada ámbito, para nós, non é adxectivo senón substantivo, e porque a diversidade non admite, entre nós, estandarización, ao virmos para Lisboa e para a Universidade Lusófona, o xiro lingüístico levounos cara “Comunicación, Política e Tecnoloxía”. Coas ás aquí e

alén, que a oitava Lusocom que arestora comeza sexa unha viaxe fraterna e segura para ser celebrada nos diferentes portos de chegada.

Celebrada o día 5 de xuño de 2009, contou coa participación activa dos alumnos e alumnas de 2º curso da Licenciatura de Comunicación Audiovisual da Facultade de Ciencias da Comunicación da USC, quen realizaron un magazin de televisión en directo, vía Internet, de dúas horas de duración con diferentes personaxes e prácticas representativas do patrimonio inmaterial.

## 1.- A MEMORIA DO CONCEPTO LUSOFONÍA

“A Lusofonía também pode ser interpretada como um sentimento, como uma alma, como um desejo de viver em conjunto, partilhando um passado em comum”<sup>7</sup>.

A lusofonía reúne distintas e confusas definicións acerca da súa conceptualización, sendo comprendida moitas veces de forma ambigua entre a comunidade lingüística. Luis Aguilar<sup>8</sup> (2005) fundamenta a lusofonía nunha comunidade lingüística producida pola Historia, nun espazo económico, nunha organización política e nunha organización cultural. Os mais recentes estudos sobre concepto de lusofonía están asociados á cuestións que ultrapasan as fronteiras lingüísticas, permitindo estruturar de que forma son elaborados os proxectos de cooperación para a promoción de linguas do mesmo sistema lingüístico. Dende esta perspectiva, o proxecto “Lusofonía, Interactividade e Interculturalidade” obxectiva detectar as barreiras socio-lingüísticas que impiden a circulación de produtos audiovisuais galegos na área lusófona, combinando a análise de contido e os estudos de recepción.

Existen posicións discordantes que defenden o espazo lusófono como unha organización composta apenas por países que teñan o portugués como lingua oficial, estabelecendo que determinados membros da nosa organización non son de cultura lusófona, nin de fala portuguesa.

Entendemos que a lingua é inseparable da cultura, pero que existen culturas nas que o portugués foi a orixe dos seus idiomas ou dialectos falados, e que ademais, mantiveron unha relación significativa no pasado coa lingua portuguesa pola similitude do sistema lingüístico. Polo tanto, consideramos que a lusofonía non pode circunscribirse ás fronteiras nacionais dos países de lingua oficial portuguesa. Luis Aguilar (2002: 2) defende que “é imprescindible que abra as portas a outras comunidades espalhadas pelos vários cantos do mundo onde o portugués é falado por uma parte significativa da população ou que com ele tenham tido, no passado, um contacto significativo. A Galiza que, recentemente, se tem vindo a reclamar do Espaço Lusófono e que já pediu a sua integração na CPLP, é disso um bom exemplo”.

---

<sup>7</sup> Comunicación presentada ao Encontro de Lusofonía en Torres Novas “O Concepto de Lusofonía e a Cooperación na Difusión e Promoción da Lingua Portuguesa”, promovida pola CPLP, Torres Novas, 13 de Novembro de 2008.

<sup>8</sup> Luis Aguilar é profesor de Introducción a Lusofonía na Universidade de Montreal, sitio na web: [www.teiaportuguesa.com](http://www.teiaportuguesa.com)

Desta forma, o concepto de lusofonía non trata de establecer unha definición consensual, senón unha lóxica de intervención cara ao desenvolvemento dos países de expresión portuguesa, como unha comunidade histórica, cultural e lingüística. Na teoría do Cultural Studies podemos atopar os principais fundamentos para explicar a definición de lusofonía segundo distintas realidades culturais caracterizadas pola pluralidade e polas diferenzas. É nesta perspectiva que poderemos integrar na Lusofonía todas as comunidades que, coa Língua de Camões, Machado de Assis, Pepetela, Mía Couto, Gabriel Mariano, Eugénia Neto, tiveran significativo contacto.

Para se ter unha idea da grande migración da comunidade portuguesa a outros países, destacamos o número de portugueses espallados por Francia, Estados Unidos, Canada, África do Sur. Ademais, insistimos na grande comunidade de brasileiros que xa viven fóra por moitos anos. A lusofonía tamén está comprendida en comunidades que falan linguas moi próximas, como o galego, ou en comunidades que falan dialectos orixinados do portugués.

Na actualidade, a lusofonía debe ser definida segundo un concepto que rompe a esfera lingüística, seguindo os principios da globalización e da interdisciplinabilidade co fin de formar unha identidade comunitaria co obxectivos de integración e desenvolvemento nos ámbitos da política, economía e comunicación.

Nunha definición máis vasta do termo, a lusofonía está designada a desenvolver a lingua e a sociedade internamente e por fóra. Mais que todo, responder ao desafío da temática central sobre o concepto de lusofonía significa entender o contexto e cales foran os obxectivos, intereses, ideais e propostas que levaron á súa formación. Deste modo, a comenencia do espazo lusófono consiste en determinar a afirmación dunha área cultural de influencia, baseada nunha lingua común, pero que transcende amplamente a cuestión lingüística, mobilizando mesmo pobos enteiros, os seus gobernos, as organizacións non gobernamentais, a sociedade civil.

Non podemos entender o espazo lusófono, senón como un espazo de cultura que nos remite á realidade antropolóxica dun territorio imaxinario de tradicións, linguas e paisaxes, onde a lusofonía establece arquetipos culturais, alimentando o soño mítico dun inconsciente colectivo lusófono<sup>9</sup> (De Lemos Martins, Moisés, 2004: 2). Por súa banda,

---

<sup>9</sup> Moisés de Lemos (2002: 2) afirma que “a lusofonia enquanto fundo mítico só pode ser comprendido pelas relações sociais que o sustentam. E entre estas encontram-se as relações de luta simbólica empreendidas pelas diferentes áreas culturais no afã de ordenarem o mundo”.

Eduardo Lourenço (1999: 112) acentúa que a lusofonía non pode ser remitida a un imaxinario único, senón, obrigatoriamente, a múltiples imaxinarios lusófonos, nos cales poden ser interpretados de distintas formas por Portugal, Brasil, Galiza, Angola, Mozambique, Guiné-Bissau, Cabo Verde, San Tomé e Príncipe e Timor-Leste. Polo tanto, o imaxinario lusófono está definitivamente caracterizado pola pluralidade e diferenza.

Asumimos que para a comprensión deste espazo cultural da lusofonía faise necesario que teñan en conta como un espazo de fragmentación, e que so é posible a comunidade e a fraternidade de sentido e partilla comúns no momento en que se asume a existencia destas diferenzas e do coñecemento profundado dos outros. Nun tempo marcado pola globalización e a interculturalismo e multiculturalismo, o espazo lusófono debe ser igualmente plural e fragmentado, considerando as varias realidades culturais en distintas rexións do planeta.

### **1.1.- LUSOFONÍA NA REDE**

Existe un acordo común en designar o idioma portugués como lingua oficial como o marcador principal que define a inclusión de determinados territorios na Lusofonía. O termo, xa que logo, refírese, tal e como indica na súa páxina web o goberno portugués, ao “conjunto das comunidades de lingua portuguesa no mundo”. Por medio desta definición inclúense non só aqueles estados nos que o portugués actúa como lingua oficial ou co-oficial (Portugal, Brasil, Angola, Cabo Verde, Guinea Bissau, Mozambique, S. Tomé e Príncipe e Timor Leste) senón tamén, aínda que non se faga explícito, as comunidades da diáspora ou os territorios que pertencen a outros estados como é o caso de Goa ou Macao.

Outras fontes<sup>10</sup> falan de “conjunto de identidades culturais existentes en países falantes da lingua portuguesa”, o que se refire a comunidades de falantes máis ca a cidadáns censados neses territorios nos que se fala portugués. Tamén permite a inclusión de comunidades de emigrantes e mesmo a “alguns grupos reintegracionistas [que] reclaman que a Galiza tamén faz parte da lusofonia”.

A cuestión política é un dos factores que aglutinan países na Lusofonía após o proceso de descolonización. A Comunidade dos Países de Língua Portuguesa (CPLP) fúndase de xeito efectivo en 1994, como un grupo de traballo permanente constituído polos embaixadores de cada país membro en Lisboa e un alto representante do Ministerio de Negocios Estranxeiros de Portugal. Deste xeito queda conformado por sete estados (Angola, Cabo

---

<sup>10</sup> <<http://www.lusoafrika.net>>

Verde, Mozambique, Brasil, Guínea Bissau, Sao Tomé e Príncipe e Portugal), que suman un en 2002, tras a independencia de Timor Leste. As accións da CLPL na actualidade céntranse na saúde, na educación, nas accións económicas conxuntas, a través das ferramentas de cooperación internacional, e na difusión da lingua portuguesa a través do Instituto Internacional da Língua Portuguesa (IILP), que ten sé en Cabo Verde.

A IILP ten como principios "a promoción, a defensa, o enriquecemento e a difusión da lingua portuguesa como vehículo de cultura, educación, información e acceso ao coñecemento científico, tecnolóxico e de utilización oficial em fóruns internacionais", semellantes a outros organismos como o Observatorio da Língua Portuguesa e o Instituto Camoes, que buscan a promoción da lingua ao tempo que reivindicán a súa posición entre as dez máis faladas do mundo.

Outras das áreas nas que a lusofonía aparece con certa constancia, cando menos na rede, que se configura como o espazo preferente para a difusión do concepto, son a cultura e o deporte. O aspecto cultural asociado ao termo lusofonía que conta cunha maior presenza en internet é a música. Unha das constantes que se observan con relación á produción musical da lusofonía é a cuestión da creatividade das excolonias. Neste sentido, a música considérase unha das mostras da vitalidade da cultura lusófona e unha linguaxe común que permite a fusión entre distintas culturas. A este respecto, a RTP conta cun blog no que compila a actualidade da música dos oito países que conforman a lusofonía: <http://ww1.rtp.pt/icmblogs/rtp/vozes-da-lusofonia/> . Dende Galiza tamén se teñen producido iniciativas na procura dunha identidade musical común que “traza un mapa común entre os territorios da lusofonía que comparten raíces” (<http://www.cantosnamare.org>) co festival Cantos na Maré.

O deporte lusófono converteuse, ano 2006, nunha etiqueta de seu por medio da celebración dos primeiros Jogos da Lusofonia en Macao, trala formación, dous anos antes, da Associação dos Comités Olímpicos de Língua Oficial Portuguesa (ACOLOP). A imitación dos xogos da Commonwealth e dos Jogos Francófonos, os Jogos da Lusofonía teñen previstas xa as súas dúas vindeiras edicións en Goa-India (2013) e Ceará-Brasil (2017).

### **1.1.1.- ORIXES E EVOLUCIÓNS DO CONCEPTO**

O mesmo que termos como francofonía –o primeiro deles acuñado– ou anglofonía, o concepto lusofonía xorde no proceso de consolidación do poder colonial europeo. Neste proceso paralelo ao exercicio do poder “hard” / poder “duro” (com o controle político,

militar e económico dos territorios submetidos), nasciam os primeiros delineamentos do que veio a ser chamado posteriormente de poder “soft” / poder “suave” que se fundava justamente numa pretensa unidade cultural dada por uma lingua comum portadora da civilización que vencía o atraso e a barbarie” (Faraco).

Deste xeito, a lusofonía estaría composta por “espaços que radicam no fenómeno colonial e que assentam no uso da lingua do ex-colonizador como cimento aglutinador das antigas colonias” malia que na actualidade actúen como “como áreas de catarse ou expiación” (Morbey, 2008). Así mesmo, a cuestión lingüística cobra forza tras a desmantelamento do sistema político da colonización: “A lingua tornou-se o símbolo principal, o recurso e o fetiche desta reconstrução da identidade, tendo o Estado portugués investido na creación de uma união de Estados, a CPLP, e lançado o termo Lusofonia para definir uma comunidade transnacional de falantes do Português” (Vale de Almeida, 2008).

Ao tempo que o concepto vai derivando cara á versión do poder soft, tamén a academia, malia a inexistencia dun corpus significativo de textos, busca a “redención” da Lusofonía como produto do colonialismo dende a semántica da diversidade cultural. Insítese, xa que logo, no recoñecemento e énfase no carácter multicéntrico e heteroxéneo da Lusofonía.

A este respecto, algúns autores entenden que esta polifonía ten que incluír “todas as comunidades culturais saídas do antigo núcleo románico galego-portugués” (Faraco). Este punto de partida permite incluír ás comunidades de Maco, Goa e Malasia que manteñen poboación lusófona, a chamada diáspora lusófona e, por suposto, Galicia.

Ao dicir de Burghard Baltrusch (2009) a cultura galega “podería actuar libre do peso (pos)colonial luso e ofrecerse incluso como unha visagra cultural con identidade propia entre os mundos lufósono e hispanófono”.

## **1.2.- APROXIMACIÓN AOS INDICADORES MEDIÁTICOS DA LUSOFONÍA**

Os profesores de Xornalismo e Comunicación Audiovisual da Facultade de Ciencias da Comunicación da Universidade de Santiago de Compostela, Francisco Campos Freire e Xosé Pereira Fariña, respectivamente, trazan no traballo publicado no Anuario Internacional da Lusofonía unha aproximación á “Cartografía do ciberespazo dixital e indicadores mediáticos da lusofonía”. A devandita investigación dos profesores de Comunicación da USC (Campos e Pereira, 2010) forma parte tamén dos obxectivos de contextualización e difusión deste proxecto científico.

Seguindo a metodoloxía dos indicadores do desenvolvemento mediático (IDC) formulados en 2008 polo Programa Internacional para o Desenrolo Mediático (PIDC) da UNESCO, a investigación de Campos e Pereira elabora e formula unha cartografía do ciberespazo dixital e da infocomunicación en catro ámbitos xeográficos representativos da lusofonía, como son Portugal, Brasil, Mozambique e Galicia.

A selección destas catro comunidades obedece á súa representación no espazo da lusofonía. Brasil foi elixido por ser o país lusófono co maior número de habitantes (130 millóns) e por ser o máis representativo do continente americano. Portugal, con dez millóns de habitantes, é o país europeo de orixe e referencia lusófono. Galicia escolleuse por ser unha comunidade española de entroncamento cultural e lingüístico coa lusofonía e tamén pola proximidade intelectual cos autores e co obxectivo do proxecto de investigación. Por último, Mozambique foi seleccionado por ser o país lusófono con mais habitantes do continente africano (23 millóns de persoas).

A metodoloxía empregada caracterízase por incorporar unha serie de indicadores que permitan coñecer o grao de desenvolvemento dos ecosistemas de medios nunha determinada comunidade. Os autores desta métrica parten da premisa de considerar aos medios de comunicación como pezas fundamentais para as estratexias de desenvolvemento xeral, a pesares da falta de compromiso e recoñecemento por parte da comunidade internacional.

Neste sentido, o propio PIDC establece as causas da necesidade dun traballo como o iniciado a través da devandita metodoloxía. En palabras do presidente da Organización das Nacións Unidas para a Educación, a Ciencia e a Cultura, Walter Fust, (UNESCO, 2008: 6), “é preciso establecer unha metodoloxía de indicadores para analizar os principais aspectos da ecoloxía mediática, que permita que os actores dedicados ao desenvolvemento mediático, e en particular os actores locais, diagnostiquen o estado dos medios dentro dun determinado contexto nacional, e avalíen o impacto de desenvolvemento mediático”. Sen dúbida, este instrumento elaborado pola UNESCO serve para guiar o esforzo dos investigadores en comunicación preocupados polo desenvolvemento das sociedades.

No traballo dos profesores Campos e Pereira recóllense e analízanse os principais indicadores de penetración da Sociedade da Información así como as principais tendencias e prácticas de desenvolvemento mediático nos países lusófonos seleccionados, prestando especial atención ao acceso ás redes dixitais, á tipoloxía de consumo doméstico, aos usos sociais e ás políticas públicas establecidas para superar a exclusión tecnolóxica dixital,

propiciar o amplo e libre fluxo comunicativo, a liberdade de expresión, a inclusión mediática e o fortalecemento da capacidade de participación nos procesos de comunicación.

Esta aproximación á cartografía do espazo dixital e aos indicadores mediáticos da lusofonía revela aspectos de interese relacionados co grao de compromiso dos xornalistas, dos estados, das empresas de comunicación e dos cidadáns co ideario principal da Sociedade da Información: interconectividade, coñecemento e desenvolvemento. Despois da investigación realizada cómpre destacar catro aspectos fundamentais.

O primeiro deles relaciónase coas posibilidades que teñen os xornalistas, e por extensión as empresas de comunicación, para traballar nun contorno favorable de posibilidades legais, sociais e tecnolóxicas. Nos casos estudados desta mostra da lusofonía comprobouse que a democracia e a lexislación positiva que garante os dereitos fundamentais para a profesión do xornalista, nomeadamente o dereito de libre expresión, permite que o os xornalistas poidan traballar con toda a liberdade que lle permite a sociedade de cada país. En ningún se detectou problemas legais que impidan o desenvolvemento do traballo, como puidera ser a censura previa ou mesmo as condenas polo uso da opinión libre.

Xa máis en relación coas novas tecnoloxías, a investigación de Campos e Pereira demostra que nos casos de Brasil, Portugal e Galicia os xornalistas poden traballar nun contexto de amplas posibilidades tecnolóxicas -conectividade, cobertura, tecnoloxía avanzada-, onde os usuarios e os profesionais da información comparten contornos que superan a media mundial de accesibilidade aos contidos a través das novas tecnoloxías. Caso diferente é o de Mozambique, con graves problemas de infraestruturas que impiden un desenvolvemento pleno destas posibilidades, aínda que se detectan importantes esforzos para tentar superar esta situación.

Os medios, tamén responsables desta situación actual, crearon unha serie de estratexias que buscan a maior satisfacción dos cidadáns, ben a través da participación e da interactividade, ben mediante unha oferta informativa baseada na recuperación e contextualización de datos de actualidade e da memoria.

O usuario, pola súa parte, tamén é consciente do seu grao de responsabilidade e acepta de xeito moderado, pero constante, a inclusión das novas tecnoloxías na súa vida. Exceptuando a Mozambique a causa do xa explicado, o consumo que fan os cidadáns das novas tecnoloxías camiña con firmeza cara a universalidade.

A segunda das apreciación establécese ao redor das garantías que debe buscar o Estado para satisfacer as demandas informativas de todos os públicos, especialmente dos grupos marxinados. Aínda que falar de grupos marxinados se poida confundir cunha masa social uniforme, o certo é que cada país ten na súa cidadanía matices certamente importantes que provocan estratexias políticas diferentes. Tódolos países analizados coinciden en que hai grupos marxinados máis ou menos comúns, como a infancia e a muller, pero hai outros colectivos máis singularizados, coma os mutilados de guerra no caso de Mozambique ou as persoas de pobreza extrema que preocupan no Brasil.

Nos catro espazos existen medios de comunicación públicos para atender as necesidades que lles determinan os seus respectivos marcos regulamentarios. Se ben é certo que existen diferencias importantes, como por exemplo que a televisión pública do Brasil non ten cinco anos de vida fronte á portuguesa que xa cumpríu os cincuenta anos e a de Galicia un cuarto de século, en todos os casos os medios de comunicación públicos procuran crear espazos específicos para estes colectivos.

Os medios comunitarios en Brasil e Portugal non teñen un trato especial por parte das diferentes políticas, feito que tamén sucedía en Galicia ata este ano, 2010, onde por primeira vez unha lei reconece a súa existencia e aplica unha regulación. En Mozambique, sen embargo, os medios comunitarios son o elemento fundamental que artella a comunicación social do país, con máis horas de emisión que os propios medios públicos. O grao de desenvolvemento dos países analizados é inversamente proporcional coa existencia de medios sociais, que nos casos como Portugal, na actualidade é practicamente testemuñal.

O terceiro dos aspectos a ter en conta é a dificultade de trazar unha cartografía aproximativa do ciberespazo da lusofonía tanto pola asimetría das realidades xeolingüísticas como da falla de estatísticas confiables sobre as novas ferramentas e redes de comunicación. Este aspecto non está estritamente enfocado no catálogo de indicadores de desenvolvemento mediático, porque a emerxencia do fenómeno das novas redes é posterior á fase da súa primeira elaboración. Pero esa circunstancia non é óbice para que non deba ser abordado e estudado máis a fondo para buscar os puntos de converxencia que agora non son posibles pola debilidade das fontes e recursos ata agora producidos.

O cuarto dos aspectos salientables da investigación radica nas estratexias dos distintos gobernos para fomentar a implantación e uso das novas tecnoloxías, medido en tres aspectos clave: intencionalidade das políticas, custes e alfabetización/migración dixital. En

todos os casos detectouse unha intencionalidade clara, máis ou menos intensa, de todos os gobernos por lograr unha maior rede de infraestruturas, unha maior alfabetización dixital e unha mellora da calidade de vida dos cidadáns.

As estratexias dos casos estudados son diferentes. Namentres que Mozambique e Brasil fan esforzos importantes por abaratar os custes de conexión e fabricación de hardware e software non licenciado, Portugal e Galicia traballan no camiño da mellora dos servizos "premium", coma a maior velocidade ou a incorporación de valor engadido aos servizos. Se ben é certo que as economías destes dous países permiten que os cidadáns poidan pagar mensualmente entre 50 e 100 euros pola conectividade no fogar, é responsabilidade destas sociedades marcar as pautas que establezan os umbrais da Sociedade da Información e do Coñecemento. Iso ocorre tanto nos indicadores tecnolóxicos, coma nos da produción de contidos xa que é nestes países onde se desenvolven as experiencias máis avanzadas de mellora da participación dos cidadáns no consumo de medios de comunicación, seguidos, e moi de preto, pola nova economía emerxente que xa se consolida en Brasil.

### **1.3.- ESTRUCTURA MEDIÁTICA DA LUSOFONÍA**

A seguir ofrecemos unha caste de *working papers* estatístico para tentar aproximarNOS á estrutura do cinema e os medios de comunicación (tradicionais e novos) nos países da lusofonía co fin de contribuir á contextualización da investigación. Procura tamén a recollida de datos sobre a penetración dos sistemas de comunicación que serven de referentes ou indicadores para converxencia da sociedade da información e a profundidade da fenda dixital.

#### **1.3.1.- POBOACIÓN**

Nº DE HABITANTES DOS PAÍSES DA LUSOFONÍA CON FONTE UNIFICADA

País	2002	2003	2004	2005	2006	2007
España	41.313.950	42.004.500	42.691.650	43.398.150	44.116.441	44.878.945
Portugal	10.368.326	10.441.046	10.501.965	10.549.450	10.584.344	10.608.335
Brasil	179.246.095	181.787.237	184.317.696	186.830.759	189.322.987	191.601.284
Angola	14.737.151	15.180.100	15.635.519	16.095.214	16.557.050	16.948.673
Mozambique	19.134.153	19.609.837	20.078.143	20.532.675	20.971.449	21.372.202
Cabo Verde	472.372	483.675	495.171	506.807	518.562	530.269
Timor	832.000	877.000	925.000	975.627	1.029.195	1.061.129

### 1.3.2.- EVOLUCIÓN DA CINEMATOGRAFÍA EN PORTUGAL

#### PRODUCCIÓN CINEMATOGRAFÍA EN PORTUGAL, 2001-2008

Tipos	2001	2002	2003	2004	2005	2006	2007	2008
Longam.	17	12	17	15	15	17	12	18
Curtas	12	18	11	21	16	15	17	17
Doc.	14	17	14	17	13	24	12	14
Animac.	3	6	9	8	5	15	11	10
Total	46	53	51	61	49	71	52	61

Fonte: Anuário da Comunicação 2007-08

### 1.3.3.- EVOLUCION DA PRODUCCIÓN E EXHIBICIÓN CINEMATOGRAFÍA EN ESPAÑA

#### PRODUCCIÓN 1999-2008

Ano	1999	2000	2001	2002	2003	2004	2005	2006	2007	2008
Longametraxes	82	98	107	137	110	133	142	150	172	173

#### SALAS DE EXHIBICIÓN 1992-2008

Ano	1992	1996	2000	2002	2005	2006	2007	2008
	1.881	2.125	3.500	4.039	4.401	4.299	4.296	4.140

#### ANO 2008.SALAS DE EXHIBICIÓN

ANO	2008
Número de cines	868
Número de pantallas	4.140

#### ANO 2008.LONGAMETRAXES EXHIBIDAS

ANO	2008
	394
	1.258
TOTAL	1.652

ANO 2008. RECADACIÓNS

ANO	2008
	81.610.589,39 €
	537.681.880,27 €
TOTAL	619.292.469,66 €

ANO 2008. ESPECTADORES

ANO	2008
Longametraxes españolas	14.359.230
Longametraxes estranxeiras	93.454.029
TOTAL	107.813.259

Fonte: United Nations. Information Economy Report 2007-2008

**1.3.4.- A PENETRACIÓN DA TELEFONÍA NOS PAÍSES LUSÓFONOS**

SUSCRITORES DE MÓBILES

País	2002	%2002 -2003	2003	%2003 - 2004	2004	%2004 - 2005	2005	%2005 - 2006	2006
España	33.530.996	11,0	37.219.840	3,8	38.622.584	7,0	41.327.911	11,7	46.152.000
Portugal	8.528.900	17,6	10.030.000	2,7	10.300.000	11,1	11.447.670	6,8	12.226.400
Brasil	34.880.964	32,9	46.373.264	41,5	65.605.000	31,4	86.210.000	15,9	99.918.600
Angola	130.000	156,0	332.800	182,5	940.000	16,4	1.094.115	106,9	2.264.200
Mozambique	254.759	71,0	435.757	62,5	708.000	72,3	1.220.000	91,7	2.339.300
Cabo Verde	42.949	24,2	53.342	23,3	65.780	24,2	81.721	33,3	108.900
Timor									

Fonte: United Nations. Information Economy Report 2007-2008

SUSCRITORES DE MÓBILES (%)

País	2002	2003	2004	2005	2006	2007
España	81	89	90	98	105	108
Portugal	84	96	101	109	116	127
Brasil	19	26	36	46	53	63
Angola	1	2	5	10	14	29
Mozambique	1	2	4	7	11	15
Cabo Verde	9	11	13	16	21	28
Timor		2	3	3	5	7

Fonte: The World Bank Group. World Development Indicators (WDI) 2009

### 1.3.5.- USO E PENETRACIÓN DE INTERNET NA LUSOFONÍA

#### USUARIOS DE INTERNET

País	2002	%2002 -2003	2003	%2003 - 2004	2004	%2004 - 2005	2005	%2005 - 2006	2006
España	7.856.000	24,6	9.789.000	46,4	14.332.800	5,5	15.119.000	22,9	18.578.000
Portugal	2.267.200	17,9	2.674.000	-3,7	2.575.700	14,1	2.939.000	9,3	3.213.000
Brasil	14.300.000	25,9	18.000.000	22,2	22.000.000	65,3	36.356.000	17,2	42.600.000
Angola	41.000	0,0	41.000	82,9	75.000	13,3	85.000		
Mozambique	50.000	66,0	83.000	66,3	138.000	29,0	178.000		
Cabo Verde	16.000	25,0	20.000	25,0	25.000	0,0	25.000	16,0	29.000
Timor									

Fonte: United Nations. Information Economy Report 2007-2008

#### USUARIOS DE INTERNET (%)

País	2002	2003	2004	2005	2006	2007
España	20	37	40	44	47	41
Portugal	19	26	29	32	36	40
Brasil	9	13	19	21	31	35
Angola	0	0	0	1	2	3
Mozambique	0	0	1	1	1	1
Cabo Verde	3	4	5	6	6	7
Timor				0	0	

Fonte: The World Bank Group. World Development Indicators (WDI) 2009

#### NIVEL DE PENETRACIÓN DE INTERNET

País	2002	2003	2004	2005	2006
España	19,1%	22,9%	33,2%	33,8%	41,2%
Portugal	21,8%	25,5%	24,5%	28,0%	30,5%
Brasil	8%	9,9%	12%	19,5%	22,6%
Angola	0,3%	0,3%	0,5%	0,5%	
Mozambique	0,3%	0,4%	0,7%	0,9%	
Cabo Verde	3,6%	4,3%	5,3%	5,2%	5,6%
Timor					

Fonte: United Nations. Information Economy Report 2007-2008

1.3.6.- A BANDA ANCHA COMO REFERENTE DA FENDA DIXITAL  
SUBSCRITORES Á BANDA ANCHA

País	2002	%2002 - 2003	2003	%2003 - 2004	2004	%2004 - 2005	2005	%2005 - 2006	2006
España	1.247.496	76,5	2.202.000	56,3	3.441.630	45,1	4.994.274	33,3	6.654.900
Portugal	262.789	91,5	503.128	70,6	858.419	41,2	1.212.034	20,5	1.460.300
Brasil	731.000	64,0	1.199.000	88,2	2.256.000	46,5	3.304.000	79,2	5.921.900
Angola									
Mozambique									
Cabo Verde					283	231,1	937	92,1	1.800
Timor									

Fonte: United Nations. Information Economy Report 2007-2008

NIVEL DE PENETRACIÓN DA BANDA ANCHA

Fonte: United Nations. Information Economy Report 2007-2008

País	2002	2003	2004	2005	2006
España	3,0%	5,2%	8,0%	11,2%	14,8%
Portugal	2,5%	4,8%	8,2%	11,6%	13,9%
Brasil	0,4%	0,7%	1,2%	1,8%	3,1%
Angola					
Mozambique					
Cabo Verde			0,1%	0,2%	0,3%
Timor					

INDICADORES DE COMUNICACIÓN DA SOCIEDADE DA INFORMACIÓN

País	Liñas teléfono fixo por 100 hab. (2007)	Subscricións a teléfonos móbiles por 100 hab (2007)	Proporción de fogares con ordenador (2007)	Proporción de fogares con Internet (2007)	Usuarios de Internet por 100 hab (2007)
España	45.9	109.4	60.4	45.0	52.0
Portugal	39.5	126.6	48.3	39.6	40.0
Brasil	20.5	63.1	20.8	15.4	35.2
Angola	--	--	--	--	--
Mozambique	0.3	15.4	3.8	0.9	0.1
Cabo Verde	13.5	27.9	11.6	11.4	7.0
Timor	--	--	--	--	--

FONTE: International Communication Union (2009) Measuring the Information Society. The ICT Development Index.

### 1.3.7.- REDES SOCIAIS, COMUNIDADES, BLOGS E CLASIFICACIÓN DE ALEXA

Metodoloxía: No buscador de cada unha das redes sociais búscase o número de comunidades ubicadas en cada un dos países. Soamente aparecen as comunidades nas que no título aparece o nome do país e están ubidas nel. Non é posible facer o mesmo co número de usuarios debido a que non aparecen por ubicación. Se buscamos, por exemplo Angola aplicada a usuarios, aparecen aqueles que se apelidan Angola.

#### NÚMERO DE COMUNIDADES NAS REDE SOCIAIS

	Facebook	Friendster	Linkara	Myspace	Badoo	Orkut	Fresqui	Meneame	Hi5	Neurona
España	+ 500	166	-----	-----	-----	930	-----	-----	-----	-----
Portugal	+ 500	199	-----	-----	-----	+1.000	-----	-----	-----	-----
Brasil	+ 500	91	-----	-----	-----	+1.000	-----	-----	-----	-----
Angola	+ 500	24	-----	-----	-----	156	-----	-----	-----	-----
Mozambique	+ 500	17	-----	-----	-----	17	-----	-----	-----	-----
Cabo Verde	219	141	-----	-----	-----	26	-----	-----	-----	-----
Timor	+ 500	-----	-----	-----	-----	3	-----	-----	-----	-----

#### NÚMERO DE BLOGS POR PAÍSES SEGÚN ALIANZO E BLOGALAXIA

Directorios	España	Portugal	Brasil	Angola	Mozambique	Cabo Verde	Timor
Alianzo	14.240	32	94	1	1	0	0
Blogalaxia	15.960	779	1.739	--	--	--	--

REDES SOCIAIS MÁIS VISITADAS EN CADA PAÍS SEGUNDO ALEXA  
(Mozambique, Cabo Verde e Timor non aparecen en Alexa; día de análise 25-06-2009)

España	Posición no ranking de Alexa	% de usuarios españoles (Alexa)
Facebook.com	5	2,0%
Tuenti.com	6	97,3%
Wamba.com	16	50,9%
Fotolog.net	18	18,3%
Badoo.com	20	13%
Taringa.net	30	14%
Flickr.com	35	2,1%
Myspace.com	41	0,9%
Hi5.com	65	1,5%
Twitter.com	89	-----
Portugal	Posición no ranking de Alexa	% de usuarios españoles (Alexa)
Hi5.com	2	8,1%
Facebook.com	13	-----
Orkut.com	31	1,8%
Myspace.com	34	-----
Badoo.com	43	1,5%
Flickr.com	49	-----
Twitter.com	65	-----

Brasil	Posición no ranking de Alexa	% de usuarios españoles (Alexa)
Orkut.com.br	2	97,5%
Orkut.com	18	19,6%
Flickr.com	43	1,9%
Facebook.com	49	-----
Fotolog.com.br	60	98,3%
Twitter.com	62	6,9%
Myspace.com	67	0,6%
Sonico.com	71	12,3%

Angola	Posición no ranking de Alexa	% de usuarios españoles (Alexa)
Hi5.com	2	1,2%
Badoo.com	18	0,8%
Facebook.com	22	-----
Orkut.com	32	-----
Sonico.com	33	1,0%
Netlog.com	47	-----
Ning.com	61	-----
Myspace.com	88	-----

ALEXA TÁBOA COMPARATIVA. Posición no ranking

Rede	España	Portugal	Brasil	Angola
Facebook.com	5	13	49	22
Tuenti.com	6	--	--	--
Wamba.com	16	--	--	--
Fotolog.net	18	--	--	--
Badoo.com	20	43	--	18
Taringa.net	30	--	--	--
Flickr.com	35	49	13	--
Myspace.com	41	34	67	88
Hi5.com	65	2	--	2
Twitter.com	89	65	62	--
Orkut.com	--	31	18	32
Sonico.com	--	--	71	33
Netlog.com	--	--	--	47
Ning.com	--	--	--	61

ALEXA TÁBOA COMPARATIVA. Porcentaxe de usuarios de cada país

Rede	España	Portugal	Brasil	Angola
Facebook.com	2,0%	--	--	--
Tuenti.com	97,3%	--	--	--
Wamba.com	50,9%	--	--	--
Fotolog.net	18,3%	--	--	--
Badoo.com	13%	1,5%	--	0,8%
Taringa.net	14%	--	--	--
Flickr.com	2,1%	--	1,9%	--
Myspace.com	0,9%	--	0,6%	--
Hi5.com	1,5%	8,1%	--	1,2%
Twitter.com	--	--	6,9%	--
Orkut.com	--	1,8%	19,6%	--
Sonico.com	--	--	12,3%	1,0%
Netlog.com	--	--	--	--
Ning.com	--	--	--	--



## **2.- METODOLOXÍA DO PROXECTO**

O deseño metodolóxico deste proxecto esixe unha configuración pluridisciplinar coa que afrontar a complexidade do noso obxecto de estudo. Máis concretamente, o presente proxecto defínese ante todo pola súa vocación de análise de contido afastada daquelas posicións “inmanentistas” que entenden a obra audiovisual en tanto feito illado de todo contexto político, económico e sociocultural. Consecuentemente, a análise do discurso orientarase á detección e sistematización daqueles codificadores socioculturais atopados na superficie das obras audiovisuais analizadas, ou ben subxacentes a elas, a fin de pór de manifesto as interaccións lóxico-cognitivas que se producen no plano discursivo a través da análise das relacións sistémicas entre os seus elementos estruturantes mediante un procedemento dedutivo. Un denso propósito que artellamos en documento adxunto.

### **2.1.- ANTECEDENTES E ESTADO ACTUAL DA CUESTIÓN. DESEÑO DO MARCO TEÓRICO**

A ONU, coa intención de promover, protexer e preservar a diversidade das linguas e das culturas do mundo proclamou 2008 Ano Internacional das Linguas. Neste marco de recoñecemento da diversidade lingüística como elemento fundacional da diversidade cultural, convén achegarse ao ámbito de estudo, a Lusofonía, dende unha perspectiva multidisciplinar, que permita trazar unha primeira localización do tema.

Nesta primeira fase do traballo localizarase, por medio da análise de fontes documentais, bibliográficas e o acceso aos recursos da rede da comunidade lusófona, o espazo que ocupa a lusofonía como unidade xeo-lingüística, a importancia da lingua como elemento identitario desta comunidade, así como a existencia e funcionamento dun patrimonio cultural común. Ademais, esta primeira achega permitirá coñecer os produtos que circulan na rede baixo a lapela “Lusofonía”, o que supón un bosquejo inicial de dúas polas do deseño metodolóxico: dunha banda, a análise de contidos, centrada nos produtos audiovisuais asociados á lusofonía, da outra o estudo da recepción, que nesta fase nos achega o consumo dos devanditos produtos en espazos de broadcasting público.

### **2.2.- DEFINICIÓN DA POBOACIÓN DE ANÁLISE**

Os universos de recepción nucleares constituiranse a partires de grupos representativos de recepción ubicados nas universidades parceiras do proxecto: Universidade Lusófona de Luanda (Angola), Universidade da Beira Interior (Portugal) e a Pontificia Universidade Católica do Río Grande do Sul (Brasil). Dado o carácter multicultural dos universos de recepción, e en beneficio do maior rigor metodolóxico, propoñémonos establecer un grupo

de control e contraste a través dunha observación participante piloto no caso do Media Training “Prodigi”: un programa que acolle alumnado e profesorado da Facultade de Ciencias da Comunicación da USC (Galicia), a New Media Technology College (Irlanda) e o Departamento de Film & Video da Universidade Lusófona de Lisboa (Portugal), co obxectivo de deseñar e producir unha obra audiovisual trilingüe, en galego, portugués e gaélico.

### **2.3.- ACOTACIÓN DA MOSTRA DE ANÁLISE DE CONTIDO**

Constituída por unha selección representativa de obras audiovisuais producidas no ámbito da “Lusofonía”, a partir do enorme depósito de obras lusófonas da Mediateca da Facultade de Ciencias da Comunicación da Universidade de Santiago de Compostela.

### **2.4.- DEFINICIÓN DA UNIDADE DE ANÁLISE DE CONTIDO**

Entenderemos como “unidade de análise” a integridade da obra audiovisual, á marxe da súa imbricación programática televisiva ou do seu modo de exhibición: extremo este que, de ser considerado podería introducir desviacións indesexables ao tratar de universos de recepción radicalmente dispares.

### **2.5.- SISTEMÁTICA PARA A OBTENCIÓN DE DATOS**

O proceso investigador vértébrase arredor de dúas grandes sistemáticas de análise definidas pola natureza cuantitativa e cualitativa dos datos a tabular.

En canto á obtención de datos cuantitativos tivéronse en conta algunhas consideracións sobre as “medicións escalares” a empregar. De feito, concibimos a escalimetría, desde o seu campo de aplicación puramente cuantitativo, como unha medición de variables complexas que integran múltiples indicadores, de aí o seu amplo espectro de aplicación nun campo investigador tan extenso e intrincado coma o noso, que veñen a completar os catro compoñentes nucleares do proceso de investigación científica: “conceptos”, “construtos”, “medicións” e “variables”. De aí que, a priori (e, deberíamos dicir, a fortiori), contempláronse ata catro modelos xenéricos de escalas de partida.

- (a). Escala de Diferencial Semántico ou tamén denominada “escala de clasificación bipolar”, ideada por Osgood, Suci e Tannenbaum, especialmente na súa aplicación empírica a través da “Escala de Markham”.
- (b). Escalograma de Guttman ou tamén denominada “análise de escalograma”, elixindo a adopción de estruturas cuatripartitas que parten de proposicións amplas que garden certa coherencia con outras máis concretas.

- c. Escala de Likert ou tamén denominada “estratexia das estimacións sumadas”, con introdución específica dun termo neutro entre os extremos da valoración numérica asociada aos ítems de resposta.
- d. Escalograma situacional, sobre todo naqueles aspectos máis opinables do proceso, en tanto avaliador da importancia ordial do noso obxecto de estudo para os enquisados no contexto dunha serie de cuestións análogas.

Optamos como ferramenta de análise de datos cuantitativos por un clásico: a aplicación Excel e a versión Excel 13.0 contida na suite Office 2008 para Windows. A elección desta aplicación e versión xustifícase pola súa nova interface de usuario e un novo formato de arquivo primario baseado en XML, fácil manexo e potencia de xestión de información, base optimizada a través de “El Solver”, mellora nas presentacións finais de texto e gráficos, versatilidade e posibilidade de importación e exportación da táboa das variables con programas cualitativos como MAXqda-2, aplicación que utilizaremos na sistematización de datos cualitativos.

En canto á extracción de datos cualitativos (por tanto non sistematizables en magnitudes escalares), serán obtidos principalmente a partir dos universos de recepción e da observación participante no caso do estudo de campo do “Media Training Prodigy”.

Neste caso, propoñemos para o seu tratamento informático da aplicación MAXqda-2, de MAXqda VERBI Software (URL: [www.maxqda.com](http://www.maxqda.com)) sobre plataforma PC e Sistema Operativo Windows Vista. A elección desta aplicación e versión xustifícase pola súa compatibilidade cos textos en RTF (Rich Text Format) e posibilidade de importación e exportación da táboa das variables con programas estatísticos como Excel, capacidade de importación e creación de grupos de textos online a través de DaD (Drag-and-Drop), potencial de interpretación a través dun sistema categórico de código xerárquico de ata dez niveis, posibilidade de codificación inmediata de segmentos e subsegmentos de texto a través da asignación de códigos ou subcódigos sistemáticos, asignándolles a relevancia precisa no estudo, a través de IVC (“In-Vivo-Coding”), e a súa versatilidade á hora de aventurar hipóteses e definir conclusións previsibles.

## **2.6.- PRIMEIRA FASE DA ANÁLISE: EXTRACCIÓN DAS CATEGORÍAS DE CONTIDO A CONTRASTAR**

Tal e como se aventuraba na introdución ao planeamento metodolóxico, trátase de detectar e sistematizar aqueles codificadores socioculturais achados na mostra determinada no

apartado 3 co obxecto de evidenciar as interaccións lóxico-cognitivas que se producen no plano discursivo a través da análise da relacións sistémicas entre os seus elementos estruturantes mediante un procedemento dedutivo: verbigracia, no campo xenérico “conflito”, algúns dos codificadores xa detectados en prospeccións realizadas en anteriores investigacións, apuntarían a variables como: Desemprego, Delincuencia, Situación económica, Sistema de asistencia sanitaria, Inmigración, Aumento de prezos / inflación, Terrorismo, Pensións, Fiscalidade, Sistema educativo... variables que serán cualificadas e xerarquizadas de modo diferente en cada un dos universos de recepción.

## **2.7.- CAPACITACIÓN DE CODIFICADORES E REALIZACIÓN DA PROBA PILOTO**

Tal e como se desglosará no Plan de Traballo adxunto, procederase a unha capacitación dos enquisadores e analistas das obras audiovisuais. Asimesmo, a partir dos indicadores previstos nos apartados 5 e 6 da presente metodoloxía, procederase a unha abordaxe analítica sobre a mostra referida no apartado 3. Trátase dunha análise típica de sucesivas prospeccións “en bucle”, orientado á detección de aqueles ítems funcionais e disfuncionais que permitan un deseño e avaliación da eficacia das ferramentas de sistematización de datos descritas no apartado 5.

## **2.8.- SEGUNDA FASE DO ANÁLISE: APLICACIÓN EXHAUSTIVA DA SISTEMÁTICA DE ANÁLISE Á MOSTRA**

Unha vez testadas as ferramentas de análise na fase anterior, procederase a unha análise pomenorizada conducente á detección de ítems significativos, a súa taxonomización e campos xenéricos xerarquizados e a súa xestión informática, segundo a súa natureza cualitativa ou cuantitativa, nas aplicacións que foron descrita no apartado 5.

## **2.9.- ANÁLISE E INTERPRETACIÓN DOS DATOS OBTIDOS**

Nesta fase introduciranse aqueles elementos de control “reduplicación ou duplicación do proceso” orientados (xa por mostra específica, por deseño específico ou por método específico) a garantir a extrapolación de resultados. Coa prudencia esixible a un proxecto investigador, consideramos a priori catro tipos reduplicación:

- (a) Literal: duplicado exacto do análise previo e das súas condicións de experimentación, técnicas de medición e análise de datos do estudo orixinal.
- (b) De Operacións: reprodución de procedementos experimentais e de mostreo do estudo orixinal de cara a verificar a obtención de resultados similares por procedementos alternativos.

- (c) Instrumental: trátase dun duplicado da medición dependente realizada o estudo orixinal, se ben variando as súas condicións experimentais.
- (d) Construtiva: busca a validez a través da negación absoluta e integral de todas as condicións experimentais e de medición do estudo orixinal. Deste modo, considera tan só o feito empírico descuberto no estudo orixinal e trata de chegar ao mesmo resultado.



### 3.- ENCONTRO COS COODINADORES

Na semana do 16 ao 20 de novembro de 2009 ten lugar en Santiago de Compostela a reunión dos coordinadores dos grupos participantes no proxecto *Lusofonía, interactividade e interculturalidade* co obxectivo de avaliar o estado da investigación, compilar as informacións recollidas durante as primeiras fases do proxecto e analizar as trabas e necesidades coas que toparan cada un dos grupos de estudo participantes durante o proceso. As actividades programadas durante esa semana organizáronse nun calendario que expoñemos a continuación.

	Luns	Martes	Mércores	Xoves
10.00 12.00		Avaliación do PRE-TEST.  Coordina: Ana Isabel Rodríguez	INSTRUCCIÓNS para o manexo da ferramenta online  Coordinan: Silvia Roca e Xan Viñas	SESIÓN INFORMATIVA:  Lusofonía. Centro de Estudos Brasileiros  Coordinan: María Salgueiro e Amanda Paz
12.15 14.00		FORO DE COORDINADORES:  Tratamento obxectivos-base da investigación.  Coordina: Marta Pérez	INSTRUCCIÓNS para o manexo da ferramenta online  Coordinan: Silvia Roca e Xan Viñas	VISITA: Consello da Cultura Galega  Coordina: Xosé Pereira
16.30 19.30	Debate arredor do concepto LUSOFONÍA.  Coordina: Margarita Ledo	Planificación para a DIFUSIÓN dos resultados do proxecto  Coordina: Margarita Ledo	INSTRUCCIÓNS para o manexo da ferramenta online  Coordinan: Silvia Roca e Xan Viñas	SESIÓN INFORMATIVA: Empresas colaboradoras Coordina: Enrique Castelló  CONCLUSIÓNS : Revisión do cronograma. Coordina: Ana Isabel Rodríguez

### **3.1.- DEBATE ARREDOR DO CONCEPTO 'LUSOFONÍA'**

Luns, 16 de novembro de 2009. 16.30 horas. Seminario 3. Facultade de Ciencias da Comunicación

Participantes: Margarita Ledo Andión, Marta Pereiro, Ana Isabel Rodríguez, Xan G. Viñas, Amanda Paz, Sílvia Roca, Paulo Serra, Doris Fagundes, Antonio Nhaga.

A semana de encontro dos grupos parceiros do proxecto de investigación *Lusofonía, interactividade e interculturalidade* enceta cun debate arredor do concepto de Lusofonía que é presidido pola investigadora principal da pesquisa, a catedrática de directora do Grupo de Estudos Audiovisuais, Margarita Ledo Andión.

Margarita Ledo inicia a xuntanza referíndose á Lusofonía como espazo virtual que existe na medida en que se impulsen iniciativas de relación e de intercambio, abundando na posibilidade de que se estableza unha rede de coproducións no eido lusófono, mesmo a través de doutoramentos ou mestrados. Pola súa banda, Paulo Serra, profesor da Universidade de Beira Interior de Portugal, describe o panorama da Lusofonía como un grande espazo de descoñecemento mutuo para o que proxectos como o presente serían cruciais en tanto que servirían como vía para o intercambio de produtos artísticos ou culturais. Segundo o profesor Serra, aliás, a visibilización e posta en valor do espazo lusófono debe servir para facer fronte ao imperialismo do inglés no campo da investigación e a comunicación, onde ocupa unha posición hexemónica.

No tocante á relación do país luso coas demais nacións lusófonas, Serra aborda a necesidade dun maior intercambio co Brasil e afonda na relación de troco desigual que Portugal está a manter coas colonias africanas, intercambio no que o país luso exporta produtos e servizos sen se amosar receptor cara a produción cultural africana, coa excepción, se cadra, do ámbito musical. De facto, recálcase que o termo lusofonía xorde nun inicio como un proxecto mercantilista de apertura a novos mercados, nun escenario neocolonizador artellado dende a metrópole portuguesa. Para rachar estes preconceptos e fomentar o coñecemento mutuo unha das vías principais no eido académico reside no intercambio de alumnos/as entre as universidades parceiras, centrado neste caso no estudo do cinema e a comunicación. Asemade coincide na necesidade de desbotar os tópicos e ultrapasar os clichés ofrecidos polos produtos masivos emitidos dende as industrias culturais (isto é, a literatura brasileira é moito máis do que Paulo Coelho).

No que atinxe á familiarización coas mostras presentadas no proxecto, Serra sinala as semellanzas temáticas coas problemáticas contemporáneas do seu país, mais detecta certos atrancos de comprensión da lingua galega, que coida que poden ser arranxados coa introdución de subtítulos. Dende a Universidade brasileira de Rio Grande do Sul, Doris Fagundes afonda na necesidade de empregar internet como soporte que permita agromar redes alternativas de distribución de produtos culturais e artísticos. Neste eido, poderían crearse novos fíos de contacto entre comunidades de distintas rexións da Lusofonía. Outro veyro apuntado como imprescindible é a procura do compromiso das políticas públicas por ofrecer un espazo multimidiático aberto á Lusofonía. Por exemplo nas novas canles da Televisión de Galicia na TDT débérase facer un oco para este tipo de contidos de consumo non necesariamente masivo mais de incuestionábel interese cultural.

Pola súa banda, António Nhaga, da Universidade Lusófona de Guiné-Bissau, profunda no concepto da Lusofonía na contorna africana, abranguido pola fundación do CPLP (Comunidades de Países de Lingua Portuguesa). Nhaga definiu a Lusofonía como un valor inestimábel que xa existía antes da creación do CPLP mais recibiu un forte impulso coa súa posta en marcha.

### **3.2.- AVALIACIÓN DO PRETEST**

Martes, 17 de novembro de 2009. 10.30 horas. Seminario 3

Participantes: Ana Isabel Rodríguez, Xan G. Viñas, Paulo Serra, Doris Fagundes, Claudia Peixoto, Antonio Nhaga.

A sesión de *Avaliación do Pre-test* diríxela Ana Isabel Rodríguez e comeza cunha explicación dos coordinadores dos grupo de recepción sobre a dinámica desenvolvida en cada caso e sobre os sucesos e atrancos acontecidos.

Intervén, por primeiro, Paulo Serra, da Universidade de Beira Interior. Neste centro o grupo que participa na pesquisa consta de 5 estudantes de graduación, 5 de mestrado, 5 de doutoramento e 3 investigadores. O pretest realizado desenvolveuse sen atrancos relevantes no plano técnico, os alumnos visionaron sen problemas tres das mostras achando as principais dúbidas no desenvolvemento do cuestionario, temas estes que foron tratados máis polo miúdo na sesión do mércores 18 dedicada especificamente ás instrucións de uso da ferramenta online.

As coordinadoras da Universidade de Rio Grande do Sul tamén valoran positivamente os pretest. A equipa de recepción, neste caso, estará composta de 18 membros de distintas asignaturas e graduacións. Este facto vai dificultar que as sesións do test se poidan realizar en conxunto nun espazo e tempo común. Doris Fagundes apunta a necesidade de que algúns deles, preferentemente os que están a cursar mestrados e por tanto posúen unha maior formación, poidan desenvolver o test fóra das aulas no tempo do que poidan dispor. Ana Isabel Rodríguez expresa a posibilidade de establecer dúas castes de grupos, os de primeiro realizarían os tests na aula baixo a supervisión dos coordinadores e os de mestrado manterían contacto directo online co grupo de Estudos Audiovisuais. Asemade, a profesora Fagundes pregunta pola posibilidade de poder descargar os filmes para evitar que as eventuais dificultades coa conexión permitisen un visionado offline das mostras.

Outros aspectos técnicos como a opción de moverse para diante e atrás na reproducións das mostras ou a introdución de subtítulos en galego foron desenvolvidas máis polo miúdo na sesión do mércores 18. A coordinadoras de Rio Grande do Sul abren tamén unha liña de debate ao considerar que parte do cuestionario se dirixe a alumnos con certa formación cinematográfica, por tanto os alumnos de primeiro curso ofrecerían respostas menos especializadas ao respecto. Ana Isabel Rodríguez fala nese particular do interese da mostra por contar tamén con receptores primeirizos, que dalgún xeito igualan os alumnos co espectador tipo que pode acudir a unha sala de cinema sen especiais coñecementos técnicos ou teóricos encol do cinema.

Pola súa banda, António Nhaga, da Universidade Lusófona de Guiné Bissau, expón a súa experiencia, a máis problemática no plano técnico das catro universidades. Nhaga explica as carencias técnicas da súa facultade, na que só hai 8 computadores cando o número de alumnos/as participantes na pesquisa é de 20 (10 de primeiro curso e 10 de cuarto). Aliás a conexión é moi frouxa o que imposibilita nas máis das veces mesmo entrar na ferramenta online e impediu que puideran realizar o pretest. Vistas as circunstancias dende o grupo de Estudos Audiovisuais estúdase a posibilidade de lle ceder ao profesor Nhaga un computador portátil con webcam e os programas necesarios instalados e a vontade de enviar fisicamente os dvd's coas mostras para o visionado conxunto. António Nhaga dirixirá estes visionados e ao remate os alumnos/as responderán o cuestionario que serán reenviados ben escaneados, ben nunha base de datos que poida ser adxuntada nun correo electrónico.

Na xuntanza faise tamén unha primeira aproximación ao cronograma final da investigación, que se vai concretar na xornada do venres 20. As universidades de Portugal e Guiné Bissau teñen previsto realizar os visionados e responder os cuestionarios nos meses de febreiro e marzo, deixando os chats e foros para abril; namentres que as universidades brasileiras, que inician en breve as vacacións de verán, comezarán a primeira parte da pesquisa o 15 de marzo, deixando chats e foros para o período que vai do 15 de maio ao 15 de xuño.

### **3.3.- TRATAMENTO DOS OBXECTIVOS BASE DA INVESTIGACIÓN**

Martes, 17 de novembro de 2009. 12.15 horas. Seminario 3

Participantes: Marta Pérez Pereiro, Ana Isabel Rodríguez, Xan G. Viñas, Amanda Paz, Paulo Serra, Doris Fagundes, Antonio Nhaga; Itania Mota

A xuntanza de coordinadores arredor do *Tratamento dos obxectivos base da investigación* é presidida por Marta Pérez Pereiro contando coa presenza dos cinco coordinadores das universidades receptoras convidadas. O foro iníciase coa proposta de procurar os mecanismos necesarios para que a participación na pesquisa ofrecera un rendemento académico extra, tanto para os alumnos como para os investigadores dos grupo de recepción. Alén dos agasallos que van ser ofrecidos ao remate da semana Marta Pérez expresa o seu interese por dotar de relevancia curricular a partilla na pesquisa, para rachar coa dinámica voluntarista que adoita rodear as dinámicas de traballo neste ámbito.

A este respecto, Paulo Serra expresa o seu desexo de que algúns dos alumnos/as participantes na investigación se incorporen aos estudos verbo da lusofonía como persoal académico, procurando novas vías de investigación neste eido nun futuro próximo. Doris Fagundes acrescenta a intervención de Serra ao considerar a presente pesquisa como un punto de partida que abre aos alumnos a novos coñecementos e eventuais proxectos de investigación.

Outro dos aspectos centrais da xuntanza versa sobre a creación de novas relacións entre as distintas universidades participantes que permita no futuro inmediato intercambios entre os diversos centros académicos da Lusofonía. Afondouse no caso de Guiné-Bissau, adoito illado desta caste de intercambios, deixándose aberta a posibilidade de que alumnos do

mestrado da Universidade Lusófona deste país poidan realizar estes cursos na USC ou en calquera outra universidade lusófona.

Doris Fagundes incide no beneficioso das relacións interuniversitarias e internacionais no ámbito lusófono, destacando o suceso dun programa de intercambio que levou a alumnos de Macau á Universidade de Río Grande do Sul. Asemade, profúndase na necesidade de adaptar ou abrir os distintos currículos dos centros para que non sexan un atranco neste camiño. A seguir os membros de cada universidade pasan a relatar someramente os plans de estudo de cadanseu centro e os distintos programas de intercambio existentes.

Nunha segunda liña de debate, Marta Pérez sinala que un dos intereses do grupo de Estudos Audiovisuais é a difusión de produtos culturais galegos e máis a comprensión no exterior da nosa realidade, para o que non hai que esquecer a dimensión identitaria e cultural dun proxecto que pretende esculcar a percepción que dende a Lusofonía se ten do noso país.

Aliás, a pesquisa ten como obxectivo achegar nas mostras audiovisuais obxecto de estudo unha serie de ítems temáticos máis ou menos universais –violencia de xénero, protección do medio ambiente, etc.- e analizar como se perciben nos distintos grupos de recepción. A este respecto António Nhaga falou da idoneidade de introducir nas temáticas dos filmes a problemática da emigración/inmigración, de grande importancia no seu país e Doris Fagundes guindou a cuestión da pertinencia ou non de condicionar o visionado das pezas a través dunha explicación previa ou, en troques, permitir o visionado libre e espontáneo por parte dos alumnos, decantándose preferentemente os asistentes á xuntanza por esta segunda opción.

### **3.4.- DIFUSIÓN DOS RESULTADOS DO PROXECTO**

Martes, 17 de novembro de 2009. 16.30 horas. Seminario 3.

Participantes: Margarita Ledo Andión, Marta Pereiro, Ana Isabel Rodríguez, Xan G. Viñas, Amanda Paz, Silvia Roca, Paulo Serra, Doris Fagundes, Antonio Nhaga.

A xuntanza para a *Difusión dos resultados do proxecto* é presidida pola profesora Margarita Ledo Andión, que comeza o encontro salientando a posibilidade, suxerida de xeito até o de agora informal, de organizar unha feira virtual online de produtos audiovisuais no ámbito

lusófono. Para alén deste proxecto o obxectivo da sesión céntrase en concluír cales son os foros propicios para a difusión dos resultados do proxecto de investigación.

Por primeiro, e a curto prazo, sinálase a posibilidade de realizar comunicacións científicas parciais en distintos congresos da comunicación do ámbito da Lusofonía. A participación nestes eventos antes da conclusión do proxecto *Lusofonía, interactividade e interculturalidade* permitirá dar a coñecer os resultados parciais que se vaian obtendo, afondando na súa metodoloxía e documentación previa que esculca na relación de Galiza cos países Lusófonos, entre a que, arestora, se atopan as actas do VII edición da Lusocom, escritas pola propia Margarita Ledo.

Neste particular o primeiro obxectivo será estarmos presentes no congreso da IAMCR (International Association for Media and Communication Research), cuxo prazo de entrega finaliza o 31 de xaneiro de 2010 e que vai ter lugar en Braga en xullo do ano vindeiro. Outro obxectivo vai ser facer parte do vindeiro congreso do Compós (Associação Nacional dos Programas de Pós-graduação em Comunicação), que ten o 17 de febreiro como última data de entrega. A maiores xa está confirmada a participación do grupo de Estudos Audiovisuais no II Congreso Internacional da Asociación Española de Investigadores da Comunicación (AE-IC), que vai ter lugar en Málaga do 3 ao 5 de febreiro de 2010.

Nunha segunda fase, co proxecto máis avanzado, apúntase a posibilidade de facer parte do vindeiro congreso da Intercom – Sociedade Brasileira de Estudos Interdisciplinares de Comunicação, que vai ter lugar en setembro de 2010 e para o cal o proxecto de investigación vaise atopar nun fase máis avanzada. Xa no horizonte de 2011 sitúase o congreso da Sopcom (Associação Portuguesa de Ciências da Comunicação), para o que xa se agarda ofrecer resultados definitivos da investigación. No tocante á difusión escrita dos resultados da investigación recoméndase a súa publicación nas seguintes revistas: FAMECOS: Mídia, cultura e tecnologia, do ámbito brasileiro; BOCC (Biblioteca On-Line de Ciências da Comunicação da Universidade de Beira Interior en Portugal); Anuario de Comunicação Lusófona da Universidade de Minho; Infoamérica, da Cátedra UNESCO; Grial e A trabe d'Ouro en Galiza; Catalan Journal of Communication & Cultural Studies; Revista Latinoamericana de Comunicação; pola súa parte António Nhaga procurará a difusión divulgativa da pesquisa na radio e a prensa de Guiné Bissau.

Asemade, debátase sobre a fórmula de participación do texto resultante da investigación, concluíndose na idoneidade de que o emisor principal do mesmo sexa o Grupo de Estudos Audiovisuais da Universidade de Compostela, como entidade investigadora principal do proxecto, sinalando as universidades parceiras como fontes da pesquisa.

### **3.5.- INSTRUCCIÓNS DE FUNCIONAMENTO DA FERRAMENTA ONLINE**

Mércores, 18 de novembro de 2009. 10.00 horas. Aula de Informática 2

Participantes: Xan G. Viñas, Silvia Roca, Paulo Serra, Doris Fagundes, Antonio Nhaga, Claudia Peixoto, Itania Gomes, Luz Castro

A *Sesión de instrucións de funcionamento da ferramenta Online* é ofrecida por Silvia Roca e Xan G. Viñas, do Grupo de Estudos Audiovisuais, e Luz Castro, da empresa de software Imaxin, nunha sesión eminentemente práctica na que os coordinadores dos grupos parceiros van cumprimentando, paso a paso, todos os campos e apartados do *Orchestras Básico*, a fin de se familiarizar co seu uso e de ofrecer suxestións ou interrogantes que melloren o uso colectivo da ferramenta.

Neste senso as intervencións refírense maiormente a aspectos concretos, ben de escrita ben de funcionamento de determinados apartados dos formularios que contiñan grallas ou ofrecían dificultades de comprensión. As indicacións foron recollidas e serán tomadas en consideración para que Imaxin, empresa que desenvolve a ferramenta online na que se fundamenta a metodoloxía da pesquisa, poida implementar as melloras pertinentes. Aquelas dúbidas que xurdiron na navegación do interior da páxina ou ben pola escasa comprensión do galego foron resoltas unha por unha e anotadas, de ser o caso, para unha correcta adaptación ao portugués no momento no que se inclúa na páxina a versión portuguesa.

Para alén destas consideracións parciais, os coordinadores dos grupos de recepción ofrecen suxestións no plano teórico para mellorar algúns dos apartados do cuestionario. Neste punto cuestionan a necesidade de que os alumnos/as teñan que coñecer o nome de tres profesionais do cinema ou de 5 filmes do último lustro, ao considerar que esta caste de cuestións son do coñecemento do alumnado de cinema mais non necesariamente dos de comunicación e xornalismo. No mesmo sentido, no segundo cuestionario de cada mostra, onde se pide aos alumnos que valoren distintos aspectos técnicos dos fragmentos (vestiario, iluminación, banda sonora...) e ofrezan posibles melloras, os coordinadores

consideran que moitos dos alumnos non teñen coñecementos de abondo para propoñer melloras nuns campos tan técnicos e específicos.

No caso de Guiné Bissau, António Nhaga afirma que seus alumnos nin sequera coñecen esta terminoloxía. Ábrese un pequeno debate sobre a pertinencia de que os coordinadores ofrezan unha explicación previa destes termos ou, ao contrario, que non haxa ningunha caste de axuda ao alumnado, de tal maneira que o descoñecementos da técnica cinematográfica sexa un elemento máis dentro do proxecto de investigación. Todas estas achegas e dúbidas serán discutidas e tidas en conta á hora de proseguir no desenvolvemento da ferramenta online. Ao remate da sesión os coordinadores parceiros manifestan a súa satisfacción polo desenvolvemento da xornada ao tempo que amosan un alto grao de familiaridade e manexo do *Orchestra Básico*.

### **3.6.- VISITA CENTRO DE ESTUDOS BRASILEIROS**

Xoves, 19 de novembro de 2009. 10.30 horas. Facultade de Filoloxía

Participantes: Cláudia Peixoto, Doris Fagundes, Itania Maria Mota, António Nhaga, Amanda Paz, María Salgueiro.

Participan tamén: Elías J. Torres, M. Felisa Rodríguez, Paula Fernández, Cristina Martínez, Lucia Montenegro, Carlos G. Figueiras. (Asistentes do GALABRA - Grupo de Pesquisa nos Sistemas culturais galego, luso, africanos de lingua portuguesa e brasileiro)

A visita ao Centro de Estudos Brasileiros, sito na Facultade de Filoloxía, é conducida por Amanda Paz e María Salgueiro. Durante o transcurso da sesión os coordinadores das universidades parceiras teñen oportunidade de coñecer as actividades que o Grupo GALABRA desenvolve arredor dos sistemas culturais galego, luso e africano. Inicia as conversas un dos membros de GALABRA para explicar a orixe do grupo e os obxectivos que enmarcan a realización dos seus proxectos, dedicados ás culturas afro-brasileiras nun espazo de análise da cultura e estudos de literatura.

O máis recente destes proxectos, co título “O mundo da ilustración na Galicia no século XVIII (séculos escuros)”, é un traballo de forte revisión bibliográfica fundamentado na problemática da interpretación que brasileiros e portugueses fan da cultura galega e o interese que estes manifestan por visitar Galiza. O proxecto desenvólvese a partir de

cuestións relativas ao turismo e à identidade das culturas de linguas galega e portuguesa, e apóiase nas experiencias facilitadas por guías turísticos que traballan no país e visitantes en Galicia a través de cuestionarios realizados ad hoc.

O Grupo Galabra suxire que os resultados do proxecto poden servir de utilidade para as empresas turísticas no que afecta às relacións entre Galicia-Brasil-Portugal. Por outra banda, o grupo GALABRA manifesta ao Grupo de investigadores membros do proxecto Lusofonía: Interactividade e Interculturalidade o interese e a necesidade de ter produtos audiovisuais procedentes das culturas galega e brasileira para servir de estudo sobre a relación Galicia-Brasil. Noutra orde das cousas, o Grupo GALABRA explica aos participantes na sesión os pormenores do proxecto “Spin off”, consistente no desenvolvemento de iniciativas empresariais que toman como base traballos de investigación realizados dende as universidades. A empresa, “Holística Consultora para a Lusofonía”, xurdida dun dos proxectos de investigación que o grupo está a desenvolver, preséntase como exemplo deste tipo de iniciativas. Aínda en proceso de formación, a empresa non ten establecido contacto polo momento con entidades brasileiras. De seguido, GALABRA procede a explicar aos investigadores parceiros as especificidades dos proxectos de creación de empresas vencelladas á actividade universitaria en Santiago de Compostela.

Logo diso, os participantes na sesión discuten sobre as posibilidades de cooperación entre os proxectos GALABRA e LUSOFONÍA a través do establecemento de estratexias de relación e intervención, que poidan funcionar como manual de aproximación dos países lusófonos á Cultura Galega. Co remate do encontro, os asistentes manifestáronse interesados e abertos ás relacións entre os dous grupos.

### **3.7.- ENCONTRO INFORMATIVO COAS EMPRESAS VENCELLADAS AO PROXECTO**

Xoves, 19 de novembro de 2009. 16.30 h. Seminario 3

Participan: Margarita Ledo Andión (USC), Enrique Castelló Mayo (USC), Xosé Durán (TVG), Luz Castro (Imaxin), Víctor Freixanes (Galaxia).

Nesta penúltima xornada da semana desenvólvese unha sesión informativa coas empresas colaboradoras co proxecto e os coordinadores dos grupos de recepción. O encontro é presidido polos profesores Enrique Castelló Mayo e Margarita Ledo Andión e conta coa

asistencia, por parte das empresas participantes, de Xosé Durán, da Televisión de Galicia; Luz Castro, de Imaxin; e Víctor F. Freixanes, da editorial Galaxia.

Os representantes do grupo de Estudos Audiovisuais sinalan a importancia primordial da colaboración das empresas nesta investigación, pois dotan o proxecto dunha finalidade práctica concreta que materialice os avances teóricos tirados da pesquisa. A sesión comeza cunha posta en situación do proxecto, na que se amosa aos asistentes a ferramenta online empregada na pesquisa (o *Orchestra Básico*) e se informa dos avances do proceso de investigación (resultados dos pretest, formación dos grupos de recepción, actividades desenvolvidas ao longo da semana de encontro...). Na navegación dentro do *Orchestra Básico* agroman diferentes propostas entre as que destaca a do representante da Radio Televisión de Galicia, que suxire a posibilidade de enlazar aqueles contidos producidos dende a canle pública coa súa web, de maneira que o alumno/a receptor/a poida ampliar a súa información encol do filme ou serie, así como visionar outros capítulos, de ser o caso.

Por parte da editorial Galaxia, Víctor F. Freixanes lembra a necesidade de dirixir o proxecto cara a un traballo práctico específico, unha produción concreta que vaia máis aló das conclusións teóricas que decote pechan os traballos de investigación. Para o director da editorial Galaxia cuestionarse as tácticas para vender este hipotético produto e dirixilo á sociedade nun ámbito extrauniversitario sería un dos aspectos primordiais da investigación. Enríque Castelló concordando coa iniciativa de Freixanes, fala do proceso de pesquisa como dun imprescindible primeiro chanzo de análise e especulación teórica que permita chegar, coa maior das garantías posíbeis, ao mercado. No debate profúndase na necesidade de aplicar o método científico antes de guindar un produto ao mercado. Xosé Durán fala da seguridade que outorga un proxecto de investigación destas características, pois cómpre coñecer as especificidades e os puntos en común de cada unha das rexións da Lusofonía para crear un modelo de produto, até o de agora inexistente.

### **3.8.- ELABORACIÓN DO CRONOGRAMA DA INVESTIGACIÓN**

Xoves, 19 de novembro de 2009. 18.30 horas. Seminario 3

Participantes: Margarita Ledo Andión, Marta Pereiro, Ana Isabel Rodríguez, Xan Viñas, Amanda Paz, Doris Fagundes, Antonio Nhaga.

A última das reunións cos coordinadores dos grupos de recepción é dirixida por Ana Isabel Rodríguez e ten como finalidade a elaboración do cronograma de actividades que permita a consecución dos obxectivos da investigación nos prazos previstos.

Para artellar o cronograma de referencia créanse dous grupos por mor das especificidades de calendario de cada país. Deste xeito, os test das universidades brasileiras comezarán máis tarde que as de Guiné Bissau e Portugal pois inician o curso académico no mes de marzo de 2010. Polo xeral a estrutura do cronograma reserva oito semanas para o visionado das mostras e a cumprimentación do cuestionario; unha semana a seguir para análise das respostas dende o Grupo de Estudos Audiovisuais; catro semanas para os foros e chats definitivos. Tamén se teñen en conta as semanas feridas como son os casos da Semana Santa (29 de marzo en diante), Entroido (16 de febreiro) e, no caso brasileiro o 3 e o 11 de xuño, o primeiro deles por ser feriado nacional e o segundo por coincidir co comezo da Copa do Mundo de fútbol.

No tocante ao número de mostras, os coordinadores coinciden en indicar que o ideal sería visionar unha mostra por semana, o que faría un total de 8 mostras, que poderían chegar até dez se se percibe que o grupo de recepción en cuestión ten a capacidade de traballo necesaria para superar a mostra semanal. Con respecto á relevancia das mostras, Doris Fagundes apuntou a posibilidade de ordenar as mostras de maior a menor importancia por prever que o interese e a implicación dos/as alumnos/as vai ir decrecendo co paso das sesións.

## 4.- INSTRUCCIÓN PARA OS COORDINADORES DOS GRUPOS DE RECEPCIÓN

Os países lusófonos constitúen un espazo xeo-lingüístico plural e asimétrico cun fío común, unha partilla de linguas do mesmo sistema lingüístico de inestimábel valor de uso- e de cambio- para a circulación de produtos das industrias culturais. O proxecto de Investigación e Desenvolvemento *Lusofonía, Interactividade e Interculturalidade*, trata de localizar as barreiras, con e para alén da cuestión lingüística que obstaculizan esa realidade potencial. Para iso, márcanse as seguintes pautas:

- 1.- Elaborar unha mostra tipolóxica, que inclúa ficción cinematográfica e televisiva en formatos diversos, documental e animación, a partir dos catálogos que ofrecen as empresas audiovisuais.
- 2.- Efectuar unha análise de contidos consonte ás categorías localizadas. Realizar unha sistematización de certos motivos e modos na dramaturxia, que puideran funcionar como indicadores da posta en escena e dos estilos dominantes na creación audiovisual en Galicia.
- 3.- Analizar comparativamente a recepción que os membros dos grupos fan destes produtos e compor unha clasificación temática, formal e tipolóxica dos produtos que circulan mellor.
- 4.- Extraer das conclusións desta análise, resultados e recomendacións para a súa aplicación neste ámbito, configurado por un elo lingüístico que non se ten incorporado de maneira habitual aos debates do intercambio de persoas, ideas e produtos na mundialización.

Este conxunto de tarefas esixe a consecución dunha serie de obxectivos parciais que precisan da participación dos membros dos distintos grupos e que están suxeitos a unha temporalidade específica.



## **4.2.- ATRIBUCIÓN DE COMPETENCIAS AOS COORDINADORES SEGUNDO CRONOGRAMA**

1ª FASE: Período previo ao pre-test.

Os coordinadores dos grupos deben responder nesta fase a unha serie de aspectos técnico-informativos con relación aos Grupos de Recepción. Atoparán unha breve descrición de tales aspectos no seguinte esquema.

### 1.- Información individualizada de cada un dos membros do grupo

Para un adecuado seguimento dos datos aportados por cada un dos participantes no estudo, cómpre que os investigadores poidan efectuar certo control das informacións por eles achegadas. Tal esixencia precisa da configuración dunha ficha de identificación dos compoñentes do grupo que recolla estes datos:

Nome e apelidos

Universidade e país de procedencia

Grao de estudos

E-mail

Esta información debe ser remitida ao grupo organizador en Santiago de Compostela, antes do 1 de novembro de 2009.

### 2.- Información grupal

Derivada desa primeira esixencia devén outra paralela. Para favorecer o intercambio de formación entre os conxuntos das universidades parceiras e coordinar os encontros é necesario coñecer de antemán a composición dos grupos (nº de persoas, grao formativo ao que pertencen, dispoñibilidade de participación...) así como a maneira en que tales grupos teñen previsto organizar as sesións (que días se reunirán, a que hora, duración das sesións, nº de sesións previstas). Configurar o calendario de traballo cunha previsión suficiente axudará a evitar problemas de coordinación de axendas... (feiras diferenciadas por países, necesidades dos centros...). Nesta liña, os coordinadores deben manifestar as súas preferencias e suxestións para a realización nos chats e participación nos foros (dado que

eles deberán estar tamén presentes nestas actividades). Estes datos deben ser remitidos ao grupo organizador en Santiago de Compostela, antes do 1 de novembro de 2009.

### 3.- Información técnica

A fin de adecuar o software de traballo ás posibilidades de cada un dos centros participantes o grupo organizador da USC solicita unha descrición do equipamento tecnolóxico de que dispón cada un dos grupos parceiros, así como dos espazos e medios cos que contan. Neste relatorio, cómpre indicar o número de ordenadores que teñen, as súas propiedades e a distribución que se fai deles por alumnos, resolución e dimensións dos monitores de visionado, o sistema, capacidade e velocidade de conexión á rede, dotación de webcams, e todos aqueles aspectos que poidan resultar fundamentais.

## **2ª FASE: REALIZACIÓN DO PRE-TEST**

Co obxectivo de garantir o éxito da fase de análise das mostras, programada para xaneiro de 2010, preveuse realizar unha experiencia piloto na que os usuarios puidesen enfrontarse ao cuestionario dende a aplicación informática deseñada para a avaliación das pezas audiovisuais. Isto permitirá detectar erros e dúbidas tanto no referente aos contidos (conceptos abordados, sesgos nas preguntas, inadecuación das mostras seleccionados), como no referente ao soporte informático empregado (problemas de codificación, trabas no acceso á web, erros no almacenamento dos datos, insuficiencias técnicas...).

Os coordinadores de cada grupo terán á súa disposición información detallada sobre o correcto cumprimento da aplicación, deberán estar presentes en cada sesión para servir de apoio e información aos participantes e poder dar conta de canta incidencia se produza durante a realización destas probas.

Esta experiencia piloto servirá ademais para pór a proba a capacidade de comunicación entre os grupos, avaliar a disposición dos suxeitos para participar no estudo e ir aventurando unha maneira de mellorar os encontros. Para iso, os coordinadores tomarán tamén notas, impresións xerais da forma en que se desenvolven as prácticas de análise, da actitude dos alumnos e das posibles maneiras de incentivar a súa participación no proxecto. Serán tamén os coordinadores os que propoñan día e hora para a celebración dun chat de proba no mes de outubro ou na primeira semana de novembro.

## **3ª FASE. AVALIACIÓN DA EXPERIENCIA PILOTO**

Nas dúas primeiras semanas de novembro os coordinadores terán tempo para compilar as informacións recollidas durante o período de proba da plataforma e do cuestionario da análise. Será na terceira semana de novembro, na xuntanza intergrupala programada en Compostela, cando expoñan ao resto dos participantes os pormenores do funcionamento, as necesidades e os atrancos do seu grupo. O calendario provisional para tal xuntanza é como segue:

	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
10.00 12.00		Avaliación do PRE-TEST.	INSTRUCCIÓNS: para o manexo da ferramenta online	SESIÓN INFORMATIVA: Lusofonía. Centro de Estudos Brasileiros	CONCLUSIÓN: Revisión do cronograma
Break café					
12.15 14.00		Planificación para a DIFUSIÓN dos resultados do proxecto.	INSTRUCCIÓNS para o manexo da ferramenta online	VISITA: Consello da Cultura Galega	
Comida					
16.30 19.30	Tratamento do concepto LUSOFONÍA.	FORO DE COORDINADORES: Tratamento obxectivos-base da investigación	INSTRUCCIÓNS para o manexo da ferramenta online	SESIÓN INFORMATIVA: Empresas colaboradoras co proxecto	

Nestas sesións estudaranse as barreiras atopadas na experiencia proba, e darase solución aos atrancos organizativos. Da xuntanza sairá tamén o calendario definitivo para a realización das sesións e a celebración de chats así como o protocolo de resposta ao cuestionario.

#### 4ª FASE. REALIZACIÓN DO PROXECTO

Unha vez configurados os grupos definitivos e antes de comezar a fase 'real' de análise de contidos, os coordinadores exporán aos alumnos participantes as características e obxectivos do proxecto. Durante as sesións levarán control de asistencia dos membros do grupo. Servirán de coordinadores informativos para resolver, en primeira instancia, as dúbidas que poidan formular os integrantes do grupo ao seu cargo e para trasladar, en caso de non poder resolvelas, tales dúbidas ao grupo de Compostela.

É obriga dos coordinadores efectuar un seguimento das prácticas de análise, asegurándose de que os alumnos non saltan ningún dos pasos, teñen tanta información precisan para resolver as dúbidas e cumprimentan o cuestionario de maneira regular. Neste punto, recoméndaselles que lean a ficha contextual de cada mostra antes de comezar cada sesión.

Os coordinadores deben observar a implicación nas respostas e o interese que estas espertan na clase. Tomar apuntamentos daqueles temas que resultaron máis polémicos ou atractivos e de impresións reticentes para trasladarllos ao equipo organizador da USC e que estes sexan recollidos nos foros e abordados nos chats.

É moi importante que presten especial atención ao cumprimento dos obxectivos base e advirtan das dúbidas ou disfuncións respecto deles. Véxase:

Se atopan barreiras na lingua e consideran necesario o subtítulo.

Avaliar o atractivo dos temas propostos.

Observar o interese dos rapaces por obras procedentes doutras culturas

Ver se funcionan os produtos audiovisuais propostos e se, a dicir do grupo de recepción, contan con suficiente calidade técnica.

## 5.- SISTEMÁTICA PARA A OBTENCIÓN DE DATOS. O CUESTIONARIO.

A partir do marco teórico, dos antecedentes e o estado da cuestión de referencia, acométese o deseño metodolóxico da nosa proposta, condicionado pola natureza cuantitativa e cualitativa dos datos a tabular. Deste xeito, no que atinxe á sistematización dos datos cuantitativos, o deseño da ferramenta de enquisa online acolle distintas combinacións de medicións escalares aos efectos de garantir a fiabilidade e produtividade dos contidos, minimizando os riscos de automatización ou de trivialización nas respostas.

En canto ao procesamento dos datos cualitativos, pretendíase completar os resultados cuantitativos obtendo outro xeito de información máis espontánea, ou cando menos non condicionada por magnitudes escalares previamente establecidas. Neste sentido, optouse pola análise semántica dos chats mantidos cos distintos universos referenciais integrantes das mostras de poboación estratéxica, sendo despois sistematizada por programas informáticos específicos de minería de opinión. A partir da metodoloxía sinalada artéllase o cuestionario definitivo inserido na ferramenta online Orchestra cuxos resultados fornecen ao grupo de Estudos Audiovisuais do material primario sobre o que establecer as interpretacións e conclusións finais da investigación.

O cuestionario divídese, nunha primeira discriminación, en dous grandes bloques: un primeiro dedicado á definición do perfil de usuario, tanto a nivel demográfico e sociocultural, como de consumidor de produtos culturais; un segundo apartado de análise das mostras a cumprimentar polo enquisado ao remate do visionado de cada fragmento.

Os dous primeiros apartados do cuestionario destinados, como se explicou, a delimitar e definir a poboación participante na pesquisa, deben ser cubertos por cada alumno no momento de ingresar na páxina. O login no Orchestra realízao cada alumno escollendo un nome de usuario e indicando a universidade de procedencia o que nos permite unha primeira clasificación do alumnado por centro de estudos.

Unha vez dentro da páxina o usuario debe cumprimentar os apartados de *Perfil de usuario e Hábitos de consumo*, pasos indispensables para acceder ao visionado das mostras. Cada un dos apartados do cuestionario posúe ao remate dúas casillas destinadas a que cada alumno poida achegar as consideracións que vexa oportunas sobre as preguntas propostas e, ao

tempo, introduza temas acaídos para o apartado de Foros. O primeiro casilleiro permite coñecer as posibles incidencias acontecidas na cumprimentación do cuestionario ou aquelas preguntas que foron de difícil comprensión. A casiña destinada ás propostas para os foros ten especial relevancia no cuestionario de análise das mostras pois permite extraer temáticas e aspectos relevantes derivados do visionado das pezas que suscitan especial atención no receptor. Os comentarios dos alumnos parceiros son reenviados automaticamente ao enderezo electrónico do Grupo de Estudos Audiovisuais, o que facilita dende o grupo matriz o seguimento das incidencias na navegación da ferramenta ao tempo que permite dinamizar e moderar o apartado de *Foros*.

O *Perfil de usuario* achega ao grupo de Estudos Audiovisuais datos demográficos e socioculturais arredor da poboación participante. Estas primeiras categorías crearon a base sobre a que artellar os pertinentes cruzamentos de variables e permitiron definir dinámicas poboacionais nos usuarios da páxina ao podermos clasificar o alumnado nos seguintes parámetros: xénero, idade, lugar de procedencia, número de habitantes do hábitat de residencia, nivel de estudos, status socioeconómico e profesión.

Logo desta primeira fase puramente estatística o alumno cumprimenta catro apartados que teñen como obxectivo a detección dos valores socioculturais imperantes en cadanseu ámbito persoal e colectivo. Nesta sección do cuestionario conflúen preguntas referidas á identidade individual e grupal, problemas e valores sociais preponderantes, ou os factores que inflúen na percepción de felicidade e benestar do usuario, con posibilidade de resposta múltiple. Para a achega de opcións de resposta dende o grupo de Estudos Audiovisuais recorreuse ao Barómetro Europeo publicado pola Comisión Europea en 2001, ferramenta que, a través dun perfeccionado sistema de sondaxes, detecta aqueles problemas sociais que máis preocupan á poboación.

O apartado de *Hábitos de consumo* procura unha definición do perfil do enquisado como consumidor de produtos culturais e, nomeadamente, como espectador de contidos audiovisuais. A análise das respostas deste apartado achega ao grupo compostelán un coñecemento real da poboación receptora no eido lusófono e permite desbotar posibles tópicos carentes de veracidade que puideran agromar por mor da ausencia de análises e estudos de audiencias específicos para este espazo xeolingüístico.

Neste senso, a primeira pregunta da sección pide ao alumno que liste por orde de preferencia diversos medios ou soportes da comunicación e a cultura: radio, cine,

vídeo/DVD, libros, televisión, prensa, internet. A seguir desenvólvense cuestións relativas a cada un dos soportes se ben evitouse unha agrupación temática das preguntas ao partirmos dun principio de dispersión, un método de contraste que permite comprobar a concordancia da resposta do enquisado e verificar a fiabilidade das achegas ao situar preguntas de índole semellante en diferentes puntos do cuestionario.

No apartado referido ao consumo de produtos audiovisuais as primeiras cuestións céntranse nas afinidades do enquisado, coa inclusión de preguntas como as últimas catro obras que fosen do seu interese, debendo citar o título e o soporte de consumo de cada unha delas (sala de cinema, DVD, descargas, TV, internet). Este apartado permítenos non só coñecer as tendencias xerais do alumnado no tocante ás preferencias cinematográficas, senón tamén detectar dinámicas de consumo no audiovisual contemporáneo. A continuación engadimos unha variable indispensable para o proxecto, ao formular a mesma cuestión máis referida especificamente ao cinema galego e da lusofonía, o que achega luz verbo do coñecemento e difusión do cinema en lingua galego-portuguesa na súa propia área de uso e influencia. Con esta mesma finalidade pídesse ao alumno que cite tres profesionais e outros tantos protagonistas da cultura audiovisual da área lusófona.

Neste cuestionario abórdanse tamén hábitos de consumo na Rede, nas salas de cinema ou na televisión. Nestes apartados cuestiónase cales son as webs máis visitadas para o consumo audiovisual, a frecuencia de asistencia ás salas de cinema, o tempo e as horas máis frecuentes de consumo televisivo, radiofónico ou de internet e o uso de sistemas de partilla de arquivos en rede baixo a tecnoloxía P2P. Este cuestionario inicial remata coa formulación de preguntas relacionadas coa globalidade do proxecto como a incidencia da produción e distribución de obras audiovisuais na configuración dunha determinada cultura ou asuntos relacionados coa discriminación de xénero ou de idade entre os profesionais do sector.

Unha vez que o enquisado cumprimenta correctamente todos os campos da primeira parte do cuestionario, pode acceder ao visionado das mostras. Cada un dos oito fragmentos escolmados dende o grupo de Estudos Audiovisuais ten asociado un cuestionario de análise que se divide á súa vez en dúas partes, unha primeira na que se valora o nivel de comprensión que o alumno acadou do visionado e unha segunda máis técnica no que cualifica aspectos técnicos e narrativos da peza en cuestión. O acceso a estes cuestionarios actívase unha vez que o enquisado reproduce completamente a mostra e cóbrese unha soa

vez, imposibilitando que os resultados poidan modificarse polo contacto cos demais membros do grupo receptor o que podería repercutir nunha homoxeneización das respostas en cada centro de estudo.

A primeira parte do cuestionario de Análise da mostra contén varios apartados textuais de resposta libre e non guiada nos que o alumno ten a posibilidade de reflexionar verbo da mostra que vén de visionar. Neste camiño van as primeiras preguntas nas que se pide unha sinopse do fragmento e unha relación de cinco aspectos negativos e outros tantos positivos da peza, así como unha reflexión de mellora da mostra. Noutro apartado desta sección pregúntase polo nivel –en porcentaxe- de comprensión xeral e lingüística, así como polo grao de familiaridade cultural dos valores socioculturais presentes na mostra. Coa combinación destes apartados tiramos os datos precisos para medir o nivel de comprensión consciente dos alumnos lusófonos verbo do audiovisual galego, datos que contrastados coa comprensión real que podemos deducir da análise pormenorizada das sinopses e demais apartados puramente textuais, botan luz arredor da fiabilidade das respostas e o nivel real de proximidade cultural e lingüística entre as mostras escolmadas e o público potencial da Lusofonía.

Na segunda parte da análise do cuestionario abórdanse cuestións máis técnicas que precisan duns coñecementos mínimos de linguaxe audiovisual que se lles supoñen a alumnos de Ciencias da Comunicación. Neste apartado o enquisado puntúa de 0 a 5 a calidade de distintos elementos que conflúen na construción das mostras, dende aspectos narrativos e semióticos –construción dos personaxes, ráccord, diálogos e monólogos, dirección de actores ou guión- até artísticos ou puramente cinematográficos -decorado, banda sonora, iluminación e dirección de fotografía, planificación audiovisual, montaxe, postproducción ou efectos especiais-. A maiores da puntuación esíxeselle a cada alumno unha explicación razoada da puntuación dada, na medida dos seus coñecementos.

## 6.- INFORME DE ACOTACIÓN DA MOSTRA DE ANÁLISE

O proxecto *Lusofonía: Interactividade e Interculturalidade* ten como obxectivos a localización, a partir do estudo da recepción de produtos-modelo, das barreiras que frean a circulación de produtos audiovisuais en lingua galega na área de lusofonía, a organización en categorías destes produtos, así como a análise de contido consonte ás diferentes categorías localizadas.

Este labor analítico pasa necesariamente por unha adecuada selección das pezas que compoñen as unidades de observación para os grupos de recepción, isto é, da mostra tipolóxica que os alumnos estudarán co fin de sinalar aqueles elementos que supoñen un atranco na aceptación dos produtos audiovisuais galegos nos seus respectivos países. Emporiso, tal selección revélase como unha ferramenta básica da investigación para a obtención de resultados que require da observación de certos criterios combinados en fases distintas do proxecto, as cales teñen por obxectivo unha experimentación previa ao lanzamento da experiencia cos grupos colaboradores.

Segundo o cronograma estimado na fase de desenvolvemento da presente investigación, exposto na memoria do Programa de Promoción Xeral da Investigación Básica da convocatoria de 2008, o período de acoutamento da mostra de análise sitúase entre outubro e decembro de 2009, e ten como requirimento que tal mostra inclúa ficción cinematográfica e televisiva en formatos diversos, documentais e animación, a partires dos catálogos de produción que as empresas audiovisuais galegas ofertan na web.

Cómpre indicar que previa a este período, existe unha compilación inicial de obras audiovisuais, coincidente coa etapa de definición da poboación de análise, que serviu como ferramenta experimental para a realización dun pre-test que tiña por obxectivo facerse cunha primeira impresión sobre a recepción destas obras a fin de estar en disposición de propor un correcto trazado do cuestionario base da investigación e de elaborar un software específico ao tempo que se avaliaba a capacidade de resposta dos grupos para a organización das futuras sesións de traballo.

Tendo isto presente, podemos distinguir tres fases con obxectivos concretos na tarefa de escolla e experimentación coas mostras audiovisuais :

## **6.1.- AVALIACIÓN DO CUESTIONARIO E DO MÉTODO DE INVESTIGACIÓN**

Nesta primeira etapa e, realizada en decembro de 2008 na Pontificia Universidade Católica de Río Grande do Sul, buscábase a avaliación do cuestionario que constitúe a primeira toma de contacto cos suxeitos da investigación, ao tempo que se procuraba comprobar se a mostra audiovisual presentaba un nivel básico de comprensión.

Neste senso, os requirimentos principais aplicados ás mostras nesta fase foron:

- a. Língua.- Uso nas mostras da lingua galega para coñecer o grao de comprensión lingüística do noso universo de recepción.
- b. Representatividade.- dos formatos do sistema audiovisual galego.
- c. Tema.- Selección dos temas principais que se quere testar na investigación.

Deste xeito, o equipo de investigación seleccionou 8 secuencias de produtos audiovisuais de distintos formatos televisivos que representasen as distintas temáticas. As mostras foron as seguintes:

“As leis de Celavella” (fragmento) Serie televisión.

“Libro de Familia”. (fragmento)Serie televisión.

“O partido”. (fragmento) TV movie

“Os océanos do home”. (fragmento)Serie documental.

“Terras de acolá”. (fragmento) Serie documental.

“Os vixiantes do camiño”. Longametraxe de animación.

“Padre Casares”. (fragmento) Serie televisión

“Pratos combinados”. (fragmento) Serie televisión

## **6.2.- AVALIACIÓN DA FERRAMENTE WEB**

Nunha segunda etapa, que se corresponde coa avaliación da ferramenta web que serve como instrumento para a análise de contidos, os requirimentos das pezas audiovisuais para que poidan ser incluídas no estudo son os seguintes.

- a. Lingua.- Escolleranse obras audiovisuais que teñan sido realizadas en galego ou presenten versión dobrada nesta lingua (con preferencia polas primeiras).
- b. Formato.- Buscarase que no total das obras seleccionadas estean representados os formatos de programas máis destacados do sistema audiovisual galego: longametraxes, curtametraxes, tv movies, seriais televisivos, documentais e produtos de animación.
- c. Tema.- As pezas deberán recoller nos seus argumentos aquelas cuestións ás que a nosa investigación atribúe un interese específico: identidade, emigración-inmigración, discriminación, dereitos individuais e colectivos, educación, medio ambiente, situación laboral, violencia...
- d. Cronoloxía.- Formarán parte do estudo aquelas pezas producidas ou realizadas entre xaneiro de 2003 e decembro de 2008.
- e. Accesibilidade.- Ao tratarse dunha experiencia piloto suxeita a un calendario delimitado polas necesidades da investigación, serán prioritarias aquelas obras accesibles no momento correspondente co curso desta etapa do traballo.
- f. Calidade.- Excluíranse da escolla pezas audiovisuais que, malia seren interesantes no referente aos contidos e cumpriren co resto de requirimentos enriba sinalados, sexan presentadas en copias cunha calidade deficiente, tanto no campo visual coma no sonoro.
- g. Duración.- O programa de sesións marcado polos grupos participantes na investigación (90 minutos, unha vez á semana) impón restricións na duración das pezas para un maior aproveitamento do tempo dedicado á análise. Procurarase que as mostras non superen os 20 minutos, sexan fragmentos de obras audiovisuais ou produtos íntegros.

Ademais, a temporalidade desta fase da investigación centrada na avaliación da ferramenta web (un mes) delimita o número de exemplos: non máis de oito.

Con iso, a selección componse dos seguintes títulos:

As Encrobas (fragmento). Longametraxe documental

Linguas cruzadas (fragmento). Curtametraxe documental

O Partido (fragmento). TV movie

Pradolongo (fragmento). Longametraxe

As cores do frío (peza íntegra). Curtametraxe

A flor máis grande do mundo (peza íntegra). Curtametraxe animación.

Padre Casares (fragmento). Serie televisión

Conexión (fragmento). Serie televisión.

### **6. 3.- INICIO FASE ANALÍTICA**

A terceira e última etapa xorde unha vez completado o período de proba da ferramenta web, que entre outubro e novembro de 2009 permitiu aos grupos das universidades parceiras ter unha primeira toma de contacto co tipo de mostras que os estudantes terán que analizar ao longo do proxecto e co sistema operativo co que contarán para facelo. As conclusións deste pretest foron presentadas durante a xuntanza de coordinadores celebrada en Santiago de Compostela entre o 16 e o 19 de novembro de 2009.

Este encontro, amais de posibilitar unha achega conxunta á teórica arredor da Lusofonía e permitir a unha análise compartida da evolución do proxecto, da ao Grupo de Estudos Audiovisuais a oportunidade de coñecer as impresións dos analistas sobre a idoneidade das mostras escolmadas en termos de temática, duración, formato, proximidade cultural, comprensibilidade... a fin de efectuar a selección final dos vídeos que comporán a proposta audiovisual para a análise.

Na listaxe de factores que xustifican esta escolma definitiva seguen presentes boa parte dos requirimentos que se esixiron das mostras nas fases anteriores, aínda que a

importancia que se concede a cada un deles varía. Indícanse no seguinte relatorio por orde de importancia.

- a. Lingua.- Os principios teóricos do proxecto esixen a exclusión de todas aquelas obras que non foran realizadas en galego ou non contén con versión dobrada nesta lingua. Pese a que se deu prioridade ás mostras en versión orixinal, a escaseza de longametraxes rodadas no noso idioma e a necesidade de incluír na escolla todos os formatos representativos do audiovisual galego abren o campo ás versións dobradas.
- b. Tema.- Os temas aos que a nosa investigación atribúe un interese específico volven ser prioritarios: identidade, discriminación, dereitos individuais e colectivos, educación, medio ambiente, situación laboral, violencia, emigración-inmigración. Ao facer a escolma temática, a concreción das pezas, isto é, a súa capacidade de desenvolver nun fragmento inferior a 15 minutos algunha das cuestións de interese para a investigación, adquiriu especial relevancia e determinou a exclusión de moitos dos exemplos estudados.
- c. Cronoloxía.- O criterio cronolóxico responde única e exclusivamente a periodización estipulada polo proxecto *Lusofonía: Interactividade e Interculturalidade*, que procura facer un estudo do panorama audiovisual recente. Foron tidas en conta as mostras realizadas entre o un de xaneiro de 2003 e o 31 de decembro de 2008
- d. Formato e modalidade.- Malia que este requirimento xa estaba presente nas escolmas anteriores, nesta nova etapa vén a aplicarse de diferente maneira. No canto de buscar unha equivalencia numérica no tipo de formatos escollidos, procúrase unha selección proporcional ao ritmo e nivel de produción dos tipos de programa, o que devén nunha selección composta por: 4 longametraxes, 2 curtametraxes e 2 seriais.
- e. Modalidade.- A relación de mostras escollidas presenta exemplos de produtos de ficción e achegas documentais.
- f. Calidade.- De novo foron excluídas da escolla aquelas mostras que, malia seren interesantes no referente aos contidos e cumpriren co resto de requirimentos enriba sinalados, eran distribuídas en copias cunha calidade insuficiente, tanto no campo visual coma no sonoro.

- g. Duración.- Para a realización do pretest compúxose unha selección de fragmentos cunha duración individual non superior aos 20 minutos. Tralas conversas cos coordinadores das universidades parceiras, que sostíñan que a análise dalgunha das pezas superaba o tempo programado para as sesións dos estudantes, decidiuse reducir no posible a extensión das mostras. Na escolla final, esta duración non supera en ningún caso os 15 minutos, sendo, por veces, moi inferior.
- h. Accesibilidade.-O cronograma do período final de selección das mostras, de outubro de 2009 a febreiro de 2010, concedeu tempo abondo para a consecución de copias dun elevado número de produtos audiovisuais. Malia que algúns dos títulos de potencial interese cara a investigación non puideron ser visualizados (pola reticencia das empresas produtoras ao cargo, ou a non existencia de copias para distribución), a súa porcentaxe é moi inferior á de etapas anteriores, con calendarios para a escolla moito máis axustados. É por iso que a accesibilidade das pezas perdeu forza na listaxe dos criterios que xustifican a escolla.

A xuntanza de coordinadores dos grupos de investigación en Santiago de Compostela, permitiu concretar de maneira conxunta o programa de sesións de análise de cada universidade. O novo calendario, baseado nas experiencias obtidas do pretest mantén en oito o número de mostras para análise.

Con iso, a selección definitiva componse dos seguintes títulos:

“As Encrobas” (fragmento). Longametraxe documental

“Linguas cruzadas” (fragmento). Curtametraxe documental

“León e Olvido” (fragmento). Longametraxe de ficción.

“As cores do frío” (peza íntegra). Curtametraxe de ficción.

“A meiga chuchona” (peza íntegra). Curtametraxe animación.

“Padre Casares” (fragmento). Serie televisión

“Conexión” (fragmento). Serie televisión.

“A nova aldea” (fragmento).- Longametraxe documental

## 6.4.- MOSTRA DEFINITIVA

A seguir, as fichas informativas de cada unha das mostras que compoñen a escolma final para a análise.



### LINGUAS CRUZADAS

Longametraxe documental (fragmento)

TEMAS: Lingua e identidade

O documental afonda na cuestión sociolingüística a través da xente nova, da primeira xeración da historia que tivo o galego como lingua oficial. Xente de menos de 30 anos que creceu aprendendo galego na escola e escoitando nos medios de comunicación. Co convencemento de que as experiencias e opinións desta xeración son clave para entender o estado actual da lingua e os retos para o futuro, o documental recolle as opinións de máis de 35 persoas e céntrase cinco personaxes que representan outros tantos paradigmas de falantes na mocidade actual.

Duración da mostra	14 min
Duración da obra orixinal	50 min.
Ano	2007
Nacionalidade	Galicia
Idioma de gravación	Galego
Formato	Longametraxe
Xénero	Sociedade
Modalidade	Documental
Dirección	María Yáñez Anllo, Mónica Ares
Guión	María Yáñez Anllo, Mónica Ares
Produción Executiva	Enrique Otero Suárez, Adrián Pino Suárez, Xacobe Sineiro
Dirección de produción	Cristina Martins Bouzón
Dirección de Fotografía	Juan Angel Barro 'cremi'
Director de Arte	
Montaxe	Xacobe Sineiro
Son	Manuel Maneiro
Banda sonora	Enrique Otero Suárez, Pablo Pérez
Reparto	
Produtoras	Control Z, Televisión de Galicia



## AS CORES DO FRÍO

Curtametraxe de ficción (peza íntegra)

TEMAS: Violencia de xénero

As cores do frío presenta unha visión arrepiante da violencia doméstica a través dos ollos dun neno.

Duración da mostra	14 min.
Duración da obra orixinal	14 min.
Ano	2005
Nacionalidade	Galicia
Idioma de gravación	Galego
Formato	Curtametraxe
Xénero	Drama
Modalidade	Ficción
Dirección	Anxo Cendal Lago
Guión	Anxo Cendal Lago
Produción Executiva	Fernando Marcote Núñez, Virginia Ramírez
Dirección de produción	
Dirección de Fotografía	Cuchi Carreira,
Director de Arte	J. C. Rivas
Montaxe	Anxo Cendal Lago
Son	Artus Rodríguez, Javi G. Antuña
Banda sonora	
Reparto	Alex Neira, Aurora Mestre, Antón Olmos Rodríguez, Lois Soaxe, Anxela Alonso
	EGACI
Produtoras	Escola de Imaxe e Son (EISV). Vigo



## LEÓN E OLVIDO

Longametraxe de ficción (fragmento)

TEMAS: Discriminación- integración. Discapacidade. Situación laboral

León é un rapaz con síndrome de Down que vive coa súa irmá Olvido desde que lles morreron os pais. Todo canto teñen é o alugueiro da casa na que viven e un vello coche que lles quedou en herdanza. Dada a enfermidade de León é Olvido quen se ocupa da subsistencia dos dous.

Duración da mostra	11 min.
Duración da obra orixinal	115 min.
Ano	2003
Nacionalidade	Galicia
Idioma de gravación	Castelán
Formato	Longametraxe
Xénero	Drama
Modalidade	Ficción
Dirección	Xavier Bermúdez Sánchez
Guión	Xavier Bermúdez Sánchez
Produción Executiva	Xavier Bermúdez Sánchez
Dirección de Fotografía	Alfonso Sanz Alduán
Director de Arte	Rodrigo Roel Rivera
Banda sonora	Coché Villanueva
Reparto	Marta Larralde, Guillem Jiménez, Laura Ponte Santas marinas, Mighello Blanco, Gary Piquer, Rebeca Montero, Nerea Barros, Estíbaliz Veiga,
Produtoras	Xamalú Films, El Paso



## PADRE CASARES

Comedia televisiva (fragmento)

TEMAS: Educación. Integración.

O padre Horacio Casares, formado nun moderno seminario xesuíta, chega a Louredo, unha pequena vila da costa a substituír ó vello padre Amancio, un home que levaba toda a vida nese lugar. Padre Casares narra, con humor e tenrura, o proceso polo que este home irá encaixando nese lugar, á vez tan próximo e tan afastado do que el era ata ese momento.

Duración da mostra	14 min.
Duración da obra orixinal	70 min.
Ano	2005
Nacionalidade	Galicia
Idioma de gravación	Galego
Formato	Teleserie
Xénero	Comedia
Modalidade	Ficción
Dirección	Alex Sampayo, Jorge Coira , Carlos Sedes, Manuel Antonio Espiñeira Roca
Guión	Carlos Portela, Gema Rodríguez, Victoriano Sierra, Lidia Fraga
Producción Executiva	Alfonso Blanco Bembibre
Dirección de Producción	Alfonso Blanco Bembibre, Ana Míguez
Dirección de Fotografía	Carlos Vilas
Dirección de Arte	Antonio Pereira
Montaxe	Daniel Castro, Marisol Torreiro, Juan Pablo Muñoz Zielinski, Iria Puga, Julia Juanatey
Son	Victor Seixo
Banda Sonora	Manuel Riveiro
Reparto	Pedro Alonso, Antonio Durán 'Morris', Mercedes Castro, María Vázquez, Tacho González, Xosé Manuel Olveira 'Pico', Tuto Vázquez, Avelino González, Covadonga Berdiñas, Eva Fernández, Patricia Vázquez, Federico Pérez Rey, Gonzalo Rey Chao, María Tasende
Produtoras	Voz Audiovisual, Televisión de Galicia



## A MEIGA CHUCHONA

Curtametraxe de animación (peza íntegra)

TEMAS: Relixión, superstición, tradición oral, identidade.

Unha muller ve como todos os seus fillos van morrendo dun estraño mal que os vai deixando febles e enxoiotos ata rematar con eles. Farta de probar canto remedio lle recomendan acode a unha vella que lle fai saber que está a ser vítima do mal de ollo.

Duración da mostra	8 min
Duración obra orixinal	8 min
Ano	2006
Nacionalidade	Galicia
Idioma de gravación	Galego
Formato	Curtametraxe
Xénero	Fantástico
Modalidade	Animación
Dirección	Pablo Millán
Guion	Ana Lombao Vázquez
Produción Executiva	Pablo Millán, Ana Lombao Vázquez
Dirección de Producción	Pablo Millán, Ana Lombao Vázquez
Dirección de Arte	Ana Lombao Vázquez
Montaxe	Pablo Millán
Son	Luis Iglesias Fernández



## CONEXIÓN

Miniserie para televisión (fragmento)

TEMAS: Violencia, crime, narcotráfico.

Miniserie de dous capítulos sobre o tráfico de drogas entre Galicia e Portugal. As mafias galegas comezan a operar no norte de Portugal por mor da presión policial.

Duración da mostra	15 min.
Duración da obra orixinal	90 min.
Ano	2008
Idioma de gravación	Galego/ Portugués/Castelán
Formato	Miniserie/telefime
Xénero	Drama
Modalidade	Ficción
Dirección	Leonel Vieira
Guión	Joao Nunes, Jorge Almeida
Produción executiva	Agusti Mezquida, Leonel Vieira, Xavier Villaverde
Dirección de Producción	Candida Vieira, Carlos Amoedo
Dirección de Fotografía	José A. Loureiro
Dirección de Arte	Fernanda Morais
Son	Ferran Mengod
Reparto	Ivo Canelas, Mabel Rivera, Ariadna Cabrol, Francesc Garrido, Mariana Monteiro, Monti Castiñeiras, Marc Martínez, Antonio Cordeiro, Joaquim Nicolau, Almeno Gonçalves, Paco Hidalgo, Cristovao Campos, Susana Arrais, Sivia Rizzo, Maria d'Aires, Miguel Melo, Pedro Varela, Joao Maria Pinto, Rui Cardoso, Orlando Costa, Xabier Deive, Pepo Suevos, Sergi Cervera, Mela Casal, Aldo Lima, Muriel Sánchez, Óscar Branco.
Produtoras	Continental, Stopline Films, Prodigius Audiovisual, Televisión de Galicia, Televisión de Catalunya, Radio Televisión Portuguesa



## AS ENCROBAS, A CEO ABERTO

Longametraxe documental (fragmento)

TEMAS: Medio ambiente, conflito social.

Un conflito que nos anos setenta traspasou as fronteiras galegas e mesmo estatais . Xornais e televisións de Europa e América recollían os enfrontamentos entre labregos armados con paus e paraugas fronte a gardas civís armados con mosquetóns en plena decadencia do ditador Franco. A historia que viviron e viven veciños das Encrobas (Cerdea) desde o momento en que se propón a extracción de carbón (1974) baixo o fértil val

Duración	15 min.
Duración da obra orixinal	55 min
Ano	2006
Nacionalidade	Galicia
Idioma de gravación	Galego
Formato	Longametraxe
Xénero	Historia e Biografía
Modalidade	Documental
Dirección	Xosé Bocixa Rei
Guión	Xosé Bocixa Rei
Produción executiva	Xosé Zapata
Dirección da Producción	Roi Carballido Facal
Dirección de Fotografía	Benjamin Trillo
Montaxe	Mon Moares
Son	Roi Gil Lorenzo
Produtoras	IB Cinema



## A NOVA ALDEA

Longametraxe documental (fragmento)

TEMAS: Medio ambiente, situación laboral

O documental establece, a modo de pequenas historias, un diálogo con distintas personaxes protagonistas do repoboamento da Galicia rural, da recuperación dos oficios tradicionais galegos en clave de modernidade e cunha dignidade social e económica real.

Duración da mostra	10 min
Duración da obra orixinal	58 min
Ano	2008
Nacionalidade	Galicia
Idioma de gravación	Galego
Formato	Longametraxe
Xénero	Etnografía
Modalidade	Documental
Dirección	Carlos Luis Oro Claro
Guión	Carlos Luis Oro Claro
Produción Executiva	Eloy Lozano Coello
Dirección de Producción	Eloy Lozano Coello
Dirección de Fotografía	Pedro García Losada
Montaxe	Carlos Luis Oro Claro, Manuel Domingo Mayo Ramos
Son	Judith Abella López
Banda sonora	Sergio Pena Castro
Produtora	Off Filmes, S.L, Televisión de Galicia, Cinemar

## **7.- A FERRAMENTA DA PESQUISA NO ESPAZO LUSÓFONO**

Deseñar e desenvolver a intranet de xestión para o proxecto *Lusofonía: interactividade e interculturalidade* propúxose dende o inicio como un dos principais puntos de partida e de retorno do proceso investigador. En torno a esta ferramenta online converxerán os principais axentes do proceso (grupo de pesquisa e grupos de recepción), os contidos (mostras) e instrumentos (cuestionarios) de análise. O concepto de rede pode entenderse, pois, nunha dobre acepción: establecerase, dun lado, un traballo de análise en rede, e doutro foméntase unha rede de intercambio de coñecemento sobre o principal obxecto de estudo.

Quedan establecidos deste xeito os distintos niveis da plataforma online que sustenta a iniciativa de pesquisa no ciberespazo lusófono. O propio concepto de intranet con acceso restrinxido aos membros do equipo da pesquisa e do universo de recepción xera unha rede de participación que se fomenta con servizos de intercambio de información a través de foros/grupos de discusión/chats cos que se pretende enriquecer dende o punto de vista cualitativo a análise de datos sobre os hábitos de consumo e a percepción sobre as mostras recollidas mediante os cuestionarios online.

### **7. 1.- PRIMEIRO NIVEL: PRESENTACIÓN, ACCESO E SERVIZOS**

Desenvolver unha web que permita a visualización de material audiovisual, a xestión dos usuarios e a recolla de datos para unha posterior análise formúlase como a ferramenta de traballo indispensable nesta pesquisa no ciberespazo lusófono. Imaxin|software, unha das empresas parceiras do proxecto, encárgase de deseñar unha plataforma online de acceso restrinxido que permite avaliar diverso material audiovisual por parte do público lusófono que terá que visionar certos produtos audiovisuais galegos e valoralos contestando a un cuestionario.

A web/intranet está soportada polo xestor de contidos Orchestra, baseado no framework Symfony, o que facilita a súa implementación e ampliación e permite xestionar de xeito sinxelo e rápido as distintas seccións da web, tanto as estáticas como as dinámicas, ademais do control sobre os accesos ás áreas restrinxidas aos diferentes usuarios do sistema. Asembled, este xestor de contidos permite a actualización descentralizada da web polos

responsables do equipo de pesquisa do proxecto. O módulo de xestión de usuarios é o encargado da seguridade e control dos accesos. Os administradores da web poden crear, modificar ou eliminar usuarios e atribuír permisos para realizar as distintas tarefas do sistema.

Neste sistema de xestión de contidos avanzado, é posible definir novos usuarios, grupos e credenciais de xeito individual ou grupal. O mecanismo de credenciais permite restrinxir o acceso a determinados scripts php (programador) e configúrase en arquivos polo administrador de sistemas ou programador. O acceso a contidos definidos polo usuario administrador realízase mediante usuarios ou grupos que se configuran na área privada que se crea para cada contido. Ademais pódense especificar, para cada usuario, as accións (crear, modificar, eliminar) que pode realizar con cada un dos contidos previamente deseñados. O sistema permite ao usuario recuperar o contrasinal de entrada en caso de que non o lembre, recibíndoo no seu correo electrónico. Os administradores deste entorno web –neste caso os membros do grupo Estudos Audiovisuais– son os encargados de controlar este acceso restrinxido dando de alta aos usuarios acreditados polos grupos parceiros e que pasan a constituírse no universo de recepción.

Este módulo de acceso posiciónase, pois, na páxina de inicio da web do proxecto (<http://www.agacom.org/lusofonia/>) e actúa como punto de partida dunha pesquisa que parte dun binomio composto, por unha banda, dunha mostra representativa de producións audiovisuais en lingua galega, e completado, pola outra, cunha serie de grupos de recepción en tres puntos cualitativamente diferentes do espazo lusófono: Brasil, Guiné-Bissau e Portugal.



## 7.2.- SEGUNDO NIVEL: IDENTIFICACIÓN DOS HÁBITOS DE CONSUMO DOS RECEPTORES

Logo do registro de cada participante na pesquisa á intranet, complétase o proceso de creación da conta de usuario mediante a cobertura dun cuestionario que permite a identificación dos hábitos de consumo de cada receptor. O xestor de contidos permitirá, posteriormente, adxudicar as respostas sobre os contidos das mostras (logo dos visionados das mesmas) ao perfil de cada usuario. O cuestionario sobre hábitos de consumo cóbrese unha única vez ao inicio do proceso de análise, e de xeito previo aos visionados das mostras. O proxecto contempla a creación dunha base de datos específica asociada aos cuestionarios –hábitos de consumo e análise das mostras- á que teñen acceso permanente os administradores da intranet que poden ir xerando informes de xeito periódico e consultar a evolución da actividade dos participantes na pesquisa dende os grupos de recepción.

**LUSOFONIA. INTERACTIVIDADE E INTERCULTURALIDADE**  
**Universidade de Santiago de Compostela**

**Hábitos de consumo da/s enquisada/s**

Introduza os seguintes datos para a configuración da súa conta de usuario

Para o momento non editamos perfís de consumo en 522 exemplares que están agrupados en 60 series de preguntas de carácter personal. Os seus datos serán tratados como total confidenciais. Agradecemos mozo que preserve o seu lealdade no momento de acceder á análise. O sistema poderá confirmación antes de substituír os datos. Por favor, asegúrese de que se trata de datos correctos.

Disponha por serie de preferencias os tradutores/interpretes que máis utiliza, sendo "1" aquel polo que máis utiliza e "5" o que máis utiliza.

Tradutor/interprete	1	2	3	4	5
1					
2					
3					
4					
5					

Disponha por serie de preferencias os tradutores/interpretes que máis utiliza, sendo "1" aquele polo que máis utiliza e "5" o que máis utiliza.

Industria

Industria	1	2	3	4	5
1					
2					
3					
4					
5					

Nota: Os valores máis baixos son "1" e "5".

Marque as seguintes áreas demográficas, das cales máis utiliza, sendo "1" aquela polo que máis utiliza e "5" a que máis utiliza. Marque a frecuencia de consumo.

Marque as seguintes áreas demográficas, das cales máis utiliza, sendo "1" aquela polo que máis utiliza e "5" a que máis utiliza. Marque a frecuencia de consumo.

País	Frecuencia de consumo
País	País
País	País
País	País
País	País
País	País

Imaxe 2

Entre as cuestións que se formulan nesta enquisa sobre o perfil do usuario (máis información no apartado 3 deste artigo) figuran as relativas ao uso dos distintos medios e soportes de consumo da comunicación, en xeral, e das obras audiovisuais, en particular.

### **7.3.- TERCEIRO NIVEL: ANÁLISE DAS MOSTRAS**

Unha vez cuberto o cuestionario sobre os hábitos de consumo, cada receptor accede ao conxunto de mostras que debe visionar e analizar a través dun novo cuestionario. Cada receptor ten acceso previo a unha ficha identificativa de cada mostra, así como aos datos técnicos e de contido que poden resultar de axuda de cara á comprensión das obras ou fragmentos que se propoñen. Tras un primeiro visionado íntegro da mostra, o usuario debe analízala a través do correspondente cuestionario. Neste nivel de análise o receptor pode volver a visionar a obra audiovisual tantas veces desexe para complementar as súas respostas, podendo avanzar ou retroceder dentro da mostra por medio dunha barra de navegación que permite situarse nun punto concreto do fragmento.

Sobre as mostras seleccionadas polo grupo Estudos Audiovisuais da USC (máis información no apartado 3 deste artigo), os receptores deben posicionar o seu punto de vista sobre a ambientación/decorado/atrezzo, a banda sonora/locución/efectos, a construción das personaxes, a continuidade espazo-temporal da narración (ráccord), os diálogos e os monólogos, a dirección de actores, o guión (estrutura e ritmo narrativos), a iluminación e a dirección de fotografía, a montaxe e a edición, a planificación audiovisual (angulación de cámara, profundidade de campo,...) ou a postprodución e os efectos especiais. En todos os casos, o cuestionario contempla unha opinión cuantitativa, a través da valoración numérica en gradación, e outra cualitativa xa que cada pregunta conleva un espazo aberto aos comentarios persoais de cada receptor.

Na semana do 16 ao 20 de novembro ten lugar en Santiago de Compostela unha reunión dos coordinadores dos grupos participantes no proxecto *Lusofonia, interactividade e interculturalidade* co obxectivo de avaliar o estado da investigación, compilar as informacións recollidas durante as primeiras fases do proxecto e analizar as trabas e necesidades coas que toparan cada un dos grupos de estudo participantes durante o proceso.



## **8.- ORGANIZACIÓN DAS RUTINAS DE PESQUISA: CRONOGRAMA E DISTRIBUCIÓN DE TAREFAS**

### **8.1.- O UNIVERSO DE RECEPCIÓN**

O proxecto Lusofonía, Interactividade e Interculturalidade combina a análise de contido e os estudos de recepción coa finalidade de detectar as barreiras socio-lingüísticas que impiden a circulación de produtos audiovisuais galegos na área lusófona. Nun contexto coma este, unha coidadosa conformación dos universos de recepción e o mantemento dunha comunicación constante entre o equipo da USC responsable da pesquisa e estes grupos parceiros revélase como elemento fundamental para o correcto desenvolvemento do proxecto. Resulta así, un esquema organizativo en dous niveis –grupos de análise das universidades parceiras e grupo de coordinación en Compostela- con dinámicas e tarefas propias que se detallan a continuación.

#### **8.1.1.- CONFIGURACIÓN DOS GRUPOS DE RECEPCIÓN**

Na formulación inicial do estudo, trázase un esquema de composición de grupos nos que participan estudantes de tres países lusófonos (Brasil, Guiné Bissau e Portugal), distribuídos en catro universidades parceiras:

Pontificia Universidade Católica de Río Grande do Sul (Brasil),

Universidade Federal da Bahía (Brasil)

Universidade Lusófona de Guiné Bissau (Guiné Bissau)

Universidade da Beira Interior (Portugal).

Co fin de acadar unha mostra estratéxica e procurar certa diversidade na composición dos equipos establécense os seguintes criterios: paridade de xénero (50% dos enquisados serán homes e o 50% mulleres), idade (entre 18 e 25 anos), procedencia xeográfica diferente (contorna rural/urbana) e diversidade formativa (alumnos/as de 1º-2º grao e 3º grao-profesores universitarios).

Estímase que o número mínimo de integrantes do universo sexa de 10, e o máximo de 20.

Determinábase que cada un destes grupos conte cun docente que faga as veces de condutor da investigación no seu centro e de vogal para a coordinación de tarefas cos investigadores da USC ao cargo. Cada universidade designa un ou varios responsables que, amais de levar un control da actividade dos participantes na pesquisa, poidan subministrarlles información sobre o procedemento e os prazos de entrega de cada unha das fases. Así, o cadro de coordinadores dos grupos parceiros pasa a estar composto por:

Doris Fagundes Haussen e Claudia Peixoto de Moura (PUCRS)

Itania María Mota Gomes (UFBA)

Antonio Nhaga (ULGB)

Paulo Serra (UBI)

As súas competencias, axustadas ás necesidades de cada grupo e ao calendario académico do centro ao que pertencen, distribúense en dúas fases xerais.

#### 8.1.1.1.- FASE 1. Preparación investigación.

a) Selección dos membros do grupo, habilitación de espazos e tecnoloxías.

Son os coordinadores de cada grupo os encargados de seleccionar aos seus integrantes en función dos criterios de composición da mostra sinalados no apartado anterior.

Logo diso deben trasladar ao Grupo de Estudos Audiovisuais unha ficha con información individual sobre cada un dos membros (nome e apelidos, país de procedencia, grao de estudos, universidade, e-mail...) sobre o grupo (nº de persoas que o integran, dispoñibilidade de participación, calendario académico) amais dunha descrición do equipamento tecnolóxico de que dispón o centro ao que pertencen e dos espazos e medios cos que contan. Neste relatorio, cómpre indicar o número de ordenadores que poderán destinar á investigación, as súas propiedades e a distribución que se fai deles por alumnos, xunto a unha descrición das características técnicas que poidan resultar fundamentais para a adecuación do software de análise que emprega a pesquisa.

b) Test da plataforma. Información sobre procedementos e avaliación da experiencia.

Co obxectivo de garantir o éxito do período de análise, o deseño da investigación contempla unha etapa piloto na que os integrantes dos grupos de recepción enfrontan o cuestionario dende a aplicación informática deseñada para a avaliación das pezas audiovisuais. Isto permite detectar erros e dúbidas tanto no referente aos contidos (conceptos abordados, sesgos nas preguntas, inadecuación das mostras seleccionadas), como no tocante ao soporte informático empregado (problemas de codificación, trabas no acceso á web, erros no almacenamento dos datos, insuficiencias técnicas...).

A tal efecto, os coordinadores de cada grupo reciben do Grupo de Estudos Audiovisuais información detallada sobre o correcto cumprimento da aplicación de modo que, presentes durante a realización das probas, poden servir de apoio e información aos participantes.

Amais de testear o correcto funcionamento da ferramenta electrónica que se emprega na pesquisa, esta fase piloto procura poñer a proba a capacidade de comunicación entre os grupos, e avaliar a disposición real dos suxeitos para participar no estudo. Este propósito obriga aos coordinadores a tomar apuntamentos sobre a forma en que se desenvolven as prácticas de análise e a actitude dos alumnos durante as mesmas, ademais de suxerir posibles maneiras de incentivar a súa participación no proxecto. Trátase, en fin, de que elaboren un informe de avaliación da experiencia que poida servir aos investigadores en Compostela para mellorar a planificación das sesións de traballo.

#### 8.1.1.2.- FASE 2. Investigación

##### a) Período de análise

Configurados os grupos definitivos e antes de comezar a fase 'real' de análise de contidos, os coordinadores organizan unha sesión informativa na que expor aos participantes as características e obxectivos da pesquisa, achegarlles as últimas instrucións sobre os procedementos de análise e facilitarlles o calendario de actividades definitivo.

Posteriormente, durante as sesións de análise programadas polos coordinadores en Compostela, é obriga dos docentes, levar control da participación dos alumnos e servir de coordinadores informativos para resolver, en primeira instancia, as dúbidas que poidan formular os integrantes do grupo ao seu cargo e para trasladar, en caso de non poder resolvelas, tales dúbidas ao Grupo de Estudos Audiovisuais.

Desta maneira efectúan un seguimento das prácticas de análise, asegúranse de que os alumnos non saltan ningún dos pasos, de que teñen tanta información precisan para resolver as dúbidas e de que cumprimentan o cuestionario de maneira regular.

Entre as funcións dos coordinadores está observar a implicación dos membros do seu grupo no proceso e o interese que as cuestións presentadas pola pesquisa esperta na clase. Tamén recollen apuntamentos daqueles temas que resultan máis polémicos ou atractivos e de impresións comúns para despois trasladarllos ao equipo organizador da USC.

#### b) Avaliación da experiencia

Ao final da etapa de análise, os coordinadores realizan un informe final de pesquisa no que consten os problemas rexistrados durante o proceso, unha avaliación do traballo realizado por cada alumno e a valoración da experiencia.

### **8.1.2.- GRUPO DE COORDINACIÓN**

Para o seguimento directo da actividade dos centros parceiros o Grupo de Estudos Audiovisuais da USC, a cargo da investigación, designa unha sección de apoio que se mantén en constante comunicación cos coordinadores de cada grupo e realiza visitas puntuais aos centros.

As súas funcións tamén rexistran unha evolución en tres etapas.

FASE 1. Preparación investigación.

a) Rexistro dos grupos de recepción, análise das necesidades dos centros, formación dos coordinadores no manexo da plataforma.

Os membros do grupo matriz son os encargados de estudar as informacións que os coordinadores de cada centro lles subministran arredor da composición do grupo de recepción correspondente (nº final de compoñentes, dispoñibilidade horaria e capacitación técnica).

En función destes datos, configuran unha programación de actividades que se axuste ás necesidades de cada grupo e ao seu calendario académico, de maneira que a evolución da pesquisa non se vexa afectada a posteriori por períodos non lectivos ou eventos programados.

Ademais, avalían as condicións técnicas de cada centro e trasládanllas aos deseñadores da plataforma online que incorpora o proxecto, a fin de adecuar o software empregado e facelo compatible ás equipas coas que contan os centros parceiros.

b) Test da plataforma. Guía de procedementos, resolución de dúbidas, análise técnica.

Antes do comezo das probas, os membros do Grupo de Estudos Audiovisuais encargados do contacto cos parceiros instrúen aos coordinadores no manexo da plataforma online e proporcionánlles os coñecementos necesarios sobre o proxecto.

Serven de guía nas probas e solucionan aquelas dúbidas dos participantes que non puideron resolver os coordinadores. Toman conta das incidencias técnicas producidas durante a experiencia e trasládanllas ao equipo informático para que poidan perfeccionar a ferramenta de análise en rede.

En último lugar, cos datos das análises que os participantes realizan no período de proba, avalían a idoneidade do cuestionario e a adecuación da base de datos ás necesidades da pesquisa.

## FASE 2. Investigación

a) Período de análise.

Neste punto, o equipo de Compostela controla a evolución da actividade dos grupos, constatando o nivel de participación dos seus membros. Mantén contacto constante cos coordinadores das universidades parceiras para avaliar os problemas que poidan xurdir durante o proceso: falta de entendemento das cuestións do cuestionario, mal funcionamento da plataforma, alteracións do calendario...

Fai revisión semanal dos datos que os participantes incorporan na base de datos, comprobando a eficiencia da mesma e comunicando ao servizo informático calquera incidencia que se produza.

Elabora o cuestionario que guía a realización dos chats e exerce de entrevistador dos integrantes dos grupos parceiros para despois facer unha análise das cuestións centrais tratadas na conversa.

b) Avaliación da experiencia

Rematada a fase de análise, comunica aos centros parceiros o peche da súa participación da pesquisa e encárgase de enviar a cada universidade os diplomas acreditativos de ter participado na investigación.

## **8.2.- CRONOGRAMA DA INVESTIGACIÓN**

As fases mencionadas no apartado anterior presentan unha duración desigual que depende do número de tarefas que conteñen e a temporalidade e necesidades de cada unha delas.

### **8.2.1.- FASE 1. Preparación da investigación: Duración: 23 semanas.**

a) Composición dos grupos e compilación de informacións: 10 semanas.

O primeiro paso para o avance da investigación é a conformación dos grupos de recepción segundo os criterios fixados no deseño da pesquisa (ver apartado anterior). A selección dos seus membros é competencia dos coordinadores de cada centro, que trasladarán os datos dos participantes e as necesidades do centro ao Grupo de Estudos Audiovisuais.

b) Elaboración e probas da ferramenta de análise online: 13 semanas.

De modo paralelo, o grupo de Santiago confecciona a plataforma de análise online que, unha vez recibidos os datos das posibilidades técnicas de cada grupo, adaptará para garantir a compatibilidade do software utilizado.

c) Pretest. Análises e chats: 1 semana

O proxecto destina unha semana para que os grupos proben o sistema Orchestra e se afagan á tecnoloxía empregada para os chats antes do período de análise. Nesta proba, os seus membros toman contacto co cuestionario da investigación, comunican aos seus coordinadores as dúbidas que lles ocasiona e formulan suxestións para melloras na navegabilidade do sistema. No primeiro chat, a través de videoconferencia, coñecen aos membros do Grupo de Estudos Audiovisuais que se encargan do seguimento de cada caso.

d) Avaliación do pretest e xuntanza intergrupala: 3 semanas

Os resultados das probas da plataforma, os problemas acaecidos e as suxestións propostas polos integrantes de cada grupo son recollidos polos coordinadores dos centros en informes de avaliación da experiencia.

Ao tempo, os membros do Grupo de Estudos Audiovisuais analizan os datos que derivan das análises ao fin de detectar erros de comprensión do cuestionario ou problemas coa base de datos, e confeccionan un informe cos seus achados.

Posteriormente, todos os coordinadores dos grupos reúnen en Compostela para poñer en común as súas impresións sobre o proceso. Nesta xuntanza intergrupala, na que participan investigadores de catro nacionalidades, abórdase o estado da cuestión arredor do concepto Lusofonía e as relacións dos países lusófonos e lémbrense os obxectivos e pormenores da investigación, ao tempo que se afrontan tarefas de eminentemente prácticas:

- perfeccionar o cuestionario, reformulando aquelas cuestións que resultaron confusas aos integrantes dos grupos.

- aventurar melloras de navegación da plataforma -analizando pormenorizadamente os problemas cos que toparon os participantes das probas.

- reprogramar o calendario de actividades en función da duración estimada das sesións de análise.

e) Correccións da plataforma e presentación do cuestionario: 6 semanas.

Tras a reunión cos coordinadores dos grupos de recepción, o Grupo de Estudos Audiovisuais corrixe a ferramenta de análise incorporando as modificacións pactadas na xuntanza intergrupala.

Ao mesmo tempo, os responsables dos grupos de recepción informan aos participantes das mudanzas propostas e instrúenos no manexo do Orchestra.

### **8.2.2.- FASE 2. Investigación.**

Duración: 23 semanas

Ultimados os preparativos para o correcto avance da investigación, ponse en marcha o período de análises ao que seguirá un tempo para a avaliación de resultados e a valoración da experiencia.

a) Período de análises: 18 semanas

O cronograma de actividades programado para esta fase confecciónase en función das necesidades da investigación e tendo en conta as estimacións que o período de proba permitiu realizar sobre a duración do tempo preciso para cada tarefa.

- Creación de contas de usuario da plataforma online e cumprimentación dos cuestionarios de perfil e hábitos de consumo.

Nas tres primeiras semanas do período de análise, os integrantes de cada grupo rexístranse como usuarios da plataforma e resolven as dúas primeiras partes do cuestionario, correspondentes ás informacións de perfil e hábitos de consumo.

- Análise de mostras

O calendario de análise das mostras consta de 8 sesións, unha por filme de análise. Con periodicidade semanal, 90 minutos de duración e carácter grupal, cada sesión permite que os usuarios visionen o filme unha ou varias veces, realicen individualmente a análise do mesmo e, rematada esta, manteñan un debate cos compañeiros sobre as cuestións de interese suscitadas polo formulario.

É función dos coordinadores de cada grupo rexistrar os puntos centrais dos temas tratados e trasladarllos ao Grupo de Estudos Audiovisuais en Compostela.

Namentres, os responsables da investigación na USC deben garantir o correcto funcionamento da plataforma e resolver as dúbidas que lles trasladen os coordinadores dos grupos ao tempo que avalían que os datos son almacenados sen erros na base creada para a pesquisa.

- Chats.

Son catro as conversas programadas para este período de análise: tres de carácter grupal e unha individualizada.

Unha inicial, por videoconferencia, no momento en que os integrantes dos grupos realizan o seu rexistro como usuarios da plataforma de análise online. Esta sesión introdutoria serve para lembrarlles os obxectivos da pesquisa e o protocolo de procedemento, amais de darlles formalmente a benvida ao proxecto.

Dúas sesións intermedias, tamén videoconferencias, permiten resolver as dúbidas que os usuarios poidan albergar á hora de cumprimentar os cuestionarios.

E unha sesión de conversa final, esta de carácter individual, na que os membros do Grupo de Estudos Audiovisuais aclaran con cada un dos integrantes dos grupos aspectos relativos á evolución da súa actividade e dúbidas sobre os datos por eles achegados, ao tempo que procuran completar aquelas cuestións que non puideron ser expresadas nos formularios.

As sesións de conversa, sexan a través de videoconferencias ou por medio de texto escrito, son rexistradas e almacenadas para a súa posterior consulta, sempre e cando o entrevistado exprese o seu consentimento.

#### b) Avaliación da experiencia e comunicación de resultados: 11 semanas

Nas semanas posteriores ao peche do período de análises, tanto os coordinadores dos grupos como os membros do Grupo de Estudos Audiovisuais responsables do contacto directo cos centros parceiros, elaboran informes de avaliación dos procedementos e resultados.

A entrega dos mesmos supón a fin da actividade grupal.



## 9.- INFORME DOS CHATS

Antes de iniciar a análise das respostas aos diferentes apartados que constituíron o cuestionario base das conversas de chat coas universidades colaborados do proxecto Lusofonía, cumpre describir brevemente a metodoloxía utilizada e os condicionantes de cada centro de estudos, que levaron ao Grupo de Estudos Audiovisuais (EA) a variar nalgúns casos o plan inicial.

Para o desenvolvemento dos chats escolleuse o programa Skype que permite dúas tipoloxías de conversa: a videochamada, que facilita o contacto visual e auditivo cos alumnos; e o chat por escrito, óptimo para as conversas individuais cos alumnos pois facilitan o procesamento e posterior análise das conversas. O plano inicial era botar man da opción da videochamada nun primeiro encontro colectivo en rede de toma de contacto e, posteriormente, desenvolver chats individuais con cada un dos alumnos por calquera das dúas vías. Estes chats intermedios terían unha función de seguimento, que permitise ao Grupo de EA, ter conta das incidencias e atrancos atopados polos alumnos. O chat final, realizado unha vez que o alumnado visionase e analizase a totalidade das mostras, sería por escrito para facilitar o estudo das súas respostas e achegas.

Finalmente os condicionantes técnicos e organizativos de cada centro provocaron certas variacións da dinámica de traballo prevista. O caso máis acentuado foi o da Universidade Lusófona de Guiné-Bissau (ULGB), cuxa precariedade tecnolóxica imposibilitou a comunicación en liña en todo momento. A Universidade de Beira Interior (UBI) realizou colectivamente os chats intermedios ao non dispor de computadores para todo o alumnado, o que imposibilitou unha atención individualizada e pormenorizada a cada alumno participante. Tendo en conta isto, o chat final realizouse en persoa, aproveitando un convite a Covilha do coordinador do grupo luso, Paulo Serra. As entrevistas realizáronse cuns equipos de gravación que amosaron certa deficiencia á hora de captar con nitidez algunhas das intervencións, o que puido repercutir negativamente na recolla final de información.

Porén, no caso das universidades brasileiras, Pontificia Universidade do Rio Grande do Sul (PUCRS) e Universidade Federal da Bahia (UFBA), os chats desenvolvéronse segundo o previsto, con conversas intermedias breves con cada membro do grupo e cos coordinadores mediante videoconferencia e unha conversa final individual e

pomenorizada por escrito, con cada un dos rapaces e rapazas. A seguir, para a análise das conversas mantidas neste proceso, faremos unha caste de agrupación temática das respostas, tomando como punto de partida o cuestionario de base empregado nos chats.

## **9.1.- SOBRE O CONCEPTO DE LUSOFONÍA, GALIZA E O GALEGO**

Para botar luz sobre os aspectos relacionados co concepto que os alumnos teñen do espazo lusófono e da posición que ocupan nel Galiza e o idioma galego fixémonos en catro seccións do cuestionario realizado aos alumnos. Sobre o concepto de Lusofonía a cuestión central foi: Coñecía ou empregaba o concepto Lusofonía? Mudou a súa concepción ao participar na pesquisa? Sobre a cercanía do idioma galego e as barreiras percibidas na comprensión das mostras botaremos man das respostas relacionadas coa comprensión lingüística, por medio de dúas cuestións nas que se pedía a cada alumno que citase aquelas mostras nas que tivo máis e menos atrancos e en que consistiron estes problemas. Asemade, preguntouse sobre a necesidade de subtítulos ou da dobraxe para introducir os produtos audiovisuais galegos no mercado lusófono e unha última cuestión solicitaba a cada alumno que citase que mostras das presentadas lles agradou máis e cales menos.

A análise das respostas dividírase por universidades para facilitar un estudo comparativo de cada un dos centros e mesmo dos dous países participantes nos chats: Brasil e Portugal.

### **9.1.1.- PONTIFICIA UNIVERSIDADE CATÓLICA DE RIO GRANDE DO SUL (PUCRS)**

Nunha primeira ollada aos chats da universidade situada en Porto Alegre destaca, no primeiro dos apartados sinalados, o profundo descoñecemento do concepto da lusofonía. A inmensa maioría dos alumnos interrogados din non manexar nin coñecer o termo e observáronse importantes desvaríos conceptuais no apartado dos hábitos de consumo ao atopar alumnos que situaban dentro da lusofonía obras de Almodóvar, Amenábar ou mesmo Woody Allen (Vicky Cristina Barcelona). Unha das razóns esgrimidas por unha das alumnas (Dafne Pedroso):

*“(…)o feito de vivir isolados. Os países com os quais nos fazemos fronteira falam espanhol então, para mim, é como se só nós falássemos português”.*

Mesmo así a gran maioría do alumnado sentiuse interesado ao saber deste novo contexto, logo da súa participación na pesquisa, con reflexións tan interesantes como a que segue de Vilso Santi):

*“pensar a lusofonia não só como mercado mas como região de circulação de sentidos e também como uma zona a ser desbravada por pesquisas, produtos culturais etc. Creio ser depois da pesquisa fundamental de extrema importância... Creio que conhecemos muito pouco do nosso mundo lusófono tanto aquilo que nos aproxima quanto o que nos distingue...”*

Con respecto a Galiza a ignorancia era aínda máis grande ao non seren quen, na maioría dos casos, de situala a nivel xeográfico ou administrativo. Mesmo así o sentir xeral é de sorpresa e satisfacción ao saber dunha comunidade lingüística próxima ao portugués dentro do Estado español. Por tanto descoñecemento e interese serían os termos a destacar neste apartado.

Sobre a comprensión lingüística, tirando dos datos estatísticos das análises das mostras dedúcese que foi bastante boa no xeral, cunha media do 67%, predominando con moito o valor 75% no grao de comprensión das pezas. Posibelmente inflúa neste dato o contacto acreditado polos alumnos cos países de fala hispana, pois a porcentaxe mingua no caso dos alumnos de Bahía, situada ao norte. Se ímos peza por peza atopamos que os maiores problemas de comprensión viñeron nos filmes Línguas cruzadas e As Encrobas, a ceo aberto, no primeiro dos casos pola velocidade do discurso e as falas solapadas dalgunhas escenas e no segundo polo vocabulario das persoas de maior idade, os riscos dialectais e o sotaque e a dicción propias dun entorno rural. A mellor comprendida foi A meiga chuchona debido á claridade e o discurso pausado do narrador en off.

No tocante ás preferencias do alumnado, ficou claro o éxito d’A meiga chuchona (6 de 12 alumnos) valorando especialmente a orixinalidade da animación, ficando nun segundo lugar, mais a certa distancia (3 de 12) as mostras Conexión e A nova aldea. A que tivo peor acollida é Padre Casares e, nun segundo lugar A nova aldea e As Encrobas, neste último caso motivada en parte polas dificultades de comprensión apuntadas.

Xa por último, sobre a necesidade de subtítulos para unha proxección das mostras no Brasil, a inmensa maioría argumentaron a súa necesidade ao se dirixir a un público amplo, atopando só unha opinión contraria mais cunha argumentación poderosa, de Vilso Santi:

*“Superado o problema de ter espazo na grade para veiculación dos produtos, creio serem as legendas un problema secundario. Eu considero que elas são dispensáveis que não precisamos de legendas. Afinal a comunidade lusófona tem que apreender a se entender...”*

En xeral todos os alumnos consideraron que a maioría dos produtos terían cabida na grella televisiva brasileira en canles especializadas e a valoración feita dos filmes presentados é moi boa, con especial atención ás mostras con mellor acollida antes mencionadas.

### **9.1.2.- UNIVERIDADE FEDERAL DE BAHIA (UFBA)**

No caso da Universidade Federal da Bahia atopamos semellanza lóxicas coas análises de Rio Grande do Sul. O descoñecemento da realidade lusófona e, sobre todo, da presenza de Galiza na mesma é absoluta, atopando os mesmo erros conceptuais ao situar como profesionais da lusofonía directores españois (de novo Almodóvar foi o caso máis repetido). A seguinte declaración (Valeria Sampaio) parécenos que pode resumir unha miga máis a actitude do alumnado fronte ao espazo lusófono:

*“Eu acredito que esse papel é diferente na perspectiva europeia e na que temos daqui. Pela proximidade, acho que tem um papel mais ativo se pensamos a comunidade do ponto de vista europeu, mas no Brasil, pouca gente tem claro que a Galícia tem essa proximidade linguística conosco, acho que na Bahia temos até mais conhecimento, há uma comunidade gallega grande por aqui, é mais próximo e como o grande laço da comunidade é linguístico, fica difícil fazer a ligação sem o conhecimento.”*

A respecto da comprensión lingüística si atopamos mudanzas significativas con respecto a Rio Grande do Sul, se naquela universidade o nivel de comprensión medio ficaba preto do 70%, neste caso é do 57%, sendo os valores 75% e 50% os máis repetidos e sinalándose o 100% en só sete visionados. Asemade, atopamos en 16 ocasión o 25% de comprensión (tan só 7 na PUCRS) o que dá a ver que moitas das mostras apenas foron comprendidas polo alumnado.

Sobre a necesidade de subtítulos na Bahia introducen un novo elemento apenas presente nas análises da PUCRS que é o da dobraxe. A totalidade do alumnado sinala a necesidade dunha tradución mais moitos deles din preferir a dobraxe se se tratase dun produto destinado á televisión en aberto, ficando o subtítulo como o recurso máis usual en canles fechadas (de pago suponse) cunha programación máis especializada ou cultural. Un exemplo (Valeria Sampaio):

*“Na televisión aberta sería máis fácil dublar, mas acredito que são produtos que teriam boa aceitação na tevê fechada, por assinatura, com legendas mesmo.”*

Se analizamos peza por peza non atopamos uns resultados tan acentuados como na PUCRS. No caso do grao de comprensión a que presentou máis dificultades foi claramente As Encrobas, con cinco votos, ficando con dous As cores do frío e Linguas cruzadas. No caso das máis doadas de comprender os resultados son pouco significativos ao ser a máis repetida Linguas cruzadas, con tan só tres eleccións. Os motivos dos atrancos lingüísticos repítese con respecto á universidade anterior: velocidade do discurso e problemas co vocabulario.

Xa no nivel dos gustos predominantes tampouco percibimos grandes desniveis, con dúas pezas destacadas: A meiga chuchona e A nova aldea, máis só con tres votos. A que menos gustou foi As Encrobas, até en sete ocasións, mais moitos dos alumnos concluían en que máis ca un criterio estético movéraos os problemas de comprensión. En todo caso a valoración xeral das mostras é moi positiva.

### **9.1.3.- UNIVERSIDADE DE BEIRA INTERIOR (UBI)**

No caso dos alumnos de Covilha as circunstancias mudan por razóns evidentes de natureza xeográfica e mesmo histórica e cultural. Mesmo así resulta rechamante que, empregando habitualmente o termo Lusofonía, pisen tan só nas antigas colonias de Portugal na África e en Brasil, mais non inclúan a Galiza neste contexto. Mesmo na charla que mantivemos na nosa visita a Covilha, unha vez aclarado o concepto, insistían en empregar (coido que de xeito inconsciente) o galego e o castelán como termos sinónimos, amosando a mesma cercanía cara aos dous idiomas. Asemade, e a pesar da proximidade xeográfica, eran poucos os alumnos que visitaran ou coñeceran en profundidade o noso país, ficando o grao de coñecemento no nivel nominal ou reducíndose nos máis dos casos a Santiago de Compostela e Vigo. Hai algunha excepción como é o caso dun alumno natural de Braga que ofreceu reflexións moito máis profundas e acaídas como veremos a continuación.

Sobre o grao de comprensión lingüística a porcentaxe é maior ca nas universidades brasileiras, tamén por razóns obvias, ascendendo até o 76,33%. De feito á pregunta Cal foi a mostra que peor entendeu? apenas responderon nada, tan só se repiten en dúas ocasión As Encrobas, As cores do frío e Padre Casares. Mesmo así a inmensa maioría coincide en considerar necesaria a inclusión de lendas e acreditan que as mostras terían cabida nunha

canle de carácter cultural como a RTP2, agás Conexión ou Padre Casares que casan máis coa grella xeralista en Portugal. De feito un dos alumnos informou de que Conexión íase pasar no mes de xuño de 2010 nalgunha canle do país.

No aspecto lingüístico o alumno Rui Mendes (natural de Braga) ofreceu unha reflexión moi interesante, no que puña en relación o xénero cinematográfico co grao de pureza do galego e, por tanto, da súa influencia co castelán. Velaquí:

*“Non lembro todos os filmes, mais a excepción de Conexión e os documentarios, os portugueses non nos identificamos co galego que se oe nas mostras. Trátase dun galego máis de etiqueta, no caso dos filmes de ficción, máis achegado ao español. No caso d’A nova aldea, por exemplo, a proximidade co portugués é moi grande.”*

A respecto dos gustos predominantes, certamente hai unha peza que destaca sobre as demais, como é Conexión, mais os propios alumnos recoñecen que en parte se debe a que trata un tema galego-portugués. A segunda por número de escollas é Linguas cruzadas (en seis ocasións), o que pode revelar certa inquedanza pola ligazón da lingua coas cuestións identitarias. A que peor acollida tivo foi sen dúbida As Encrobas, mais tamén aquí pode deberse aos problemas sinalados de comprensión lingüística.

Neste apartado tamén me parece significativa unha reflexión de José Ricardo Pinto, profesor que tamén fixo parte da pesquisa, que valora a capacidade do documental para ofrecer un cinema propio e diferenciado:

*“Interesáronme máis os documentais, como As encrobas, Linguas cruzadas e A nova aldea, pois informan máis sobre a realidade cultural da Galiza, e a min, como sociólogo, me interesan máis. As Encrobas tamén por ser un feito histórico e as Linguas cruzadas tamén polo aspecto lingüístico, a relación coa Lusofonía, da afirmación do galego e da preservación, que é algo que eu sinto tamén como meu, pois tamén son lusófono. As ficcións parécenme de boa calidade pero non me interesan probabelmente máis do que se fosen castelás, véxoo un produto máis estandarizado.”*

## **9.2.- EXPERIENCIA DA PESQUISA**

A seguir analizaremos aquelas cuestións tratadas nos chats que nos permiten unha aproximación á experiencia investigadora dende a perspectiva dos alumnos parceiros das universidades colaboradoras. A partir dos datos extraídos poderemos saber das expectativas previas do alumnado ao decidir facer parte do proxecto, a dinámica de traballo

desenvolvida en cada un dos centros ou a facilidade e fluidez da comunicación co Grupo de Estudos Audiovisuais.

Neste senso na primeira das preguntas modelo do chat líase o seguinte: Que o/a moveu a participar na pesquisa? Como lle está a resultar a experiencia? Cambiaría algunha cousa? Tamén na primeira parte das conversas formuláronse cuestións destinadas a detectar posibles problemas de comunicación do grupo matriz coas universidades parceiras, así como da organización real de traballo desenvolvida en cada centro. Da combinación das respostas tentaremos extraer conclusións que permitan unha análise autocrítica do sistema organizativo proposto dende o Grupo de Estudos Audiovisuais, así como dos posibles atrancos ou solucións derivados do funcionamento de cada un dos centros de estudo.

### **9.2.1.- PUCRS**

As motivacións para facer parte da pesquisa do alumnado de Rio Grande do Sul foron do máis diverso, predominando a preocupación pola linguaxe cinematográfica e o achegamento ao audiovisual galego que, na maioría dos casos, descoñecían. O contacto con outras linguas e culturas e o interese académico ao entrar en contacto con investigadores doutros países foron outras das causas. Mesmo un alumno falou da posibilidade de que coa pesquisa se axude á creación dun mercado lusófono no audiovisual mediante a investigación.

No tocante á percepción da experiencia da pesquisa, a satisfacción foi xeralizada mais destaca a disposición activa do alumnado da PUCRS, pois en dous casos foinos transmitida a inqueda por realizar unha iniciativa inversa, na que dende universidades brasileiras se analízase a recepción de filmes deste país no espazo lusófono e internacional. Asemade, varios alumnos coinciden no acerto da realización de chats individuais que os fixeron sentirse partícipes do proxecto. Claiton Mosmann explica coma segue a súa experiencia investigadora no proxecto:

*E acho que este último momento, em que estamos fazendo um contato mais direto, ficou mais confortável a minha participação. Percebo agora que, desde o início da pesquisa, o chat, mais individual, ou o contato mais direto com os participantes possibilitaria uma melhor participação.*

Otras voces coincidían ao cualificar de moi boa a calidade dos produtos audiovisuais ofrecidos e ao se sentir espectadores activos a través do uso da plataforma. Stefania Curti:

*Acredito que aprendi bastante. Tanto na cuestión de una nova lingua, quanto de analizar filmes de outros países. Ter a oportunidade de ser crítico de cinema pelo menos uma vez. E saber que a tua opinión vale muito e está sendo usada para uma pesquisa. Com certeza nao mudaria nada. Toda essa experiencia foi muito boa.*

Nos aspectos organizativos a mellorar incidíuse na necesidade de unha maior dinamización colectiva intergrupala, cos alumnos de Portugal e Guiné Bissau. Ademais unha alumna puxo en cuestión o feito de que algunhas mostras fosen fragmentos de filmes máis longos pois consideraba difícil ou aventurado deducir o contexto global da película. Por último, varios alumnos ao tempo que salientaban o éxito deste último chat individual, laiábanse polo feito de que non houbera máis con anterioridade pois os chats colectivos puideron ter cohibido a opinión dos máis introvertidos.

A organización do traballo, ao igual ca no resto das universidades, foi individual, xuntándose só para os chats colectivos.

### **9.2.2.- UFBA**

No caso da Universidade Federal da Bahía, en troques, a dinámica semella diferente. Á pregunta de por que se envolveron no proxecto a inmensa maioría responderon que a participación estaba dentro das actividades do Grupo de Investigación de Telexornalismo, dirixido por Itania Mota e, por tanto, a súa implicación foi case obrigatoria. Nalgúns casos, os menos, argumentouse tamén o interese por coñecer o audiovisual galego, mais sempre nun segundo lugar.

Sobre a valoración xeral da pesquisa a maioría das opinións foron positivas mais matizadas polos problemas da plataforma motivadas polos problemas de conexión, que dificultaron todo o proceso investigador. Outras queixas viñeron do cuestionario, por mor da dificultade dos aspectos técnicos solicitados na segunda parte de análise das mostras e pola repetición dalgúns conceptos ao longo do cuestionario.

### **9.2.3.- UBI**

Na resposta dos alumnos portugueses á primeira pregunta (Que o/a moveu a participar na pesquisa) atopamos dúas opcións tipo. Cando se trataba de profesores ou alumnos de doutoramento a maioría das respostas falaban da relevancia da pesquisa como medio de intercambio e comunicación con investigadores galegos e do eido lusófono, valorando a

investigación como proceso e como experiencia académica. No caso do alumnado de Ciencias da Comunicación, varios alumnos manifestaron o seu interese por coñecer de preto culturas coas que, a pesar de compartir o mesmo sistema lingüístico, apenas teñen relación directa. Deste xeito o explica Ricardo Morais:

*“O proxecto parece interesante por tentar crear un espazo para a relación entre Portugal e España, neste caso Galiza, e tamén Brasil os países de África que tamén están involucrados no proxecto. Coñecer outras culturas e tratarse dunha investigación sobre o audiovisual. “*

En terceiro lugar ficou o interese cinematográfico, ao permitirles a presente investigación tomar contacto con pezas audiovisuais ás que dificilmente poderían acceder doutro xeito.

Sobre a percepción da pesquisa, o seu grao de satisfacción e elementos a mellorar, a resposta foi amplamente positiva. Foron poucas as críticas á investigación en global cinguíndose os máis dos reparos aos problemas de comprensión dos cuestionarios nos seus apartados máis técnicos, no que afondaremos máis adiante. Entre os aspectos positivos sinalados destaca a sorpresa dalgúns dos alumnos polas similitudes atopadas entre Galiza e Portugal, tanto a nivel idiomático como sociocultural.

En canto á valoración da calidade e fluidez da comunicación do Grupo de Estudos Audiovisuais co grupo luso, a maioría das manifestacións foron satisfactorias. Como exemplo, incluímos o manifestado polo alumno Hélder Prior:

*No tocante á comunicación, tendo en conta as distancias físicas e a heteroxeneidade dos grupos tería sido difícil facelo mellor. Creouse unha proximidade adecuada.*

Sobre a organización das sesións en Covilha, todos os alumnos indican que fixeron visionados individuais dos filmes, sinalando un deles que ás veces mantivo reunións informais cos seus colegas de clase para debater algúns aspectos suxeridos polas mostras. O coordinador do grupo Paulo Serra, procurou manter un ritmo de análises común de 1 mostra á semana que foi mantido con maior ou menor éxito pola maioría do alumnado. En conversa co profesor Serra comunicósenos que a idea orixinal do grupo era facer visionados colectivos con posterior análise individual que permitise un control exhaustivo do ritmo de traballo, mais, tal e como indica a seguir Ivone Ferreira, isto non foi posíbel:

*O visionado foi individual e opino que para que as cousas foran mellor tería sido preferibel un visionado conxunto, mais o problema tería sido conciliar horarios de investigadores, profesores e alumnos.*

A maioría dos chats na UBI foron colectivos por mor da ausencia de computadores dispoñíbeis para cada un dos alumnos, o que centralizou en Paulo Serra as conversas cos alumnos. Estes condicionantes técnicos foron vistos negativamente polo alumnado que nalgúns casos manifestaron a idoneidade de ter desenvolvido encontros individuais intermedios co grupo compostelán.

### **9.3.- PLATAFORMA E CUESTIONARIO**

A seguir analizaremos aquelas preguntas dos chats das que podemos tirar conclusións dos problemas achados nas universidades parceiras no uso da plataforma (Puido ver a totalidade das mostras? Explique cales foron os problemas e en que mostras) e na comprensión do cuestionario.

#### **9.3.1.- PUCRS**

No caso das universidades brasileiras os atrancos no visionado foron continuos o que levou ao Grupo de Estudos Audiovisuais ao envío dun DVD coas mostras para paliar os problemas derivados da reprodución en liña das mostras. Deste xeito na PUCRS 7 (dun total de 12) alumnos informaron de problemas xerais e continuados no visionado e tan só 2 foron quen de asistir sen atrancos significativos á totalidade das mostras.

Sobre o cuestionario apenas houbo dificultades, algúns alumnos falan ao igual que os lusos, de certas complicacións para comprender algunhas das cuestións mais, tal e como teñen indicado varios alumnos, a axuda das coordinadoras Doris Fagundes e Claudia Peixoto foi clave para animar á participación do alumnado.

Sobre o tempo empregado para o visionado e análise de cada filme a conta vira complicada pois os problemas técnicos na reprodución das mostras fixo que moitos dos alumnos tiveran que dedicar tempo de máis neste apartado. En xeral a media poderíase situar nuns 20 minutos para o cuestionario máis o tempo de visionado que variou moito segundo o caso.

### 9.3.2.- UFBA

Na Universidade Federal da Bahía os problemas técnicos acadaron, se cadra, maior envergadura ca na de Rio Grande do Sul, de maneira que dos 12 alumnos participantes tan só 1 puido visionar sen atrancos todas as mostras, 5 aduciron problemas técnicos en variadas mostras e outros 5 tiveron que recorrer ao DVD enviado dende o grupo compostelán para rematar de ver a totalidade dos filmes. Asemade a tortuosa experiencia dentro da plataforma puido ter incidido no resultado e calidade das achegas do alumnado á hora de responder ao cuestionario, pois, tal e como argumenta Valeria María Sampaio Vilas:

*O proceso de análise foi un pouco complicado por conta dos problemas de conexión. Acho que isso acabou prejudicando un pouco o proceso todo, tanto mudou a disposición pra análise porque quando finalmente conseguíamos estávamos cansados, quanto tornou o processo mais longo.*

### 9.3.3.- UBI

Pola súa banda, na universidade lusa os problemas técnicos nunca foron xeralizados ao atoparmos 7 (dun total de 14) alumnos que viron todas as mostras sen problemas. Os atrancos técnicos para o visionado concentráronse nunha peza, As cores do frío, que atrancaba a súa reprodución en 6 dos alumnos, tamén houbo problemas esporádicos no visionado de Conexión e d'A meiga chuchona.

Á hora de avaliar as dificultades de comprensión do cuestionario, na UBI había un clima xeralizado de descontento ante a segunda parte de Análise das mostras, aquela na que se lles demandaba ao alumnado que puntuase e analizase apartados técnicos dos filmes. En 9 ocasións comunicóusenos a súa carencia de coñecementos sobre a técnica cinematográfica que repercutiu na precariedade das respostas a este apartado. Asemade, 3 alumnos falaron da excesiva lonxitude do cuestionario e 2 da falla de información contextual nas fichas ofrecidas, no caso das mostras que son fragmentos de obras máis longas.

No tocante ao tempo empregado para cada filme a media sitúase aproximadamente nos 17 minutos de para cumprimentar os cuestionarios de análise máis o tempo dedicado ao visionado da mostra.

## **9.4.- EXPERIENCIA AUDIOVISUAL E CINEMATOGRAFICA**

Para rematar achegarémonos a aquelas cuestións que tiñan por fin detectar a experiencia previa do alumnado co audiovisual tanto dende unha perspectiva investigadora, coma na súa postura de espectador. Neste senso analizaremos as respostas ás preguntas sobre o nivel e materia de estudos, a experiencia previa na análise de produtos audiovisuais, as preferencias cinematográficas na súa perspectiva de espectador e, por último, o número de salas de cinema do lugar de residencia e o tipo de filmes proxectados, con especial atención ao cinema lusófono.

### **9.4.1.- PUCRS**

Na Universidade de Rio Grande do Sul case todos os enquisados atopábanse cursando o doutoramento en Comunicación agás 3 deles que están no último curso de Producción Audiovisual. A maioría afirmaron ter estudado materias relacionadas co cinema e a linguaxe audiovisual sinalándose en 2 casos, ter cursado a materia de Análise Fílmica e noutros 2 estar a realizar a tese de doutoramento verbo de aspectos relacionados co cinema.

A pé feito das preferencias cinematográficas as respostas foron diversas indicando varias persoas a súa preferencia por saír das propostas de Hollywood ao decantarse por filmes europeos e brasileiros, os documentais ou cineastas como Pedro Almodóvar, Woody Allen, etc.

Sobre o número de salas de Porto Alegre [cidade de case 1.500.000 de habitantes] as versións eran diversas polo elevado do número. Ollando na rede confirmamos que existen 53 salas de exhibición cinematográfica con máis de media ducia especializada en cinema alternativo. En todo caso a dinámica sinalada polos alumnado é a paulatina desaparición dos cinemas de barrio e o auxe dos multicines situados nos centros comerciais que apenas deixan espazo para o cinema alternativo e lusófono.

### **9.4.2.- UFBA**

Para rematar na Universidade Federal de Bahía, todos os alumnos fan parte do Grupo de Investigación de Telexornalimo dirixido por Itania Mota.

Sobre os seus intereses como espectadores as propostas foron tamén variadas, cunha importante querencia polo cinema alternativo e documental e autores como Lars Von Trier, Pedro Almodóvar ou Glauber Rocha.

Para rematar, en Salvador de Bahia [2.900.000 habitantes] hai 60 salas, 7 delas dedicadas ao cinema alternativo ou non estritamente comercial. Sobre o cinema lusófono unha das alumnas indicou que existía unha porcentaxe garantida por lei de filmes brasileiros dun 20% da totalidade de filmes en carteleira.

#### **9.4.3.- UBI**

Para rematar, o grupo de recepción da Universidade de Beira Interior compúxose fundamentalmente de alumnos de mestrado e doutoramento da facultade de Xornalismo. A maiores fixeron parte da pesquisa 2 profesores da mesma facultade e 3 alumnos de 2º curso de comunicación audiovisual. Ningún dos entrevistados afirmou ter experiencia na análise filmica, sinalando dous deles que tiñan cursado algunha materia de xornalismo televisivo.

Sobre as preferencias persoais dende a perspectiva do espectador as respostas foron variopintas se ben en case ningún dos casos se puxo en cuestión o modelo narrativo hollywoodense. Só en 2 casos (un deles o profesor José Ricardo Pintos) se decantaron polo cinema documental ou de vocación realista. Nos demais os hábitos de consumo ían máis cara ao cinema de entretemento norteamericano con diversidade de xéneros (acción, comedia, drama, etc.). Destaca, se cadra, o sinalado pola profesora Anabela Gradim que, textualmente, falou do seu agrado por filmes de Hollywood que non requiriran “pensar moito”.

Loxicamente, o lugar residencia de todos os entrevistados é Covilha, cidade do interior de Portugal situada na súa metade sur con 36.000 habitantes onde só se proxecta cinema nun centro comercial no que hai 4 salas. Todos os entrevistados coincidiron na escaseza de variedade na súa oferta, cun dominio hexemónico das producións hollywoodenses que non deixaban oco para propostas alternativas ou lusófonas.



## 10.- ANÁLISE E INTERPRETACIÓN DOS DATOS OBTIDOS. PERFIL DE USUARIO E HÁBITOS DE CONSUMO

A análise do espazo xeolingüístico plural e asimétrico definido como “Lusofonía”, comparece como un eido de estudo e análise de inestimábel valor cultural e funcional cara á circulación de produtos das industrias culturais. Nese contexto o reto ou a demanda inherente a unha contemporaneidade centrada na libre comunicación, apunta á localización das potenciais barreiras que —alén das lingüísticas— poderían obstaculizar a circulación de produtos audiovisuais galegos no espazo lusófono.

Trátase, pois, de coñecer a acollida e valoración dos produtos galegos dende e os seus *targets* potenciais, a través dunha serie de grupos de recepción localizados en diferentes áreas do espazo lusófono, tal e como pormenorizaremos no epígrafe seguinte.

### 10.1.- OS PERFÍS DA POBOACIÓN DE ANÁLISE

En canto á distribución da poboación por centro de procedencia procurouse establecer unha mostra equilibrada (cfr. G. 01) entre as Universidades participantes na pesquisa, unha angueira especialmente complexa por mor da evidente dispersión xeográfica e as particularidades socioacadémicas dos grupos de recepción implicados: *Pontificia Universidade Católica do Río Grande do Sul* (26%), *Universidade da Beira Interior* (30%), *Universidade Federal de Bahía* (20%) e *Universidade Lusófona de Guiné Bissau* (24%), que á súa vez abranguen as seguintes porcentaxes de nacionalidades (cfr. G. 02): Brasil (46%), Guiné Bissau (30%) e Portugal (24%). Tamén a variable de xénero foi tida en conta á hora da configuración intergrupar (cfr. G. 03), tentando aproximarnos a porcentaxes cercanas á paridade esixible a unha mostra estratéxica: así, decantámonos finalmente por un 56% no volume de estudantes femininas e nun 44% os estudantes masculinos, atendendo aos criterios contextuais de mostra representativa en cada unha das Universidades referidas.

No que atinxe á distribución por idades (cfr. G. 04), procurouse reflectir a casuística dos universos académicos referidos, cun 4% da poboación entre os 45 e 54 anos, un 6% dos 35 aos 44, un 13% entre os 14 e os 19 anos, e finalmente a maior porcentaxe repartida nas franxas 20–24 (38%) y 25–34 (39%).

O hábitat do universo referencial é outra das variables a ter en conta pola sistemática investigadora dende as achegas esenciais como as da *Annenberg School of Communication*. A poboación de análise da investigación “Lusofonía: Interactividade e Interculturalidade” (cfr. G. 05) procede maioritariamente de núcleos urbanos: de feito, máis da metade dos enquisados (55%) proviñan de núcleos de máis de 200.000 habitantes, un 13% de eidos comprendidos entre 30.000 e 200.000, un 28% de hábitats de 5.000 a 30.000 habitantes, e tan só un 4% de eidos de menos de 5.000 habitantes.

Outro dos elementos intencionadamente empregados polo grupo de investigación no deseño da nosa mostra de poboación de análise apunta á capacitación dos seus integrantes (cfr. G. 06), tanto por mor da esixencia dun mínimo potencial analítico e de acceso a producións interculturais en diversos medios e soportes —aptitudes e actitudes definitorias daqueles usuarios máis preparados—, como pola necesidade de atender aquelas variables cualitativas en tanto recurso aconsellable para aquelas poboacións de análise intencionalmente pouco extensivas.

Consecuentes coa devandita premisa, a práctica totalidade da nosa poboación de análise (98%) conta con estudos universitarios, cursando a meirande parte estudos universitarios de carácter superior (67%) e en menor medida de carácter medio (31%). Asemade, contamos cunha pequena mostra (2%) de estudantes de carácter medio, a modo de grupo de control típico.

A pertenza a unha determinada clase ou status social (cfr. G. 07), se ben non resulta determinante para os nosos obxectivos e polo tanto non foi buscada intencionalmente coma no caso anterior, si foi tida en conta ao abeiro das recomendacións dos postulados gerbnerianos no eido da devandita *Annenberg School of Communication*.

No caso que nos ocupa, resulta especialmente salientable o feito extraordinariamente suxestivo da nula adscrición ao ítem “Clase Alta”, só un 4% o fixeran ao ítem “Clase Baixa” e un 6% á “Clase Media–Alta”. Porén, a adscrición aos termos considerados máis intermedios ou neutros da escala proposta —“Clase Media–Media” (60%) e “Clase Media–Baixa” (30%)— acadan o 90% das eleccións dos enquisados. Ao tratarse dunha adscrición subxectiva, non esquecemos tampouco a observancia dun fenómeno previsto a nivel xeral na escalimetría, e moi particularmente nas denominadas “Escalas de Likert” ou “Estratexia das estimacións sumadas”, nas que se propoñen unha serie de opcións perante as cales o

enquisado adscribíbase en diferentes grados e que sempre adoita decantarse por aqueles termos máis neutros entre os extremos da valoración.

No que atinxe ás ocupacións ou profesións declaradas pola poboación enquisada (cfr. G. 08), amósase unha lóxica homoxeneidade ao proviren de centros e titulacións do amplo eido das “Ciencias da Información” ou “Ciencias da Comunicación”, así como unha forte dominancia do colectivo estudantil (53%), seguido polo xornalístico (21%) e por un 30% restante integrado por unha ampla miscelánea de opcións practicamente unitarias como investigador, bolseiro, comunicólogo, actor, produtor, profesor, publicitario e técnicos de vídeo, audio e fotografía.

En todos os casos trátase de perfís idóneos cara a unha detección e valoración cualificada das barreiras e potencialidades da mostra audiovisual integrada por aqueles produtos actuais susceptibles de circulación polo eido lusófono. Demóstrase deste xeito o noso obxectivo de optimizar a fortiori como mostras estratéxicas aqueles universos referenciais que, a priori, poderían entenderse como mostras de conveniencia.

### **10.1.1.- CONFIGURACIÓN DA IDENTIDADE**

Sen dúbida os caudais informativos que dimanán da configuración subxectiva da identidade comparecen como datos extraordinariamente sobranceiros á hora de definir o perfil da poboación de análise. Neste caso, partimos da diversificación antropolóxica clásica entre valores asiolóxicos e non asiolóxicos, partindo de sociobarómetros europeos e latinoamericanos que foron despois modificados a partires da sistematización conceptual de fontes documentais temáticas debidamente contrastadas nas primeiras fases do Betatest.

O último obxectivo apuntaba ao ofrecemento dun abano de categorías predeterminadas o suficientemente amplo como para non restar matices a un termo complexo de seu, e que ao mesmo tempo nos permitira unha tabulación homoxénea.

Os resultados foron analizados tanto a nivel da poboación total (cfr. G. 09), como estratificados por grupos participantes, sexos e clases sociais (cfr. G.10–19), considerando asemade tanto aqueles valores sinalados en maior o menor medida, como aqueles desestimados pola maioría dos enquisados. Neste senso, e comezando pola poboación total (cfr. G. 09), resulta significativo o binomio semántico seleccionado pola meirande parte dos enquisados, “educación” e “familia”, seguido de “amizade”, “cultura” e “medios de

comunicación”, mentres que as categorías consideradas de menor relevancia na configuración da identidade foron “casta”, “tribo”, “etnia”, “clase social” e “estado”.

Deste xeito, pódese extraer xa un dato de inestimable valor cultural e funcional cara á circulación de produtos das industrias culturais, por mor da localización das temáticas configuradoras do universo narrativo e semántico dos contidos dixitais ou da localización de potenciais barreiras socioculturais): a configuración da identidade pasa pola reivindicación da contorna inmediata do enquisado (no que se inclúe de xeito significativo aos “medios de comunicación”), en detrimento daqueles termos que aluden a certa estratificación ou organización social, xa recoñecidos como anticuados (“casta”, “tribo”, “etnia”), ou percibidos como máis actuais (e, nesa medida, menos denostados) pero igualmente desestimados (“clase social” e “estado”). Do mesmo xeito, subliñamos a existencia dunha zona de adscripcións intermedias que atinxe ao “traballo”, o “hábitat” e a “política”, ou ben de recusación moderada: “nación”, “relixión” e “ideoloxía”.

Como xa adiantáramos en parágrafos precedentes, procedeuse asemade á estratificación da información derivada do ítem “configuración da identidade” por sexos, clases sociais e procedencia dos grupos grupos de recepción localizados en diferentes áreas do espazo lusófono, que, lembremos unha vez máis, son:

. *Pontificia Universidade Católica do Río Grande do Sul* (PUCRS).

. *Universidade da Beira Interior* (UBI).

. *Universidade Federal de Bahía* (UFBA).

. *Universidade Lusófona de Guiné Bissau* (ULGB).

Aínda que non se apreciaron variacións radicalmente diverxentes do xa recollido no G. 09, cómpre salientar algúns matices reveladores. Deste xeito, principiando o noso percorrido polo sexo dos enquisados, aínda que insistimos en que os valores máximos e mínimos non contradín expresamente o xa recollido no G. 09, no caso “Masculino” resulta significativa a práctica paridade entre aqueles que apoian ou refutan a importancia dunha determinada categoría (cfr. G. 13), tanto como a disparidade no caso “Feminino” (cfr. G. 14) que chega á práctica eliminación da dicotomía conceptual.

Un fenómeno cunha evidente amplificación no que atinxe ao ítem “Clase Social” (cfr. G.16 – 19), de xeito que a meirande concentración de matices dicotómicos coincide co achegamento a categorías sociais intermedias como media–baixa e media–media, cunha paulatina desaparición cara ao absolutismo nas respostas no resto das categorías contempladas; matizando o anterior, non debe esquecerse, porén, que no que atinxe ao ítem “Clase Social” (cfr. G.16–19) non tivemos en consideración variables relativas ou porcentuais, senón absolutas, e que a meirande parte dos enquisados sitúase nas categorías sociais intermedias como media–baixa e media–media.

### **10.1.2.- GRADACIÓN DA IMPORTANCIA DOS PROBLEMAS SOCIAIS**

Unha vez perfilada a configuración subxectiva da identidade, toca agora examinar a gradación da importancia dos problemas sociais (cfr. G. 20–30) por parte dos enquisados, segundo os termos establecidos a partir, como en casos precedentes, de sociobarómetros europeos e latinoamericanos, matizados e completados á súa vez a partir da sistematización conceptual de fontes documentais temáticas debidamente contrastadas nas primeiras fases do Betatest.

Neste sentido, solicitouse dos enquisados que organizaran do número un (máxima importancia) ao número dez (mínima importancia) un elenco de cuestións facilmente recoñecibles en clave sociocultural. Comezando polo gráfico de conxunto no que se recolle a poboación global (cfr. G. 20), analizaremos o pautado xerárquico co que os enquisados emprazaron no primeiro e derradeiro lugar (máxima e mínima importancia) as categorías predeterminadas, ordenadas segundo o ratio de frecuencia que faremos constar entre paréntese:

. No primeiro posto, número un ou de máxima importancia, á cabeza indiscutible das maiores preocupacións sociais dos enquisados atópase o “Sistema educativo” (26), seguido do “Desemprego” (19), o “Deterioro medioambiental” (16), a “Asistencia Sociosanitaria” (12) e a “Crise económica” (11). Siguelles un cúmulo homoxéneo de frecuencias, integradas pola “Delincuencia” (10), o “Esgotamento enerxético” (10), a “Violencia de xénero (10), e finaliza cunha frecuencia reducida no que atinxe ao “Terrorismo” (7) e practicamente nula no caso da “Inmigración” (1).

. Pola súa banda, o derradeiro posto, número dez ou de mínima importancia, reflicte con pequenas variacións os resultados apuntados no primeiro posto e que se ven

convenientemente matizados ao longo dos postos dous a nove. No caso que nos ocupa, á cabeza das menores preocupacións sociais dos enquisados atópase a “Inmigración” (12), seguida do “Terrorismo” (6) e a “Asistencia Sociosanitaria” (4), e obtendo frecuencias análogas no caso do “Esgotamento enerxético” (3) e o “Sistema educativo” (3), así como en sentido decrecente nos casos da “Crise económica” (2), a “Delincuencia” (2) e a “Violencia de xénero (2). Neste sentido as categorías residuais, ou elixidas en menor medida, son o “Deterioro medioambiental” (1) e o “Desemprego” (0), que, de xeito significativo, non foi sinalado como preocupación menor por ningún dos enquisados.

En canto á estratificación por procedencia xeográfica dos grupos (cfr. G. 21–24), a categoría sinalada como de maior importancia foi, no caso da PUCRS, UFBA e ULGB, o “Sistema educativo”, mentres que a UBI desmarcouse claramente cara ao “Desemprego”.

En canto ao problema social de menor importancia, tanto PUCRS como UBI e UFBA coinciden en sinalar a “Inmigración” (no caso da UFBA, compartido con frecuencia análoga co “Terrorismo”), mentres que ULGB aporta a nota disonante, ao aportar coas mesmas frecuencias que a “Inmigración” dúas categorías consideradas de gran relevancia por outros grupos, como o “Esgotamento enerxético” ou o “Sistema educativo”.

A análise por xéneros (cfr. G. 25–26) amosa unha nítida coherencia entre “Masculino” e “Feminino” á hora de sinalar o “Sistema educativo” como a maior preocupación social, e a “Inmigración” como a de menor calado na xerarquía dos problemas sociais dos enquisados. Por último, e no tocante ás clases sociais (cfr. G. 27–30), aqueles enquisados pertencentes á “Clase Baixa” optaron por establecer como as súas máximas preocupacións o “Sistema educativo” xunto coa “Asistencia sanitaria”, cos mesmos niveis de frecuencia, sendo os problemas sociais de menor importancia o “Esgotamento enerxético” e a “Violencia de xénero”. No caso da “Clase media-baixa” e “Clase media-media”, o problema máis importante segue a ser o “Sistema educativo” e o de menor importancia a “Inmigración”, mentres que a “Clase media-alta” rexistra unha significativa deriva cara ao “Deterioro medioambiental” como o problema social considerado máis acuciante, coincidindo porén no caso da “Inmigración” co resto de clases referidas.

### **10.1.3.- GRADACIÓN DA IMPORTANCIA DOS VALORES SOCIAIS**

Como en casos anteriores, os resultados foron analizados tanto a nivel da poboación total (cfr. G. 31), como estratificados por grupos participantes, sexos e clases sociais (cfr. G. 32–

40), considerando asemade tanto aqueles valores sinalados en maior o menor medida, como aqueles desestimados pola maioría dos enquisados. A sistemática foi a mesma que no caso dos problemas sociais: solicitouse dos enquisados que organizaran do número un (máxima importancia) ao número dez (mínima importancia) un elenco de valores facilmente recoñecibles en clave sociocultural.

Comezando polo gráfico de conxunto no que se recolle a poboación global (cfr. G. 31), analizaremos o pautado xerárquico co que os enquisados emprazaron no primeiro lugar e derradeiro lugar (máxima e mínima importancia) as categorías predeterminadas, ordenadas segundo o ratio de frecuencia que faremos constar entre paréntese:

. No primeiro posto, número un ou de máxima importancia, á cabeza indiscutible dos valores sociais dos enquisados, atópase a “Paz” (31), seguido dos “Dereitos Humanos” (25), a “Xustiza” (21), a “Democracia” (19), a “Identidade” (18), o “Respecto polo medio ambiente” (17) e a “Solidariedade” (16). De xeito significativo, coinciden en ratio de frecuencia tanto os “Dereitos colectivos” (15), como os “Dereitos individuais” (15). Entre as menores frecuencias rexistradas neste primeiro posto, figuran a “Tolerancia” (12) e a moita distancia numérica a “Relixión” (6).

. Pola súa banda, o derradeiro posto, número dez ou de mínima importancia, reflicte a negativo e con pequenas variacións os resultados apuntados no primeiro posto e que vense convenientemente matizados ao longo dos postos dous a nove. No caso que nos ocupa, á cabeza dos valores con menor relevancia entre os enquisados atópase de xeito rotundo a “Relixión” (10), seguido con distancia xerárquica significativa polo “Respecto polo medio ambiente” (3). Coinciden en frecuencia a “Paz” (2), a “Democracia” (2), os “Dereitos individuais” (2) e a “Tolerancia” (2). Rexistran asemade valores análogos de frecuencia os “Dereitos Humanos” (1) e a “Xustiza” (1). Por último, cómpre destacar a nula elección de valores como a “Identidade” (0), a “Solidariedade” (0) ou os “Dereitos colectivos” (0).

En canto á estratificación por procedencia xeográfica dos grupos (cfr. G. 32–35), o valor social máis ponderado foi, no caso da PUCRS e ULGB, a “Paz”. A UFBA, pola súa banda, atribuíu a mesma frecuencia á terna formada polos termos “Paz”, “Dereitos colectivos” e “Identidade”, mentres que a UBI desmarcouse abertamente verso os “Dereitos humanos”.

En canto ao valor social considerado de menor importancia, todos os grupos coinciden en sinalar á “Relixión”, se ben no caso da UBI comparte frecuencia análoga co “Respecto

polo medio ambiente”, o que aporta a nota disonante, se temos en conta á valoración do resto de grupos no que atinxe ao primeiro posto, número un ou de máxima importancia, onde o “Respecto polo medio ambiente” acadou unha frecuencia de dezasete, o que o situaba no sexto posto dunha serie de dez.

A análise por xéneros (cfr. G. 36–37) arroxa unha nítida coherencia entre “Masculino” e “Feminino” á hora de sinalar a “Paz” como o valor social de maior relevancia, e a “Relixión” como a de menor calado na xerarquía dos valores sociais dos enquisados.

No que respecta ás clases sociais (cfr. G. 38–41), aqueles enquisados pertencentes á “Clase Baixa” estableceron os valores máis discordantes da mostra, ao recoñecer na “Democracia” o valor social máis relevante, sendo o valor menos considerado a “Tolerancia”, e situando a “Relixión” nun posto intermedio da escala (cinco sobre dez) cando no resto de clases sociais resultaba relegado ao derradeiro posto de importancia. Porén, a diferenza do sucedido no apartado precedente de gradación de problemas sociais, as clases “media–baixa”, “media–media” e “media–alta”, coincidiron en sinalar como valor máis relevante a “Paz” e o de menor importancia a “Relixión”.

### **10.1.4.- GRADACIÓN DA INVIDENCIA DOS VALORES NA IDEA DE FELICIDADE**

A partires da análise dos resultados da poboación total (cfr. G. 42) procederase, como en casos anteriores, á súa estratificación por grupos participantes, sexos e clases sociais (cfr. G. 43–52), considerando asemade tanto aqueles valores sinalados en maior o menor medida, como aqueles que foran desestimados pola maioría ou a totalidade dos enquisados. O procedemento sistemático, análogo aos dos apartados precedentes, consistiu na solicitude aos enquisados de que cualificaran coa máxima importancia (un) e a mínima importancia (dez) un elenco de valores como determinantes da súa idea de felicidade.

Comezaremos pola análise dos resultados arroxados polo gráfico de conxunto no que se recolle a poboación global (cfr. G. 42), especialmente no que atinxe ao pautado xerárquico co que os enquisados emprazaron no primeiro lugar e derradeiro lugar (máxima e mínima importancia) as categorías predeterminadas, ordenadas segundo o ratio de frecuencia que faremos constar entre paréntese:

. No primeiro posto, número un ou de máxima importancia, á cabeza indiscutible dos valores determinantes da idea de “felicidade” segundo os enquisados, atópase a “Saúde”

(37), seguida a unha distancia xerárquica considerable de ítems como “Paz” (29), “Liberdade” (27), “Cultura / Educación” (26), “Xustiza” (19), “Relaciones persoais” (18), “Traballo” (16), “Solidariedade / Crenzas” (11), “Lecer” (10) e “Riqueza / Recoñecemento” (7).

. Pola súa banda, o derradeiro posto, número dez ou de mínima importancia, reflicte a negativo e con pequenas variacións os resultados apuntados no primeiro posto e que vense convenientemente matizados ao longo dos postos dous a nove. No caso que nos ocupa, á cabeza dos valores con menor relevancia entre os enquisados atópase de xeito indiscutible a “Riqueza / Recoñecemento” (9), seguido moi estreitamente pola “Solidariedade / Crenzas” (7) o que reflicte un interesante paradoxo entre a desestimación case paritaria entre un valor asiolóxico e outro non asiolóxico, e a maior distancia polas categorías “Lecer” (3), “Saúde” (2), “Paz” (2), “Liberdade” (2), “Cultura / Educación” (1), “Xustiza” (2), “Relaciones persoais” (1) e “Traballo” (1).

No eido da estratificación por procedencia xeográfica dos grupos (cfr. G. 43–46), todos os grupos coincidiron en sinalar a “Saúde” como o valor social considerado máis determinante na idea de “felicidade” dos enquisados, a excepción da PUCRS que antepuxo a categoría “Paz”. En canto ao valor social considerado de menor importancia, PUCRS, UBI e UFBA coinciden en sinalar á “Riqueza / Recoñecemento”, mentres que neste caso ULGB aporta o dato da discordia, ao antepor “Solidariedade / Crenzas” (5) á “Riqueza / Recoñecemento” (3); un dato significativo se temos en conta á valoración do resto de grupos no que atinxe ao primeiro posto, número un ou de máxima importancia, no que se refire á “Solidariedade / Crenzas”.

En canto á análise por xéneros (cfr. G. 47–48), evidénciase unha interesante dicotomía subxectiva ao sinalar no caso “Feminino” a “Saúde” (23) como o valor social considerado máis determinante na idea de “felicidade” dos enquisados, cunha frecuencia que case duplica á da seguinte categoría “Paz” (14), mentres os enquisados de xénero “Masculino” decántanse por establecer unha interesante terna de valores equivalentes “Cultura / Educación” (15), “Liberdade” (15) e “Paz” (15), relegando porén á “Saúde” ao cuarto posto. No que se refire ao valor social de menor relevancia, o grupo “Feminino” identifica netamente a opción “Riqueza / Recoñecemento” (8) como a de menor incidencia na súa concepción de “felicidade”, mentres que no caso “Masculino” o valor menos relevante para a devandita concepción foi “Solidariedade / Crenzas” (3).

Por último, e no tocante ás clases sociais (cfr. G. 49–52), atopamos en cada categoría significativas diverxencias que, ao resultar inevitablemente atenuadas na gráfica de conxunto no que se recolle a poboación global (cfr. G. 42), esixen unha detida análise: así, se aqueles enquisados pertencentes á “Clase Baixa” equipararon “Saúde” (1) e “Liberdade” (1) como os valores de maior relevancia, a “Clase media–baixa” opta por primar a “Cultura / Educación” (8), a “Clase media–media” a Saúde (27) e a “media–alta” a “Paz” (3). En canto ao valor considerado de menor relevancia, as maiores frecuencias apuntan á “Riqueza / Recoñecemento”, agás no caso dos enquisados de “Clase media–alta” que optaron de xeito neto e significativo pola opción “Solidariedade / Crenzas”.

## **10.2.- PERFÍS DE CONSUMO DA POBOACIÓN ENQUISADA**

### **10.2.1.- GRADACIÓN DA PREFERENCIA DE SOPORTES**

Principiando á nosa análise polo gráfico de conxunto que recolle os resultados da poboación total (cfr. G. 53) procederase, como en casos anteriores, á súa estratificación por grupos participantes, sexos e clases sociais (cfr. G. 54–63). Como noutros apartados, teranse en consideración tanto aqueles valores sinalados en maior ou menor medida, como aqueles que foran desestimados pola maioría ou a totalidade dos enquisados. O procedemento sistemático, parte do enunciado da enquisa: “Dispoña por orde de preferencia os medios/soportes que máis consuma, sendo “1º” aquel polo que se decanta e “7º” o que menos usa”. Comezando polo gráfico de conxunto (cfr. G. 53), analizaremos a gradación de medios pola que optaron os enquisados entre as diversas categorías predeterminadas, ordenadas segundo a ratio de frecuencia que facemos constar entre paréntese:

. No primeiro posto, número un ou de máximo uso, o medio que indiscutiblemente se identifica como o de maior uso é “Internet” (23) cunha frecuencia que duplica amplamente á da seguinte categoría xerárquica “Radio” (10), seguida de “Libros” (9), “Televisión” (6), “Video / DVD” (5), “Cine” (1) e desaparecendo o medio “Prensa” das preferencias dos usuarios (que o sitúan, porén, como relevante, no posto terceiro sobre sete da escala).

. No derradeiro posto, número sete ou de mínimo uso entre os enquisados, atópanse con diferenza a “Radio” (21) e o “Cine” (15), seguidos de xeito decrecente pola “Prensa” (6) e “Internet” (6), o “Video / DVD” (5). Constátase asemade unha importante desaparición do medio “Televisión” (0) entre as menores preferencias dos usuarios.

No eido da estratificación por procedencia xeográfica dos grupos (cfr. G. 54–57), todos os grupos coincidiron en sinalar “Internet” como o medio máis utilizado, agás a ULGB que decantouse claramente polo medio “Radio” seguido dos “Libros”, mentres o medio “Internet” desaparecía das eleccións como primeira categoría: datos que levan a unha interesante reflexión no que as infraestruturas comunicativas se refire.

En canto aos medios considerado como de menor uso, ULGB y UBI coinciden na opción “Cine”, PUCRS e UFBA coinciden non embargante en sinalar o medio radiofónico como o de menor importancia entre as súas preferencias de uso, o que reforza a xa apuntada reflexión no que as infraestruturas comunicativas se refire.

A análise por xéneros (cfr. G. 58–59) evidencia unha nidia coherencia entre “Masculino” e “Feminino” á hora de sinalar “Internet” como o medio máis relevante na xerarquía de uso dos enquisados, se ben no caso dos medios de menor utilización o grupo “Masculino” decántase polo “Cine” (9), mentres o “Feminino” faino pola “Radio” (14).

Por último, e no tocante ás clases sociais (cfr. G. 60–63), de novo atopamos en cada categoría significativas diverxencias non recollidas na gráfica da poboación global (cfr. G. 53), e que esixen dunha detida análise: así, se aqueles enquisados pertencentes á “Clase Baixa” equipararon “Radio” (1) e “Libros” (1) como os medios de maior uso, a “Clase media– baixa” opta por primar á “Radio” (7) e Internet (5), a “Clase media–media” opta masivamente por “Internet” (17) cunha frecuencia que triplica amplamente o seguinte medio elixido “Televisión” (5), mentres a “media–alta” prima coa mesma frecuencia o “Video / DVD” (1), os “Libros” (1) e “Internet” (1). En canto aos medios recoñecidos como de menor uso, as maiores frecuencias nas clases “baixa” e “media–baixa” apuntan ao “Cine” e a “Prensa”, mentres a “media–media” desestima de xeito claro a “Radio”.

### **10.2.2.- ESTRATIFICACIÓN DO CONSUMO CINEMATOGRAFICO DA POBOACIÓN ENQUISADA**

Porén, o propio devir do traballo investigador aconsellábanos unha maior estratificación por consumo mediático. Así, comezando polo caso do Cinema, solicitouse aos enquisados a frecuencia de visitas ás salas de cinema. Neste sentido, entre os resultados rexistrados sobre a poboación total da enquisa, as categorías “Mensual” e “Quincenal” acadaron un

24%, seguidas das opcións “Semanal” (17%) e “Trimestral” (13%), e outras categorías residuais como “Inferior a unha vez por ano” (9%), “Anual” (7%) e “Semestral” (6%).

No eido da estratificación por procedencia xeográfica dos grupos (cfr. G. 65–68), PUCRS e UFBA coinciden en sinalar “Quincenal” (36%) como a frecuencia de visita ás salas de cinema, UBI amplía o pautado temporal ata o “Mensual” (25%), mentres que ULGB establece un sintomático 31% no caso “Inferior a unha vez por ano”.

No tocante á análise por xéneros (cfr. G. 69–70), mentres o grupo “Masculino” confesa unha frecuencia de visitas “Semanal” (24%), o “Feminino” decántase pola categoría “Quincenal” (33%).

Entre as clases sociais (cfr. G. 71–74), se aqueles enquisados pertencentes á “Clase Baixa” se distribúen ao 50% entre as visitas “Semanal” e “Unha vez por ano”, a “Clase media–baixa” decántase por unha maior estratificación na que prima a categoría “Mensual” (24%). Pola súa banda, a “Clase media–media” opta pola visita “Quincenal” (31%) seguida da “Mensual” (24%), mentres que os resultados da “Clase media–alta” aglutinan a meirande frecuencia de visitas, repartíndose de xeito equitativo entre “Semanal” (case 34%) “Quincenal” (33%) seguida da “Mensual” (33%).

A enquisa contempla tamén ás preferencias dos consumidores de cinema, solicitando unha relación de catro obras cinematográficas realizadas nos últimos cinco anos, que foran do seu interese, cunha mención expresa aos medios ou soportes nos que foron consumidas. Neste caso, o filme *Avatar* (12) acadou o maior nivel de frecuencia, seguido de *Inglourious Basterds* (10) e *Slumdog Millionaire* (9). No cuarto posto de interese atopamos unha miscelánea de películas descoñecidas ou erroneamente referenciadas (9) polos enquisados, un problema de recollida de datos especialmente significativo no que a ULGB se refire.

En canto á procedencia da produción filmica preferida polos enquisados, revélase unha indiscutible dominancia do mercado anglosaxón. Así, os Estados Unidos de América copan as tres primeiras categorías: xa en solitario, acadando un esmagante 56% que duplica amplamente a seguinte procedencia elixida, que volta a ser os propios Estados Unidos de América en coprodución coa Alemaña (27%) e co Reino Unido (20%). A cuarta procedencia significativa de contidos cinematográficos apunta ao Reino Unido en solitario (13%), mentres que só un país non anglosaxón é quen de ter presenza no interese xeral,

Brasil (9%), tanto polo apoio dos seus grupos de referencia como pola súa importancia no eido lusófono.

Matizando os anteriores resultados pola procedencia xeográfica dos grupos (cfr. G. 81–84), só ULGB establece o seu teito de interese nun sintomático 9% no que atopamos unha miscelánea de películas descoñecidas ou erroneamente referenciadas á que fixemos referencia no parágrafo anterior.

A dominancia entre as modalidades de consumo cinematográfico (cfr. G. 85–89) segue reservándose de xeito maioritario á visita presencial á “Sala de Cinema” (52%), seguida do “DVD” (29%), “Televisión” (10%), “Descargas” (7%) e “Internet” (2%). Trátase dun paradigma de consumo aínda clásico compartido con variacións non significativas entre os diferentes grupos participantes (cfr. G. 86–89), agás no caso da ULGB e o seu acceso maioritario a través do DVD (57%), extremo que devólvenos ás peculiaridades infraestruturais ás que xa fixemos mención.

En canto aos catro títulos da filmografía lusófona preferidos polos enquisados (cfr. G. 95), figuran *Cidade de Deus* (10), *Tropa de Elite* (9), *Mortu Nega* (8) e *Camino de Santiago: El origen* (7). Por outra banda, no que atinxe á procedencia dos filmes lusófonos referidos polos usuarios, Brasil (58) acada a meirande parte das frecuencias seguido de Portugal (39), Brasil–Francia (15), Guiné Bissau (13), España (11) e Galiza–España–Chile (10).

Por certo que, considerando a procedencia xeográfica dos grupos (cfr. G. 96–99), mentres o liderado de Brasil mantense indiscutible nos resultados de PUCRS e UFBA, desaparece porén no caso de UBI en beneficio de Portugal (35), ou se atenua severamente no caso da ULGB, desta volta en favor de Guiné Bissau (13).

A sistematización dos títulos solicitados foi especialmente complexa, ao requirir dunha constante verificación dos mesmos (cfr. G. 100). Así da totalidade de filmes mencionados polos enquisados como lusófonos, un 85% foi confirmado como “Verdadeiro”, mentres que o 9% resultou ser “Falso” e o 6% “Non referenciado”.

No que atinxe á modalidade de consumo dos filmes lusófonos mencionados polos usuarios (cfr. G. 101), a meirande dominancia do 75% repártese de xeito equitativo entre “DVD” (38%) e “Sala de Cinema” (37%), mentres que no 25% restante atopamos, a unha

considerable distancia das modalidades de consumo dominantes, as categorías “Televisión” (16%), “Descargas” (7%) e “Internet” (2%).

Matizando os resultados obtidos sobre a poboación global por grupos participantes (cfr. G. 102–105), UFBA rexistra a maior porcentaxe de acceso vía “Sala de Cinema” (61%) e UBI de “Descargas” (19%), aínda que, de novo, atopamos o disenso máis significativo na ULGB, cunha terna de modalidades de consumo entre a que destaca “DVD” (57%), seguido de “Televisión” (33%) e “Sala de Cinema” (10%), mentres que as categorías “Descargas” (0%) e “Internet” (0%) desaparecen sumariamente como modalidades de acceso a contidos cinematográficos lusófonos.

### **10.2.3.- ESTRATIFICACIÓN DO CONSUMO TELEVISIVO DA POBOACIÓN ENQUISADA**

Os enquisados foron consultados sobre o número de horas dedicadas diariamente ao consumo televisivo (cfr. G. 106). Os resultados sobre a poboación total da enquisa, sinalan como lapso máis frecuente de consumo diario o situado entre 3 e 4 horas (26), e como menos frecuente de 7 a 8 horas (4).

Confrontando estes resultados cos obtidos en cada grupo participante (cfr. G. 107–110), non se aprecian variacións significativas, aínda que si no caso da variable de xénero (cfr. G. 111–112), deste xeito, mentres o consumo do grupo “Masculino” respecta a devandita media global de consumo diario, entre 3 e 4 horas, o grupo “Feminino” reduce este consumo ao lapso entre 2 e 3 horas.

Entre as clases sociais (cfr. G. 113–116), mentres as clases “media–baixa” e “media–media” coinciden na devandita media global de consumo diario, entre 3 e 4 horas, aqueles enquisados pertencentes á “Clase Baixa” rexistran consumos de 1 ou 3 horas, mentres que aqueles recoñecidos como de “Clase media–alta” rexistran frecuencias equitativas de <1 hora (1), 2 horas (1) e 4 horas (1).

A enquisa contempla tamén ás preferencias dos consumidores televisivos, solicitando dos enquisados unha relación de catro formatos televisivos emitidos nos últimos cinco anos (cfr. G. 117), que foran do seu interese, indicando asemade o xénero de programa e o lugar de consumo.

Así, entre os espazos de televisión máis vistos polos usuarios atopamos que o formato “CQC” (9) acadou o maior nivel de frecuencia, seguido de “Telejornal” (8) e “House”(6). No cuarto posto de interese atopamos unha miscelánea de formatos heteróclitos valorados con frecuencias análogas como “5 para a Meia-Noite” (5), “Gato fedorento” (5), “Prós e contras” (5) e “Sons d’África” (5), que evidencian a ubérrima e variada colleita verquida polos distintos grupos participantes (cfr. G. 118–121). En canto aos tipos de programa máis vistos polos usuarios (cfr. G. 122), as categorías “Series” (59) e “Informativos” (56) acadan as maiores frecuencias de impactos, seguidas a unha distancia considerable por “Debate” (17), “Animación” (14) e “Deportivo” (11) .

A modalidade indiscutible de acceso aos contidos televisivos segue a ser o medio “Televisión” (184), cunha distancia de 160 impactos sobre a seguinte modalidade de acceso, “Internet” (12), mentres outras vías de acceso máis utilizadas no caso do consumo de contidos cinematográficos, como “DVD” (8) ou “Descargas” (1), obteñen neste eido frecuencias practicamente residuais, tendencias que se manteñen con homoxeneidade a través da serie de grupos de recepción localizados en diferentes áreas do espazo lusófono (cfr. G. 128–131).

#### **10.2.4.- ESTRATIFICACIÓN DO CONSUMO RADIOFÓNICO DA POBOACIÓN ENQUISADA**

No que atinxe ao consumo radiofónico diario do total da poboación enquisada (cfr. G. 132), pode establecerse arredor de unha hora efectiva, atopando as maiores frecuencias nos lapsos “<1 hora” (14) e “1 hora” (14), seguidos a certa distancia xerárquica por outras franxas como “3 horas” (8), “2 horas” (7) e “4 horas” (5).

Matizando estes resultados cos obtidos por grupo participante (cfr. G. 133–136), apréciase de novo unha harmonía cos datos obtidos a nivel global entre PUCRS, UFBA e UBI, mentres que os maiores lapsos de consumo radiofónico sitúanse en ULGB.

Se temos en conta o xénero dos enquisados (cfr. G. 137–138), mentres o consumo máis frecuente no grupo “Masculino” é inferior a unha hora, no caso “Feminino” se amplía a unha hora efectiva de consumo radiofónico diario.

Entre as clases sociais (cfr. G. 139–142), mentres aqueles enquisados pertencentes á “Clase Baixa” concentran o seu consumo diario nunha única categoría “2 horas”, a “Clase media–

baixa” eleva a súa media de consumo ata “4 horas”, mentres que as clases “media– media” e “media–alta” coinciden na devandita media global de consumo diario, rexistrando a meirande parte de frecuencias nos lapsos “<1 hora” e “1 hora”.

### **10.2.5.- ESTRATIFICACIÓN DO CONSUMO AUDIOVISUAL EN REDE DA POBOACIÓN ENQUISADA**

Fronte ás medias de consumo radiofónico diario pormenorizadas no apartado precedente, o número de horas que os enquisados dedican ao consumo de contidos audiovisuais en rede, amplíase radicalmente (cfr. G. 143). Así, se o consumo radiofónico máximo efectivo non supera unha hora ao día, no caso telemático acádanse porén as “3 horas” (14) na categoría de maior frecuencia, seguida de “2 horas” (10) e “1 hora” (10), “4 horas” (7), “>7 horas” e “5 horas” (4).

Por grupo participante (cfr. G. 144–147), PUCRS acada as súas maiores frecuencias entre as 2 e 3 horas de consumo, UFBA repártese equitativamente entre 1 e 3 horas, mentres que UBI rexistra o maior consumo dos grupos participantes, entre 3 e 4 horas, e ULGB o menor nivel de consumo, entre 1 e 2 horas.

En canto á variable de xénero (cfr. G. 148–149), mentres os consumos de contidos audiovisuais en rede máis frecuentes no grupo “Masculino” delimitan unha terna de 2 a 4 horas, no caso “Feminino” as medias de consumo efectivo redúcense de 1 a 3 horas.

Entre as clases sociais (cfr. G. 150–153), o consumo de “Clase Baixa” sitúase entre 2 e 3 horas, as clases “media–baixa” e “media–media” concentran a súa media de consumo en “3 horas”, mentres o consumo de “Clase media–alta” sitúase nas “2 horas”.

Porén, o propio devir do traballo investigador aconsellábanos unha maior estratificación por consumo de contidos audiovisuais en rede, de xeito que inquiriuse dos enquisados o seu grado de coñecemento e manexo de redes P2P ou “Peer-To-Peer” (cfr. G. 154).

Neste sentido, entre os resultados rexistrados sobre a poboación total da enquisa, só un 22% dos enquisados se definiu como usuario de P2P, fronte ao o 78% restante, situándose a meirande concentración de usuarios en UBI e a menor en ULGB (cfr. G. 155– 158).

Non se produciron, porén, variacións significativas en canto á utilización de redes P2P no tocante aos xéneros que se repartiron entre un 25% de usuarios masculinos e un 20% femininos (cfr. G. 159–160).

Os resultados máis interesantes proveñen das clases sociais (cfr. G. 161–164), xa que as porcentaxes de uso de redes P2P caen estrepitosamente a medida que descendemos na pirámide social: “Clase media–alta” (33%), “Clase media–media” (27%), “Clase media–baixa” (13%), “Clase baixa” (0%).

As redes máis demandadas entre os usuarios P2P (cfr. G. 165), atopamos unha dominancia de “Torrent” (43%), seguida en moita menor medida por “Dreamule” (9%), “Emule” (8%), “Soccertvlive” (8%), “MyP2P” (8%) e “UTorrent” (8%).

En canto ao tipo de contidos consumidos, a meirande concentración de impactos sobre a poboación total enquisada (cfr. G. 166) concéntrase en “Vídeos” (97) e “Música” (62), aínda que no caso de UBI a categoría máis demandada sexa “Animación” (29) e a ULGB prime netamente a “Música” (14) en detrimento dos “Vídeos” (5), en boa medida polas consuetudinarias limitacións infraestruturais no que aos anchos de banda se refire (cfr. G. 167–170).

### **10.2.6.- ESTRATIFICACIÓN DAS LECTURAS DA POBOACIÓN ENQUISADA**

A diferenza do apartado anterior, os lapsos dedicados á lectura resultan sensiblemente inferiores aos acadados no caso do consumo audiovisual en rede da poboación enquisada.

Neste senso, o número de horas que os enquisados confesan adicar á lectura diaria (cfr. G. 171) establécese nas “2 horas” (14) como categoría de maior frecuencia, mentres que o resto de enquisados distribúense nunha terna equitativa de opcións entre “5 horas” (8), “3 horas” (8) e “1 hora” (8). Os niveis globais mantéñense sen variacións entre os grupos participantes (cfr. G. 172–175), agás PUCRS que rexistra a maior concentracións de frecuencias en 1 hora.

En canto á variable de xénero (cfr. G. 176–177), o grupo “Feminino” amosa unha maior dedicación á lectura, cunha alta frecuencia situada en “2 horas” (10), mentres no caso “Masculino” sitúase en “<1 hora”.

Por clases sociais (cfr. G. 178–181), o consumo da “Clase Baixa” sitúase equitativamente entre 2 e 3 horas, a “media–baixa” en 2 horas, a “media–media” concentran a súa media de consumo entre 1 e 2 horas, mentres o consumo de “Clase media–alta” sitúase entre as 2 e 3 horas.

No que atinxe ás vías de acceso á lectura preferidas polos enquisados (cfr. G. 182), o soporte “Papel” (80%) mantense como o máis empregado, nunha amplísima porcentaxe que cuadriplica a suma das obtidas no resto de opcións: “Internet” (16%), “E-Book” (3%) e “Audiolibro” (1%).

A partires da ampla casuística achegada pola serie de grupos de recepción localizados en diferentes áreas do espazo lusófono (cfr. G. 183–186), evidéncianse algunhas cuestións que, ao noso xuízo, paga a pena subliñar:

. PUCRS e UFBA non contemplan categorías como “E-Book” ou “Audiolibro” repartindo as súas porcentaxes de xeito case equitativo: “Papel” (87% e 80% respectivamente) e “Internet” (13% e 20% respectivamente).

. No caso da poboación UBI, o acceso mediante “Internet” (20%) rexistra niveis análogos aos de PUCRS e UFBA, aínda que a consideración da categoría “E-Book” (5%) resta porcentaxe de dominancia ao soporte “Papel” (75%).

. O caso ULGB rexistra unha dobre peculiaridade de interese no que atinxe ás vías de acceso á lectura preferidas polos enquisados: por unha banda, ULGB rexistra a menor porcentaxe de acceso a través de “Internet” (12%) en beneficio doutras categorías como “E-Book” (6%) ou “Audiolibro” (4%); por outra banda, a modalidade “Audiolibro” resulta exclusiva de ULGB.

Do cruce das variables de xénero dos enquisados e as súas preferencias de acceso á lectura (cfr. G. 187–188), infírense pequenas variacións porcentuais, tales como que o grupo “Feminino” amosa unha maior preferencia do soporte “Papel” (82% fronte ao 77% do grupo “Masculino”), e menor no tocante ao resto de modalidades de acceso: “Internet” (16% fronte ao “Masculino” 17%), “E-Book” (2% fronte ao “Masculino” 4%) e “Audiolibro” (0% fronte ao “Masculino” 2%).

Atendendo ás vías de acceso á lectura preferidas polos enquisados estratificados por clases sociais (cfr. G. 189–192), as clases “baixa” e “media–alta” coinciden nunha suxestiva

bipolaridade exclusiva entre “Papel” (87% e 83% respectivamente) e “Internet” (13 y 17% respectivamente), mentres a clase “media–baixa” contempla tres das catro categorías referenciadas e só a “media–media” rexistra porcentaxes de uso en todas as modalidades de acceso, cunhas porcentaxes por certo moi pretas dos resultados obtidos a nivel da poboación global: “Papel” (75%), “Internet” (20%), “E-Book” (3%) e “Audiolibro” (2%).

Por outra banda, da exploración dos xéneros de lectura predilectos da poboación global enquisada (cfr. G. 193), infírese unha preocupación solidaria por aspectos xerais e específicos do eido sociocultural, permítasenos dicir “moi universitaria”: “Literatura” (28%), “Manuais académicos” (23%), “Prensa xeralista” (18%) e “Prensa especializada” (13%), porcentaxes que suman o 87% das preferencias de xénero de lectura expresados pola poboación enquisada.

No resto de xéneros apréciase a devandita tendencia entre o específico e o contextual, aínda que rexistre menores porcentaxes: “Lírica” (6%), “Manuais profesionais” (5%), “Cómics” (3%), “Ensaio” (2%) e “Divulgación” (2%). Matizando o anterior por grupos participantes (cfr. G. 194–197), cabe salientar as máximas porcentaxes acadadas por preferencia de xénero de lectura: mentres PUCRS, UFBA e UBI coinciden en sinalar a súa predilección en “Literatura” (30%, 35% e 29% respectivamente), ULGB desmárcase abertamente decantándose decididamente pola categoría “Prensa xeralista” (26%).

### **10.3.- PERCEPCIÓN DA CULTURA AUDIOVISUAL ACTUAL E DOS SEUS ACTORES**

Outro dos aspectos imprescindibles na nosa pesquisa orientábase a detectar posibles tendencias de percepción entre a poboación enquisada, que a partir de certa acumulación de frecuencias permitiran pasar do particular ao paradigmático.

Neste senso, preguntouse aos enquisados se, entre os protagonistas máis destacados da cultura audiovisual actual (actores, actrices, presentadores, presentadoras...), advertían algunha dominancia de sexo masculino o feminino. Neste senso, resposta da poboación global (cfr. G. 198) foi negativa nun 50%, mentres que un 30% indicou percibir unha dominancia feminina e un 20% masculina.

Atendendo ás percepcións de dominancia ou non dos sexos masculino ou feminino entre os protagonistas máis destacados da cultura audiovisual actual, estratificados á súa vez por

grupos de recepción (cfr. G. 199–202), evidénciase unha nidia bipolaridade entre as maiores porcentaxes de refutación de dominancia sexual (UBI, 69%) e de radical afirmación da mesma (ULGB, 92%). Precisamente no caso da ULGB considérase a dominancia entre os protagonistas máis destacados da cultura audiovisual actual como fundamentalmente feminina (54%) en detrimento da masculina (38%).

A análise por xéneros (cfr. G. 203–204) desprende unha nidia coherencia entre as percepcións “Mascullinas” e “Femininas”: mentres o 50% de homes e mulleres optaron por negar calquera xeito de dominancia, o 30% das mulleres e o 29% de homes suxeriron unha dominancia “Feminina”, mentres o 20% de mulleres e o 21% de homes advertiron unha dominancia “Mascullina” entre os protagonistas máis destacados da cultura audiovisual actual.

Afondando na exploración daquelas percepcións da poboación enquisada, inquiriuse tamén aos enquisados se, entre os axentes profesionais máis destacados da xeración da cultura audiovisual actual, e dos seus roles máis relevantes no plano da produción ou da distribución (realizadoras/es, produtoras/es, etc.), advertían algunha dominancia de sexo masculino ou feminino.

A afirmación verquida pola poboación global enquisada en canto á dominancia foi sen dúbida máis rotunda que na resposta anterior (cfr. G. 205), sendo positiva nunha porcentaxe do 76% distribuída entre aqueles que identificaban á dominancia como “Feminina” (9%) e unha significativa percepción de dominancia “Mascullina” (67%).

Matizando o anterior por grupos de recepción (cfr. G. 206–209), PUCRS establece a dominancia masculina nun 71% non considerando a posibilidade de dominancia feminina (0%). Pola súa banda, UFBA amplía a porcentaxe de dominancia masculina (71%) en detrimento da feminina (9%). En canto á UBI, rexistra a menor porcentaxe de dominancia masculina (56%) e amplía a feminina (13%). Por último, ULGB sitúa nun 70% a porcentaxe de dominancia masculina e rexistra a maior porcentaxe de dominancia feminina (15%).

Como no caso anterior, a análise por xéneros (cfr. G. 210–211) amosa unha nidia coherencia entre as percepcións dos grupos “Femininos” e “Mascullinos”, establecendo una rotunda dominancia masculina (70% e 62% respectivamente) en detrimento dunha potencial dominancia feminina (7% e 13% respectivamente).

Afondando na exploración daquelas percepcións da poboación enquisada, inquiriuse aos enquisados se, entre os protagonistas máis destacados da cultura audiovisual actual (actores, actrices, presentadores, presentadoras...) advertían algunha dominancia de idade.

Neste senso, a maior porcentaxe da poboación global (cfr. G. 212) identificou como dominante a franxa de idade “31–40” (44%), seguida do ítem “21–30” (28%), porcentaxes que se manteñen sen variacións significativas ao longo dos resultados verquidos polos distintos grupos de recepción (cfr. G. 213–216).

No que atinxe á seguinte pregunta do cuestionario “Entre os axentes profesionais máis destacados da xeración da cultura audiovisual actual, e dos seus roles máis relevantes no plano da produción ou da distribución (realizadoras/es, produtoras/es, etc.), ¿advirte algunha dominancia de idade...?”, a poboación global (cfr. G. 217) decantouse por situar como dominante a franxa de idade “41–50” (37%), seguida de “21–40” (28%). Matizando o anterior por grupos de recepción (cfr. G. 218–221), o disenso máis notable provén de ULGB, ao identificar como claramente dominante a franxa de idade “31–40” (45%).

Tamén entre os protagonistas máis destacados da cultura audiovisual actual (actores, actrices, presentadores, presentadoras...), se solicitou a referencia a algúns ou algunhas pertencentes aos países lusófonos ou a Galiza, indicando nome e profesión. Tomando como referencia á poboación global enquisada (cfr. G. 222), os nomes que acadaron as maiores frecuencias de cita foron, entre outros, “Fernanda Montenegro” (10), “Catarina Furtado” (9), “Penélope Cruz” (9), “Jose Rodrigues Dos Santos” (7), “Carlos Vaz” (6), “Nicolau Breyner” (6) ou “Wagner Moura” (6). Loxicamente, as variacións na frecuencia nas citas dos usuarios dependían en boa medida da procedencia dos grupos enquisados no eido do espazo lusófono (cfr. G. 223–226).

No que atinxe ao xénero dos protagonistas lusófonos mencionados polos enquisados (cfr. G. 227), un 54% identificouno como “Masculino” e un 44% como “Feminino”, cun residual 2% naqueles nomes non especificamente referenciados, tendencias sostidas na contorna dos universos de referencia (cfr. G. 228–231).

En canto ás profesións dos protagonistas lusófonos mencionados polos enquisados (cfr. G. 232), as categorías que acadan o meirande número de impactos son “Actor” (54) e “Actriz” (49), seguidas a considerable distancia de frecuencia por “Presentadora” (19) e

“Presentador” (15), e asemade “Director” (6) e “Xornalista” (5), tendencias que, como no caso anterior, sostéñense na contorna dos universos de referencia (cfr. G. 232–236).

A sistematización das referencias aos protagonistas máis destacados da cultura audiovisual actual (actores, actrices, presentadores, presentadoras...) procedentes dos países lusófonos ou a Galiza, foi especialmente complexa, ao requirir dunha constante verificación dos mesmos (cfr. G. 237–241). Así, da totalidade de filiacións referidas polos enquisados como lusófonas, un 89% foi confirmado como “Verdadeiro”, mentres que o 9% resultou ser “Falso” e o 2% acadou a categoría de “Non referenciado”.

Afondando no coñecemento dos profesionais lusófonos, solicitouse a referencia a axentes audiovisuais destacados da cultura audiovisual actual (realizadores, produtores, guionistas) pertencentes aos países lusófonos ou a Galiza, indicando nome e profesión. Neste senso, e tomando como referencia a poboación global enquisada (cfr. G. 242), os nomes que acadaron as maiores frecuencias de cita foron, entre outros, “Manoel de Oliveira” (16) e “Fernando Meirelles” (16), que case duplican a súa frecuencia de citación con respecto ás seguintes opcións elixidas polos enquisados: “Walter Salles” (9), “Pedro Almodóvar” (8), “António Pedro Vasconcelos” (5) ou “Flora Gomes” (5). Como en casos precedentes, as variacións na frecuencia nas citas dos usuarios dependían en boa medida da procedencia dos grupos enquisados no eido do espazo lusófono (cfr. G. 243–246).

De novo na percepción do sexo dominante (cfr. G. 247) entre os axentes profesionais máis destacados da cultura audiovisual actual (realizadores, produtores, guionistas) dos países lusófonos ou a Galiza, impúxose a categoría “Masculino” (87%).

Nótese que estes resultados intensifican radicalmente, no caso lusófono, a percepción de dominancia masculina no eido xeral da cultura audiovisual que, lembremos, situábase nun 67%. Matizando o anterior por grupos de recepción (cfr. G. 248–251), a meirande porcentaxe de dominancia masculina foi rexistrada por UFBA (97%) e UBI (94%), mentres a menor porcentaxe de dominancia masculina foi acadada por ULGB (72%).

No que atinxe ás profesións dos axentes profesionais lusófonos identificados polos enquisados (cfr. G. 252), a categoría que indubidablemente acada o meirande número de impactos é “Director” (98) seguida a moita distancia de frecuencia por “Produtor” (15), “Realizador” (10), “Directora” (8), “Actora” (6) e “Guionista” (5), tendencias que, como xa

sinlamos en ocasións precedentes, sostéñense sen variacións significativas na contorna dos universos de referencia (cfr. G. 253–256).

De novo establecéronse as oportunas verificacións que esixe o rigor metodolóxico, no tocante á veracidade do coñecemento por parte da poboación enquisada dos profesionais lusófonos (realizadores, produtores, guionistas). Neste senso, e tomando como referencia a poboación global enquisada (cfr. G. 257), da totalidade de filiacións referidas polos enquisados como lusófonos, un 88% foi confirmado como “Verdadeiro”, mentres que o 9% resultou ser “Falso” e o 3% acadou a categoría de “Non referenciado”. Asemade, tendo en conta os grupos participantes (cfr. G. 258–261), detectáronse as maiores porcentaxes de veracidade no caso de UFBA (91%) e UBI (92%), por diante de PUCRS (83%) ou ULGB (85%).

Como corolario a este percorrido pola percepción da cultura audiovisual actual e dos seus actores, inquiriuse dos enquisados de que xeito definirían a incidencia da produción e distribución de obras audiovisuais na configuración dunha determinada cultura.

As respostas sobre a poboación global enquisada amosan datos alentadores (cfr. G. 262): os enquisados consideraron a incidencia da produción e distribución de obras audiovisuais na configuración dunha determinada cultura como “Imprescindible” (54%), “Útil” (44%), “Pouco útil” (2%), mentres que ningún dos enquisados activou a opción de “Prescindible” (0%).

Matizando os resultados anteriores por grupos participantes (cfr. G. 263–266), o meirande respaldo da incidencia da produción e distribución de obras audiovisuais na configuración dunha determinada cultura (tomando en consideración o ítem máis elevado da escala: “Imprescindible”) detectouse en PUCRS (72%) e de xeito especial en UFBA (91%), dende logo moi por diante de UBI (50%) e ULGB (8%).

Do mesmo xeito, no caso da variable de xénero (cfr. G. 267–268) e continuando coa referencia do ítem “Imprescindible”, atópase un respaldo moito máis decidido entre as enquisadas (60%) que entre os enquisados (46%). De feito, a poboación masculina considera a incidencia da produción e distribución de obras audiovisuais na configuración dunha determinada cultura como algo “Útil” (50%, fronte ao 46% feminino), e incluso “Pouco útil” (9%, fronte ao 0% feminino).

Un criterio de utilidade que, por certo, mantense de xeito manifesto no grupo de enquisados pertencentes á “Clase baixa”, que entenden a incidencia da produción e distribución de obras audiovisuais na configuración dunha determinada cultura exclusivamente como algo “Útil” (100%), mentres que a “Clase media–baixa” amplía categorías a “Imprescindible” (31%), “Útil” (63%) e “Pouco Útil” (3%), coincidindo as clases “media–alta” e “media–media” en repartir as súas porcentaxes entre o binomio “Imprescindible” (67%) e “Útil” (33%): como noutras ocasións, o acceso á escala social representa un apoio incondicional, é dicir, non atravesado pola utilidade senón entendido como “Imprescindible”.

## **11.- ANÁLISE E INTERPRETACIÓN DOS DATOS OBTIDOS. MOSTRAS.**

Antes de dar paso ao cruce e interpretación dos datos obtidos a partir das análises das mostras realizadas polos tres grupos de recepción é de fundamental importancia describir cales son as estruturas analizadas dende o establecemento das distintas categorías. A sistemática de análise permite configurar distintos niveis de recepción e categorización a partir de aspectos relacionados coas variables establecidas nos cuestionarios de perfil de usuario e hábitos de consumo. A aplicación da ferramenta Excel versión 13.0 na estruturación dos datos cuantitativos permitiu rexistrar de modo sintético as categorías de análise empregadas na valoración da mostra segundo a *Comprensión lingüística*, *Comprensión xeral*, *Familiaridade cultural*, *Valoración das mostras*.

Para a xerarquización dos valores por categoría, solicitóuselle ao alumnado que cifre en porcentaxe o nivel de comprensión lingüística, comprensión xeral e familiaridade cultural de cada fragmento, achegando catro opcións: 25%, 50%, 75%, 100%. Pola súa banda, nos apartados correspondentes á valoración das mostras, na segunda parte do cuestionario de análise, solicitamos aos enquisados que puntúen de 1 a 5 o nivel de valoración dos distintos elementos que caracterizan a posta en escena das pezas achegadas.

Neste apartado de análise cómpre introducir unha excepción condicionada polo desenvolvemento da investigación. Falamos da exclusión dos datos da Universidade Lusófona de Guiné Bissau na análise das mostras, pois por mor das dificultades técnicas infraestruturais do centro o visionado e análise dos filmes realizouse cunha gran precariedade o que devíu na imposibilidade de recibir análises das mostras a través da plataforma online.

### **11.1.- COMPRENSIÓN LINGÜÍSTICA**

Para detectar as principais barreiras que atopa o audiovisual galego en contacto con público lusófono, resulta de primordial importancia sabermos cal é o nivel xeral de comprensión das mostras presentadas, para unha análise pormenorizada por centro, país e mostra, e poder así extraer conclusión xerais.

No primeiro dos apartados, sobre a comprensión lingüística media, o resultado global das catro universidades ofrece un panorama de certo optimismo, ao constatar que a media

global, incluíndo todos os alumnos e mostras, (cfr. G. 273) sitúa o valor 75% como o máis repetido (46%), ao tempo que o valor mínimo de comprensión proposto no cuestionario, o 25%, só foi escollido tan só nun 9% dos casos.

Se facemos un desglose por universidade atoparemos mudanzas pequenas pero significativas. As maiores porcentaxes de comprensión lingüística viñeron da Universidade de Beira Interior (UBI) en Covilha (Portugal), no que un 51% dos enquisados escolleu a opción do 75% e até un 30% estimou a súa comprensión lingüística nun 100% (cfr. G. 285), dato relevante pois esta porcentaxe máxima atopou en Brasil porcentaxes moi inferiores na Universidade Pontificia de Rio Grande do Sul (PUCRS) (15%) e a Universidade Federal de Bahía (UFBA) (9%), respectivamente (cfr. G. 283-284). No caso brasileiro os mellores resultados viñeron da PUCRS na que un 48% cifrou a súa comprensión lingüística nun 75%, namentres que o segundo valor escolmado foi o 50%, cun 29% dos casos. No caso da UFBA, porén, o nivel de proximidade lingüística mingou significativamente pois é o único centro no que o valor de escolla máis repetido foi o 50% (38% dos casos), seguida de cerca do 75% de comprensión cun 35%. Na UFBA, asemade, até un 18% do alumnado se decantou pola porcentaxe mínima de comprensión, a do 25%, considerada elevada neste apartado da pesquisa.

### 11.1.1.- COMPRENSIÓN LINGÜÍSTICA POR MOSTRA

Se analizamos os datos de comprensión lingüística por mostra (cfr. G. 322-329) atoparemos uns resultados bastante homoxéneos mais con relevantes diferencias. A peza na que o alumnado escolleu a opción do 100% con maior frecuencia foi *A meiga chuchona* (36%) (cfr. G. 322), seguida a certa distancia por *León e Olvido* (28%) (cfr. G. 327), e *Conexión* (27%) (cfr. G. 326). Neste apartado estamos a falar do único filme dos oito pendurados cun narrador en off (*A meiga chuchona*), unha longametraxe de ficción en carteleira co uso do galego estándar (*León e Olvido*) e de fala galego-portuguesa (*Conexión*), datos que puideron influír nos resultados. As mostras con peores porcentaxes de comprensión foron *As cores do frío* (cfr. G. 324) con ningún resultado do 100%, e tan só un 46% que escolleran o 75%. No caso d'*As Encrobas ao ceo aberto* (cfr. G. 325), os resultados son se cadra peores ao obterse o 30% nos valores máis baixos -25% e 50%-. A precariedade material d'*As cores do frío* e a fala dialectal d'*As Encrobas* puideron incidir neste apartado. As mostras *Padre Casares*, *A nova aldea* e *Linguas cruzadas*, ficaron cuns resultados intermedios mais cun predominio nos tres casos da opción do 75%.

## **11.2.- COMPRENSIÓN XERAL**

Achegámonos agora aos resultados que miden o grao de comprensión xeral das mostras (cfr. G. 330-337), que van máis aló da percepción idiomática, confluindo aspectos narrativos e temáticos que permiten unha percepción máis completa do significado das pezas. Mesmo así, os resultados amosan unha gran semellanza co apartado anterior, que medía a *Comprensión lingüística por mostra*, o que nos leva a concluír que o elemento lingüístico é primordial na comprensión xeral dos filmes. A porcentaxe global de comprensión xeral sitúase no seu valor máis alto (100%) nun 28% (cfr. G. 282), namentres que o segundo valor en liza, o 75%, foi escollido polo 44% dos enquisados. Se facemos un desglose por mostra, á cabeza das mostras mellor comprendidas atópase con moita diferenza *A meiga chuchona*, no que a opción maioritaria foi o 100% (50% dos casos) e a segunda opción o 75% (36% dos casos) (cfr. G. 330). De novo repetiuse o *ranking* do apartado anterior, situándose por detrás pero a certa distancia *León e Ohido* (39% de casos cun 100% de comprensión) (cfr. G. 335) e *Conexión* (38% de casos cun 100% de comprensión) (cfr. G. 334). Na parte inversa da clasificación atópase de novo e con diferenza, *As Encrobas, a ceo aberto*, no que a opción mínima de comprensión, o 25% (cfr. G. 333), foi escollida polo 16% dos enquisadas, e onde predominou o valor 50% (no 38% dos casos). A seguinte mostra con peores porcentaxes de comprensión xeral foi *As cores do frío*, cun 8% de casos con comprensión do 25%, e un 32% co valor 50% (cfr. G. 332). O resto das mostras fican en valores medios, mais predominando o 75%.

## **11.3.- FAMILIARIDADE CULTURAL**

Valoramos de forma positiva o grao de familiaridade cultural dos distintos grupos de recepción, sobre todo, no tocante á Universidade de Beira Interior (UBI) (cfr. G. 294) na que un 43% dos enquisados indicaron un grao de familiaridade estimado en 75% con respecto das mostras visionadas. Neste punto é relevante mencionar os resultados homoxéneos acadados nas tres universidades (cfr. G. 292-293). O nivel máximo de familiaridade cultural (100%) obtivo un pico de respostas na PUCRS (14%), mais seguida de preto pola UBI (12%) e a UFB (11%), o que fala de certa sintonía cultural dentro dos países que conforman o espazo lusófono.

### 11.3.1.- FAMILIARIDADE CULTURAL POR MOSTRA

Constatamos nesta categoría resultados homoxéneos e con certas semellanzas aos referidos de comprensión lingüística e comprensión xeral por mostra. A peza con maior índice de respostas do 100% no tocante á familiaridade cultural foi de novo *A meiga chuchona* (cfr. G. 338), cun 28% dos enquisados. A certa distancia temos *A nova aldea* cun 18% dos enquisados que cifraron nun 100% seu grao de familiaridade (cfr. G. 339) seguida no mesmo apartado de preto por *Padre Casares* (17%) e *Conexión* (16%) (cfr. G. 342-345). Porén, o segundo valor de escolla, o 75%, amosa uns resultados ben diferentes que relativizan ese primeiro posto d'*A meiga chuchona*. Neste valor (75%) o filme de animación obtivo tan só o 22%, namentres que outras pezas obtiveron valores próximos ao 50%: *Conexión* (49%), *As cores do frío* (46%), *León e Olvido* (44%) ou *A nova aldea* (41%) (cfr. G. 332 e 334-335)

Aventurámonos a tirar algunhas conclusións respecto das mostras que obtiveron resultados positivos con relación ao índice de familiaridade cultural do 75%. A devandita análise da comprensión lingüística xa resaltaba en *Conexión*, a presenza da fala galego-portuguesa, como un aspecto moi significativo neste apartado. Igualmente, trátase dunha mostra que, por abordar elementos culturais e sociais do país luso, pode ter influído na escolla de 49% dos enquisados. No caso das tres mostras cos resultados máis favorables as razóns se cadra atópanse nas súas temáticas universais, ao atallar problemas non cinguidos a unha realidade concreta. O maltrato n'*As cores do frío*, a integración das persoas coa Síndrome de Down en *León e Olvido*, ou a agricultura ecolóxica e alternativa n'*A nova aldea*, poden guindar luz neste senso. Os resultados polarizados na familiaridade cultural d'*A meiga chuchona* poden vir do feito de falarmos dunha lenda popular galega, que puido atopar paralelismos no imaxinario cultural dalgúns países mais non da totalidade.

Na parte inversa do cadro atopamos *As Encrobas, a ceo aberto*, con ningún resultado do 100% e até un 11% dos enquéritos co 0% e un 37% co 25% de familiaridade cultural (cfr. G. 341). Desta volta unha das causas da escasa familiaridade pode ser o xa mentado baixo índice de comprensión xeral e lingüística, mais tamén podemos atopar causas temáticas, ao referirse a unha problemática histórico-política -as loitas do Val das Encrobas- propia historia recente en Galiza.

## **11.4.- VALORACIÓN DA MOSTRA**

A segunda parte de análise das mostras solicitaba á poboación de análise que puxese en valor, cunha escala de 0 a 5, diversos aspectos relacionados coa creación cinematográfica: Decorado, banda sonora, personaxes, continuidade, diálogos, dirección de actores, guión, fotografía, montaxe, planificación visual e postprodución. Os resultados medios máis altos por universidade procederon da UFBA, que escolleron 5 como o valor máis repetido en todos os apartados citados, destacando os valores “Decorado” (50%) e “Fotografía” (47%) (cfr. G. 363). Resultados tamén altos na outra universidade brasileira, a PUCRS, coa máxima puntuación de 5 en 8 dos 11 apartados (cfr. G. 362), de novo coas mellores porcentaxes nos apartados “Decorado” (49%) e “Fotografía” (43%), ao que se lle suma desta volta a “Continuidade” (43%). Porén, na propia PUCRS aqueles apartados máis relacionados coa posta en escena tiveron unha media inferior, cun predominio do valor 4, en “Dirección de actores” (36%), “Personaxes” (35%) e “Diálogos” (33%).

Muito menos entusiastas resultaron as valoracións da UBI (cfr. G. 364), onde o resultado 5 foi residual, repetíndose en maior medida o 4 (en 9 ocasións) e o 3 (en 2 ocasións) como o valor máis repetido. Por apartados de novo o que maior porcentaxe do valor 5 acadou foi o “Decorado” (44%), sendo o “Guión” o menos escollido (17%). No caso da “Postprodución” destaca o 57% acadado polo valor 3, corroborado polos chats individuais nos que o alumnado laiábase pola carencia de efectos visuais ou especiais nas mostras escolmadas.

### **11.4.1.- VALORACIÓN DA MOSTRA POR ELEMENTOS DA POSTA EN ESCENA**

A seguir analizamos os resultados obtidos na valoración dos diversos apartados que compoñen a posta en escena ou situación das mostras (cfr. G. 366). Como xa se entrevistou nos resultados por universidade, o elemento mellor valorado foi o “Decorado”, que obtivo a puntuación máxima (5) en 143 ocasións, seguida a certa distancia pola “Fotografía” (120), a “Planificación visual” (109) e a “Continuidade” (106). O resto dos elementos cinematográficos e audiovisuais presentes nas mostras presentaron uns resultados moderados, predominando o valor 4, con especial incidencia nos “Personaxes” (124), “Diálogos” (123) e “Guión” (121). O elemento con peor valoración foi a “Postprodución”, o único dos inqueridos nos que o valor predominante foi o 3 (97).

### 11.4.2.- VALORACIÓN ESPECÍFICA DE CADA MOSTRA

Analizando os resultados por mostra ofrecemos a relación de pezas ordenadas polo número de ocasións de categorías nas que a puntuación predominante foi a máxima (5) (cfr. G. 367-374). Temos, en primeiro lugar, *A nova aldea*, onde o 5 foi o valor máis repetido en 7 categorías, seguida d'*A meiga chuchona*, con 5 e *As cores do frío* e *Linguas cruzadas* con 4. No outro extremo da clasificación atopamos con menor número de votos favorables *León e Ohrido* e *Padre Casares*, nos que o 5 só foi o valor predominante nun elemento (“Dirección de actores” no caso de *León e Ohrido*; “Guión” no caso de *Padre Casares*). Os resultados descritos resultan rechamantes pois deitan unha relación inversa entre a dimensión económica e industrial dos proxectos e a súa valoración. Doutra maneira, se ollamos o orzamento das pezas mellor valoradas *A nova aldea* (sen datos concretos de financiamento, mais de factura televisiva modesta), *A meiga chuchona* (7.960€) e *As cores do frío* (producido por unha escola de imaxe e son sen subsidios directos para a fita) e o comparamos coas peor valoradas, *León e Ohrido* (1.200.000€) e *Padre Casares* (Serie emitida en *prime time* na Televisión de Galicia), veremos que se produce unha relación inversa entre o orzamento das pezas e a súa aceptación na poboación de referencia.

Iniciamos agora a descrición minuciosa dos valores acadados na valoración de cada unha das mostras, ordenadas de maior a menor polo número de elementos nos que o 5 foi a nota predominante. Encabeza a clasificación, como xa vimos, *A nova aldea*, onde destacan os apartados “Fotografía” e “Decorado”. Ao tratase dun documental televisivo gravado no rural é posible que estes elementos se confundan coa paisaxe, ou emprazamento, ao non haber un decorado como tal, na concepción do filme.

A segunda peza por grao de valoración sería *A Meiga Chuchona*, onde destacan especialmente as categorías referentes a “Banda Sonora” e “Decorado”. En terceiro lugar sitúase sorprendentemente “Postproducción”, elemento que fica no final da lista de valoración global dos elementos da posta en escena. O feito de que se trate da única peza de animación, na que os efectos visuais son primordiais, foi valorado de maneira moi positiva pola poboación de análise.

Na parte inferior do cadro destaca *Padre Casares*, onde só tivo unha valoración netamente positiva o “Guión” mais con notas mediocres naqueles elementos máis relacionados coa linguaxe visual: “Montaxe”, “Fotografía”. No caso de *León e Ohrido* acadou unha boa acollida a “Fotografía” e a “Dirección de actores”, mais resentíuse en aspectos como a “Postproducción”, a “Banda sonora” ou a “Montaxe”.

## **12.- RESULTADOS DO PROXECTO**

### **12. 1.- CONCLUSIÓNS**

A lusofonía, como espazo-proxecto para a circulación e o intercambio de produtos da comunicación e da cultura, configura unha comunidade imaxinada multicultural.

Os indicios da boa receptividade que, por parte dos colectivos que participaron na pesquisa, acadaron as mostras de filmes e pezas audiovisuais en lingua galega, poden xeneralizarse para amplos sectores sociais, de accederen estes á información e á demostración/visión da produción cinematográfica e audiovisual.

O obxectivo de facer Galiza visíbel nesa identidade multicultural pasa pola contorna, pola idea do próximo, e polos medios de comunicación. O devandito require a produción e distribución de mensaxes e bens que resulten atráentes para outros integrantes desa comunidade. A partir do estudo de recepción obsérvase que é a PAZ un dos valores centrais cos que se identificaron os participantes, ademais de detectar como preocupación social o deterioro medioambiental e as eivas no sistema educativo.

En canto aos bens cinematográficos de consumo preferente na área lusófona cómpre salientar a convivencia de produtos que teñen a súa orixe no mercado anglosaxón con producións nacionais. Neste senso, resultaría de grande interese conseguir ampliar a marca “nacional” cara unha marca multi-nacional, de maneira que nela tivera cabida calquera produción do espazo lusófono, é dicir, cara un eido xeo-lingüístico, non só no relativo ás películas senón tamén para os espazos televisivos. Exemplos deste tipo de experiencias de colaboración plurinacional noutros ámbitos da produción cultural, como son, no eido musical, as experiencias de “Cantos na Maré” ou “Cores do Atlántico”, corroboran esta tendencia.

Se unha das características da comunidade lusófona é a súa grande dispersión xeográfica, que inclúe comunidades en catro dos cinco continentes, e se isto crea dificultades tocante á accesibilidade a contidos audiovisuais, tamén é certo ca Internet pode servir como plataforma de difusión e como punto de contacto cos ditos contidos. Tendo isto de parte, un aspecto a abordar é, precisamente, o deseño e creación de produtos para a Rede.

Otras liñas de actuación que axudarían a romper as barreiras de circulación dos produtos culturais dentro da comunidade lusófona son:

- O subtítulado dos produtos audiovisuais (ou tradución, no caso dalgunhas obras escollidas) para facilitar unha correcta comprensión do audiovisual galego na Lusofonía.
- A procura dunha xanela estábel para produtos televisivos
- Incentivar os festivais cinematográficos e a presenza nas sás.

Remarcamos que a partir do estudo de recepción desenvolvido pódese extrapolar como Constructor un grupo de clase media, urbana e con formación universitaria, e canda el discernir unha serie de dominantes a respeito dos consumos culturais, a apertura ao outro, a sensibilidade para a diversidade lingüística e a posibilidade para artellar novos espazos de intercambio.

Unha das principais recomendacións que devalan dos resultados da pesquisa é que a visibilidade da produción cultural en lingua galega pasa por establecer Programas concretos, a curto e medio prazo, coa Lingua como elo de unión. Estes programas poderán concretarse en Mostras, Ciclos e Lugares que deben dárense a coñecer a traveso da Rede e dos Medios de Comunicación convencionais, podendo servir tamén como instrumento de diplomacia cultural.

No ámbito institucional, é fundamental establecer Lugares para a visibilidade da produción cinematográfica e audiovisual en lingua galega, tais como:

- A creación dun posible Instituto Rosalía en cidades como Bahia, Sao Paulo, Porto ou Luanda.
- Acordos de programas culturais bilaterais, incluídas as televisións públicas
- A presenza estábel en festivais e mercados.

No eido empresarial, e concretamente tomando como referencia ás empresas parceiras do proxecto:

- TVG: dentro da súa web incluír o espazo lusófono con carácter de proximidade e establecer liñas de negocio orientado a ese espazo como o caso da coprodución (unha experiencia previa foi a coprodución con RTP portuguesa de *Conexión*) ou visibilizar actividades centradas nesta área (serie documental *Terras de acolá*). Ademais de avaliar a produción conxunta de documentais sobre temas e preocupacións comúns, por exemplo medioambientais, folk, literatura ou o inesgotábel Camiño de Santiago.
- Cinemar: pensar nesta área como espazo de negocio que xustificaría unha liña orientada á subtitulaxe xa que en Galiza aínda non se desenrolou esta pola empresarial.

- Galaxia/Merlín comunicación: demostrase que a literatura segue a ser a icona central dunha cultura e confirmase a receptividade para a animación.
- Bren Entertainment: aprofundar nas posibilidades derivadas do bo acollemento da animación.

Cómpre, asimesmo, sinalar que estas tres últimas empresas –Cinemar, Merlín, Bren– teñen como principal cliente a TVG, polo que todo o que se lle aplica á TVG sería aplicábel para elas.

Finalmente, tamén a decisión de situarmos o caso da circulación do audiovisual en lingua galega como nó organizador para alén de marcármonos como obxectivo nuclear a localización, a partir do estudo da recepción de mostras-modelo, das barreiras lingüísticas, culturais ou políticas que seguen a frear estes bens culturais no espazo lusófono, fixo que optáramos pola aplicación das novas tecnoloxías e as redes sociais ao proceso investigador e, en así facéndoo, xeramos unha práctica que significou o establecemento dunha rede virtual pioneira na partilla de coñecemento no ciberespazo lusófono.

Secomasí, o proxecto incorporou unha intranet de xestión específica que permitiu a relación entre os membros da equipa, así como o contacto cos universos de recepción das universidades colaboradoras, ademais do intercambio de datos e material científico,

Nesta liña, a pesquisa contribuiu á existencia de espazos tecnolóxicos e sociais abertos ao debate e ao intercambio de información que, no marco dos novos dereitos emerxentes nos que se sitúa a accesibilidade da comunicación, facilitan a construción de consensos, de imaxinarios colectivos, materializan a participación e colaboran coa cidadanía a través da creación de redes sociais.

A investigación explorou, asemade, os beneficios que comportan cuestións de tipo identitario en tanto que activos para a configuración da mundialización e aprofundou no coñecemento da industria audiovisual como dinamizadora da diversidade cultural e a alfabetización dixital.

## **12.2.- PRODUCCIÓN CIENTÍFICA XERADA**

### **12.2.1.- ARTIGOS CIENTÍFICOS EN REVISTAS INTERNACIONAIS**

CAMPOS FREIRE, Francisco & LÓPEZ CEPEDA, Ana (2009): “Estrutura e penetración dos medios dixitais no espazo de Lusofonia” in Anuário Internacional de Comunicaçã Lusófona, Braga, LUSOCOM – Federaçã Lusófona de Ciências da Comunicaçã, pp. 175- 192

ISSN: 1807-9474

ISBN: 978-9898377-13-5

GOMEZ VIÑAS, Xan; PAZ ALENCAR, Amanda; ROCA BAAMONDE, Silvia; RODRÍGUEZ VÁZQUEZ, Ana Isabel e SALGUEIRO SANTISO, María (2010): “Iniciativa da pesquisa no ciberespazo lusófono” in Anuário Internacional de Comunicaçã Lusófona, Braga, LUSOCOM – Federaçã Lusófona de Ciências da Comunicaçã, pp. 137-155

ISSN: 1807-9474

ISBN: 978-9898377-13-5

CAMPOS FREIRE, Francisco & PEREIRA-FARIÑA, Xosé (2010): “Cartografía do ciberespazo dixital e indicadores mediáticos da lusofonía” in Anuário Internacional de Comunicaçã Lusófona, Braga, LUSOCOM – Federaçã Lusófona de Ciências da Comunicaçã, pp.71-98

ISSN: 1807-9474

ISBN: 978-9898377-13-5

### **12.2.2.- ARTIGOS CIENTÍFICOS EN REVISTAS NACIONAIS**

LEDO ANDIÓN, Margarita (2009): “ O(s) sentido(s) da relación Galiza-Países Lusófonos” in GRIAL - Revista Galega de Cultura, nº 184, Tomo XLVII, Editorial Galaxia, pp.69-75

### **12.2.3.- ARTIGOS EN REVISTAS DE DIVULGACIÓN**

PÉREZ PEREIRO, Marta (2010) “O escenario dixital: novas oportunidades, mesmos tópicos” in Informe Galicia 2010; Tempos Novos, Atlántica de Información e Comunicación de Galicia, S.A, pp. 244-246

ISBN: 978-84-614-1707-0

### **12.2.4.- LIBROS, CAPÍTULOS DE LIBROS E MONOGRAFÍAS**

LEDO ANDIÓN, Margarita (2011): “Communication, citizenship and Lusophony: rethinking difference” in Communication and citizenship, rethinking crisis and change, Braga, Centro de Estudos de Comunicação e Sociedade, Universidade do Minho, pp. 93-109

ISBN: 978-989-8377-15-9

LEDO ANDIÓN, Margarita (2010): “Medios e identidade” in Políticas de Comunicação e da cultura: contribuições acadêmicas e intervenção social, Sao Paulo, Sociedade Brasileira de Estudos Interdisciplinares da Comunicação- Intercom, pp.193-206

ISBN: 978- 85982056643

LEDO ANDIÓN, Margarita (2010): “ O(s) sentido(s) da relación Galiza-Países Lusófonos” in Teorías e Prácticas dos media: Situando o Local no Global, Lisboa, Edições Univeristárias Lusófonas, pp.11-22

ISBN: 978-972-8881-84-9

LEDO ANDIÓN, Margarita (2010): “La variante lusófona” in Cultura latina y revolución digital: matrices para pensar el espacio iberoamericano de comunicación, Barcelona, Gedisa Editorial, pp.95-129

ISBN: 978-84-9784-590-8

PÉREZ PEREIRO, Marta: “Utopian identity in Galician Television programming. Nostalgia as ideology in the series the television de Galicia” In Contemporary Galician

Studies: Between the local and the global, Nova York, Editorial Modern Language Association (próxima publicación)

RODRÍGUEZ VÁZQUEZ, Ana Isabel; ROCA BAAMONDE, Silvia e GÓMEZ VIÑAS, XAN (2010): “Lusofonía, interactividad e interculturalidad. Detección de barreras en la circulación de productos del audiovisual gallego”. Actas II Congreso Internacional Latina de Comunicación Social-Universidad La Laguna: La comunicación social, en estado crítico. Entre el mercado y la comunicación para la libertad, Tenerife, Universidad La Laguna.

ISBN: 978-84-938428-0-2

PÉREZ PEREIRO, Marta & ROCA BAAMONDE, Silvia (2010): “Plastic made eyes. Un modelo de coproducción cinematográfica digital para universidades europeas”, Actas Congreso AE-IC 2010: Comunicación y desarrollo en la era digital, Málaga, Universidad de Málaga.


ISBN: 978-84-614-2818-2

PÉREZ PEREIRO, Marta (2010): “Outras voces, outros ámbitos. Audiovisual en Galicia no período 2007-09” in A comunicación en Galicia, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega.


ISBN:978-84-92923-00-7

## 13.- ANEXOS.


G.1.- Distribución da poboación por centro de procedencia




G.2.- Distribución da poboación por país de procedencia




G.3.- Distribución da poboación por sérxes




G.4.- Distribución da poboación por grupos de idade




G.5.- Distribución da poboación por número de habitantes




G.6.- Distribución da poboación por nivel de estudos








G.7.- Distribución da poboación por status social









G.8.- Distribución da poboación por profesión



































































































**G. 82.-PROCEDENCIA DOS FILMES PREFERIDOS POLOS USUARIOS.  
POBOACIÓN: UJFA**




**G. 83.-PROCEDENCIA FILMES PREFERIDOS POLOS USUARIOS.  
POBOACIÓN: UBI**







G. 85.-SOPORTES DOS FILMES PREFERIDOS POLOS USUARIOS.  
POBOACIÓN: TOTAL




G. 86.-SOPORTES DOS FILMES PREFERIDOS DOS USUARIOS.  
POBOACIÓN: PUCRS




G. 87.-SOPORTES DOS FILMES PREFERIDOS POLOS  
USUARIOS. POBOACIÓN: UFBA





G. 88.-SOPORTES FILMES PREFERIDOS POLOS USUARIOS.  
POBOACIÓN: UBI




G. 89.-SOPORTE DOS FILMES PREFERIDOS POLOS USUARIOS.  
POBOACIÓN: ULGB

















G. 99.-PROCEDENCIA FILMES LUSÓFONOS MENCIONADOS POLOS USUARIOS.  
POBOACIÓN: ULGB
































































































































































































































































































**G. 346.- PREDOMINIO DE IDADE DO PROTAGONISTA DA MOSTRA: A MEIGA CHUCHONA.**




**G. 347.- PREDOMINIO IDADE PROTAGONISTAS DA MOSTRA: A NOVA ALDEA.**




**G. 348.- PREDOMINIO IDADE PROTAGONISTAS DA MOSTRA: AS CORES DO FRÍO.**




**G. 349.- PREDOMINIO IDADE PROTAGONISTAS DA MOSTRA: AS ENCROBAS, A CEO ABERTO.**




**G. 350.- PREDOMINIO IDADE PROTAGONISTAS DA MOSTRA: CONEXIÓN.**




**G. 351.- PREDOMINIO IDADE PROTAGONISTAS DA MOSTRA: LEÓN E OLVIDO.**











**G. 352.- PREDOMINIO IDADE PROTAGONISTAS DA MOSTRA: LINGUAS CRUZADAS.**



**G. 353.- PREDOMINIO IDADE PROTAGONISTA DA MOSTRA: PADRE CASARES.**





## 14.- BIBLIOGRAFÍA DA INVESTIGACIÓN

AGUILAR, Luís (2005): “Luso-Afonias e Cultura da Língua Portuguesa”, Recife, In Continente, nº 29.

ALMEIDA, Onésimo (2003): “A Propósito de Lusofonia: O que a Língua não é, Ponta Delgada”, In Saber, nº 47.

ARGULLOL, Rafael, “Imagen, palabra, saber. El educador contra el comunicador”, conferencia impartida en el CCG, Santiago de Compostela, 18 de junio de 2009

AZEVEDO FILHO, Leodegário (1983): *História da Literatura Portuguesa - Volume I: A Poesia dos Trovadores Galego-Portugueses*, Rio de Janeiro, Edições Tempo Brasileiro.

BALTRUSCH, Burghard (2009): “Galiza e a Lusofonía – unha tradución entre a miraxe e a utopía”, in Galicia 21, Issue A, 2009.

BRITO, Regina (2003): *Língua e Identidade no Universo Lusófono. Aspectos de Timor-Leste e Moçambique*, Braga, Centro de Estudos de Comunicação e Sociedade, Universidade do Minho (pré-publicação).

BRITO, Regina & MARTINS, Moisés de Lemos (2004): “Considerações em torno da relação entre língua e pertença identitária em contexto lusófono”, in *Anuário Internacional de Comunicação Lusófona*, n. 2, São Paulo, LUSOCOM – Federação Lusófona de Ciências da Comunicação, pp. 69-77.

CARDOSO, Pedro (2004): *Atlas da Lusofonia*, Lisboa, Prefácio.

CASTELO, Cláudia (1998): “O Modo Português de Estar no Mundo”. *O Lusotropicalismo e a Ideologia Colonial Portuguesa (1936-1961)*, Porto, Afrontamento.

CASTRO, Ivo, “Galiza no espaço cultural e simbólico da lusofonia” in *GRIAL*, revista galega de cultura, núm.180, outubro-novembro-decembro 2008, Tomo XLVI

COLECTIVO (2005): *Lusografias*, Lisboa, Instituto Piaget. Ferreira, Carlota e outros (1994): *Diversidade do Português do Brasil: Estudos de Dialectologia Rural e Outros*, Salvador, Universidade Federal da Bahia.

CHACON, Vamireh (2002): *O Futuro Político da Lusofonia*, Lisboa, Verbo.

FARACO, Carlos Alberto (2009) “A encruzilhada da lusofonia”. In *I Simposio internacional ECOLINGUA. Vigo-Galiza*, IGEA-Instituto Galego de Estudos Europeos e Autonómicos.

FERREIRA FERNANDES, Mário Assis (2006): “A vitalidade da Lusofonia”, in Revista Portuguesa de Ciências do Desporto, vol.6 no.1 Porto Jan. 2006.

HERNÁNDEZ SAMPIERI, Roberto (et al.) (2003) Metodología de la investigación, México: McGraw–Hill.

JENSEN K., Jankowski, N. (eds.) (1993) Metodologías cualitativas de investigación en comunicación de masas, Barcelona: Bosch.

LEDO ANDIÓN, Margarita (2010) “O(s) sentido(s) da relação Galiza-Países lusófonos” en Revista Teorias e práticas dos Media: Situando o Local no Global, 11-22, Edições Universitárias, Cláudia Alvarez e Manuel José Damásio (eds.). Lisboa.

LOURENÇO, Eduardo (1978): O Labirinto da Saudade. Psicanálise Mítica do Destino Português, Lisboa, Dom Quixote.

LOURENÇO, Eduardo (1983): “Crise de identidade ou ressaca ‘imperial?’”, in Prelo, Lisboa, Imprensa Nacional-Casa da Moeda, pp. 15-22.

LOURENÇO, Eduardo (1984) [1961]: “A propósito de Freyre (Gilberto)”, in Ocasionais, I, Lisboa, A Regra do Jogo, pp. 105-112.

LOURENÇO, Eduardo (1999): A Nau de Ícaro seguido de Imagem e Miragem na Lusofonia, Lisboa, Gradiva.

MANUEL BAPTISTA, Maria (2000): “O conceito de lusofonia em Eduardo Lourenço: Para além do Multiculturalismo ‘Pós-humanista’”,  
<http://sweet.ua.pt/~mbaptista/toppage1.htm>

MANUEL BAPTISTA, Maria (2006): “A lusofonia não é um jardim ou da necessidade de ‘perder medo às realidades e aos mosquitos’”, in Ellipsis, Vol. 4, pp. 99-129.

MARGARIDO, Alfredo (2000) “Lusofonia e os Lusófonos: Novos Mitos Portugueses” [reseña], in Mana, vol.8 no.1, Rio de Janeiro, Abril 2002.

MARTINS, Moisés de Lemos (1990): O Olho de Deus no Discurso Salazarista, Porto, Afrontamento.

MARTINS, Moisés de Lemos (1996): Para uma Inversa Navegação. O Discurso da Identidade, Porto, Afrontamento.

MARTINS, Moisés de Lemos (2001): “O discurso da identidade: O local, o regional e o

nacional”, in Discursos. Língua, Cultura e Sociedade, Número especial: Actas do Colóquio “Uma Tensão entre o Global e o Local”, Lisboa, Universidade Aberta, pp. 89-95.

MARTINS, Moisés de Lemos (2002): *A Linguagem, a Verdade e o Poder. Ensaio de Semiótica Social*. Lisboa, Fundação Calouste Gulbenkian / Ministério da Ciência e Tecnologia.

MATTELART, Armand, *Geopolítica de la Cultura*, LOM, Santiago de Chile, 2002

MATTOS E SILVA, Rosa (1994): *O Português Arcaico - Morfologia e Sintaxe*, São Paulo, Contexto.

MONTEAGUDO, Henrique “Outra Volta na Procura da Recendente Pantera? O Acordo Normativo de 2003 Antecedents e Perspectivas” in *Anuário Internacional de Comunicação Lusofona*, Vol.2, núm.1, 2004

MORBAY, Jorge (2008): “A lusofonia em festa”, in *Sexta* (31.10.2008), p. 10.

MOREIRA, Adriano & VENÂNCIO, José Carlos (2000): *Luso-tropicalismo. Uma Teoria Social em Questão*, Lisboa, Vega.

ROBINS, Kevin.- “El reto de las diversidades transculturales”, in *Revista CIDOB d’affers internacionals*, 82-83, Fundació CIDOB, septiembre, 2008, Barcelona. ISSN 1133-6595

ROBINS, Kevin (2008) “El reto de las diversidades transculturales”, en *Revista CIDOB d’affers internacionals*, 82-83, Fundació CIDOB, septiembre, 2008, Barcelona. ISSN 1133-6595

SINCLAIR, John (2000) *Televisión : comunicación global y regionalización*. Barcelona: Gedisa.

SOUSA, Helena (2000): “Os media ao serviço do imaginário: uma reflexão sobre a RTP Internacional e a Lusofonia”, in *Comunicação e Sociedade*, n. 2, Braga, NECS, pp. 305-317.

SOUSA, Helena (2005): “La incorporación del concepto de «Lusofonía». El caso de los canales internacionales RTP”, in *Anuario Ininco*, v.17 n.2, Caracas, xullo 2005.

UNESCO (2008): *Indicadores de Desarrollo Mediático: Marco para evaluar el desarrollo de los medios de comunicación social*.

<http://unesdoc.unesco.org/images/0016/001631/163102s.pdf>

VALE DE ALMEIDA, Miguel (2008): “O complexo colonial portugués”, in Sexta (31.10.2008), p. 10-11.

VALLES, M. S. (1997) Técnicas cualitativas de investigación social. Reflexión metodológica y práctica profesional, Madrid: Síntesis.

WALTER, Henriette (1994): A Aventura das Línguas do Ocidente - A sua Origem, a sua História, a sua Geografia, Lisboa, Terramar.

WIMMER, R. & D. / DOMINICK, J. R. (1994) Mass Media Research: An Introduction, Belmont (California): International Thompson Publishing.